


ANÁLISE, DATOS E RECOMENDACIÓNS PARA O RECOÑECIMENTO DA DIVERSIDADE EN GALICIA

Foro Identidades e Disidencias Sexuais
2022/2023







Consello da Cultura Galega

**Comisión Técnica de Coordinación
do Foro Identidades e Disidencias
Sexuais**

Carme Adán, coordinadora
Daniela Ferrández, membro
Enrique Latorre, membro
Marta Lois, membro

Equipo facilitador

Arabías S. Coop. Galega
Rexenerando S. Coop. Galega

Equipo redactor

Carme Adán, coordinadora
Daniela Ferrández
Enrique Latorre
Marta Lois
Beatriz López Rey
Martín Vázquez Añel

Revisión lingüística

Beatriz Fariñas

Deseño e maquetaxe


Raquel Boo

Imprime:

Tórculo Comunicación Gráfica

ISBN 978-84-17802-55-4

D.L.: C 992-2023

The background of the page consists of several diagonal stripes of different colors, including shades of pink, orange, yellow, green, blue, and purple, creating a rainbow effect.

ANÁLISE, DATOS E RECOMENDACIÓNS PARA O RECOÑECEMENTO DA DIVERSIDADE EN GALICIA

Foro Identidades e Disidencias Sexuais
2022/2023

ÍNDICE

0	INTRODUCCIÓN	9
1	ANTECEDENTES	13
	1.1. Memoria en Movemento	15
	1.2. Rachar co silencio é un acto de creación: Pensar con Orgullo	16
	1.3. Divulgar para recuperar a voz	17
2	PLANIFICACIÓN E PROCESO DE DESEÑO DO FORO	19
	2.1. Fases	22
	Fase 0. Deseño metodolóxico e presentación do foro	
	Fase 1. Exploración e delimitación das grandes liñas temáticas	
	Fase 2. Desenvolvemento das mesas de traballo temáticas	
	Fase 3. Mesa transversal arredor das violencias LGBTfóbicas	
	Fase 4. Mesa de contraste	
	Fase analítica	
	2.2. Enfoque metodolóxico	24
	2.3. Temáticas do foro	26
	2.4. Participantes no foro	34
	Equipo de traballo	
	Participantes nas mesas	
	2.5. Desenvolvemento das mesas de traballo	38
3	RADIOGRAFÍA DA SITUACIÓN: ANÁLISE, DIAGNOSE E RECOMENDACIÓNS	43
	3.1. Eixe 1. A participación pública das asociacións LGBT+ galegas	44
	3.2. Eixe 2. A diversidade sexual e de xénero en Galicia no eido da produción cultural	56
	3.3. Eixe 3. Investigación, pensamento e memoria viva da diversidade	64
	3.4. Eixe 4. Educación	74
	3.5. Eixe 5. Deportes	84
	3.6. Eixe 6. Sanidade e servizos sociais	92
	3.7. Eixe 7. Laboral	104
	3.8. Eixe 8. Violencias LGBTfóbicas	114
4	CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS	125
A	ANEXOS	133
	Mapa de axentes	134
	Glosario	136
	Cuestionario inicial	140
	Referencias bibliográficas	141

Eixe 1

A PARTICIPACIÓN PÚBLICA DAS ASOCIACIÓN LGBT + GALEGAS	44
Obxectivos marco e cuestións relevantes	46
Proceso	47
Diagnose cuantitativa	48
Diagnose cualitativa	52
Desafíos	54
Recomendacións	55

Eixe 2

A DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO EN GALICIA NO EIDO DA PRODUCCIÓN CULTURAL	56
Obxectivos marco e cuestións relevantes	58
Proceso	59
Diagnose	60
Desafíos	61
Iniciativas de referencia	62
Recomendacións	63

Eixe 3

INVESTIGACIÓN, PENSAMENTO E MEMORIA VIVA DA DIVERSIDADE	64
Obxectivos marco e cuestións relevantes	66
Proceso	67
Diagnose	68
Desafíos	70
Iniciativas de referencia	71
Recomendacións	72

Eixe 4

EDUCACIÓN	74
Obxectivos marco e cuestións relevantes	76
Proceso	77
Diagnose	78
Desafíos	80
Iniciativas de referencia	81
Recomendacións	82

Eixe 5

DEPORTES	84
Obxectivos marco e cuestións relevantes	86
Proceso	87
Diagnose	88
Desafíos	89
Iniciativas de referencia	90
Recomendacións	91

Eixe 6


SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS	92
Obxectivos marco e cuestións relevantes	95
Proceso	96
Diagnose	98
Desafíos	100
Iniciativas de referencia	101
Recomendacións	102

Eixe 7

LABORAL	104
Obxectivos marco e cuestións relevantes	106
Proceso	107
Diagnose	109
Desafíos	110
Iniciativas de referencia	111
Recomendacións	112

Eixe 8

VIOLENCIAS LGBTFÓBICAS	114
Obxectivos marco e cuestións relevantes	116
Proceso	117
Diagnose	119
Desafíos e necesidades	120
Iniciativas de referencia	121
Recomendacións	122



INTRODUCCIÓN

INTRODUCCIÓN

Este informe dá forma aos traballos realizados durante meses polo Foro Identidades e Disidencias Sexuais, que foi coordinado por unha comisión técnica temporal do Consello da Cultura Galega (CCG).



Mesa de violencias LGBTfóbicas, 15 de febreiro de 2023, no Consello da Cultura Galega

Ao foro encomendóuselle o labor de cartografar a realidade, a situación e as necesidades das persoas LGBT+ e de identificar as demandas fundamentais do colectivo para poder darlle unha resposta a través da creación de recursos, programas e servizos desde as políticas públicas. Polo tanto, foi concibido como un espazo de análise e participación, pioneiro en Galicia, co obxectivo xeral de actualizar a información sobre a realidade das persoas LGBT+ co horizonte transversal de contribuír a previr as condutas violentas contra o colectivo.

Optouse por unha metodoloxía activa, participativa e inclusiva. Esta metodoloxía permite desenvolver un proceso participativo formado por unha mostra representativa de todos os sectores que, dunha ou doutra maneira, están implicados na xestión, formación, educación, investigación e divulgación sobre a identidade sexual e a disidencia sexual. Empregáronse como compás da cartografía diferentes bloques temáticos elixidos polo seu interese, a través dos cales se exploraron as demandas e necesidades, así como os posibles retos de futuro das políticas públicas.


Dado que Galicia foi a primeira comunidade cunha lei propia, a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, mostrouse de grande importancia revisar o impacto concreto que tivo o texto no deseño de programas e recursos, así como a eventual modificación ou actualización desta lexislación.

O informe está estruturado en catro partes, aínda que dúas configuran o núcleo central desta cartografía. O primeiro apartado é un breve adro no que se dá conta dos antecedentes en que se enmarca este traballo, así como dunha breve explicación da escolla conceptual realizada na elaboración do informe. Deseguido, atopamos o segundo apartado, que plasma o proceso de planificación e deseño do foro. Esta parte máis metodolóxica mostra a estrutura deste longo proceso, que durou dezaioito meses, e traslada a este informe os resultados. Este apartado é importante para comprender como o

proceso de elaboración asumiu o mandato de dar forma á escoita, de aí o nome de *foro*. O terceiro apartado, que xunto co anterior forman o que consideramos núcleo central, está composto pola análise dos resultados das mesas de traballo, a recollida de datos e información e os debates e pescudas realizados polo equipo que asumiu o reto deste foro. Neste apartado, baixo o título «Radiografía da situación», dáse conta do estado da cuestión en cada un dos eixes temáticos elixidos. Para facilitar a lectura e comprensión, explícanse os obxectivos e explícase brevemente o proceso, para afondar na diagnose da situación e as propostas elaboradas en forma de desafíos. Nalgúns dos eixes, cando se considerou pertinente, introdúcense iniciativas de referencia que xa están en marcha e poden guiar o proceso de creación de servizos e recursos seguindo o seu exemplo. Por último, e antes dos anexos que pechan o texto, realízase unha pequena síntese a modo de conclusións e recomendacións finais.

Debemos poñer en valor o esforzo realizado por todas as persoas que participaron nas mesas e encontros, así como as súas achegas e propostas, porque contribuíron de maneira decisiva a solucionar a carencia de datos e información de calidade que aínda persiste a respecto da realidade das persoas LGBT+.

A todas elas, ás súas entidades ou ás institucións que representan queremos agradecerlles o seu tempo e a súa xenerosidade. Agardamos que este esforzo colectivo chegue ás portas axeitadas e mellore non só as políticas públicas, senón a vida das persoas e a sociedade galega no seu conxunto.



ANTECEDENTES

1.1.

Memoria en Movimento

1.2.

Rachar co silencio é un acto de creación: Pensar con Orgullo

1.3.

Divulgar para recuperar a voz

ANTECEDENTES

A incorporación da ollada LGBT+ ao CCG ten xa un percorrido importante. As propostas e traballos realizados pola Sección de Pensamento e o Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CDIF) no ámbito da documentación, reflexión e divulgación teñen contribuído a un achegamento á disidencia sexual desde a perspectiva galega. A cultura galega está chea de historias de resistencia e liberdade, en concreto as que viviron as persoas que non seguiron a norma sexual imperante contribuíron a construír un futuro máis xusto e libre. Nese senso, o traballo realizado neste foro forma parte dun percorrido máis amplo que pode sintetizarse nestes tres aspectos: arquivo, diálogo e divulgación.



Inauguración da exposición *Sen cancelas. Memorias do arco da vella en Galicia* no IES Rosalía de Castro, en Santiago de Compostela, xuño de 2022

1.1. Memoria en Movemento

Os arquivos son unha ferramenta imprescindible para a análise cultural e o coñecemento dos marcos epistémicos predominantes na sociedade. A noción actual dos arquivos como un espazo para construír a memoria colectiva, e non só como un repositorio, inspira a liña de traballo aberta polo CCG, desde 2019, destinada a recuperar, conservar, poñer en valor e difundir a documentación e os materiais elaborados por organizacións, grupos e colectivos político-reivindicativos, feministas, lesbianos, gais, transexuais, bisexuais e/ou *queer* que desenvolven os seus traballos e actividades desde puntos de vista críticos coas normas e lóxicas dos sistemas sexo-xenérico e socio-sexual dominantes en Occidente.

Estas organizacións prestan especial atención ás discriminacións en que se ven envoltas as persoas que non se axustan ás normas impostas. Discuten os tabús do patriarcado, o androcentrismo, o heterocentrismo ou o binarismo, traballan na procura dunha sociedade máis xusta e coas súas producións contribúen a un coñecemento máis axustado da realidade social.

Memoria en Movemento comprende na actualidade dous fondos especiais conectados entre si. Estes son:

Movemento Feminista Organizado en Galicia (MFOG)

Fondo Especial LGBTIQ+



Primeiros colectivos de liberación homosexual en Galicia. Vigo, 1977-1982

O primeiro comeza a se desenvolver a mediados do ano 2005 e céntrase nas diferentes organizacións identificadas cos feminismos en movemento en Galicia. O segundo actívase a finais de 2019 e ocúpase dos grupos e colectivos de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais ou *queer* con actividade en Galicia desde a década dos sesenta do século XX.

No proceso de recollida de materiais tense en conta a rede de relacións establecida polas organizacións. Na obtención e incremento dos fondos, as doazóns son a vía principal de entrada de materiais. Estes presentan unha tipoloxía ben variada: pancartas, carteis, documentación interna, dípticos, adhesivos, bandeiras, panos, publicacións periódicas, monografías, materiais de xornadas, encontros ou debates...

Na actualidade, estes materiais están dispoñibles para a súa consulta en sala, ao tempo que se está a traballar para a súa posta á disposición pública en Internet, se ben unha parte deles está xa en rede na páxina web do CCG, a través da publicación dixital *A Saia. Publicacións Periódicas Feministas e LGBTIQ+*.

1.2. Rachar co silencio é un acto de creación: Pensar con Orgullo

Desde o ano 2019 o CCG organiza unha xornada que, baixo o título Pensar con Orgullo, persegue cuestionar os conceptos herdados e descubrir novos réximes de verdade, máis alá das fronteiras do patriarado e as súas violencias.

Na súa primeira edición considerouse de especial interese analizar as contribucións das teorías *queer* e os estudos LGBTIQ+ ao descubrimento e construción de novas visións do mundo. Esta actividade en 2020, ano do inicio da pandemia e restricións, foi substituída por un debate en liña sobre a incidencia do confinamento nas persoas LGBTIQ+ por considerarse un tema prioritario. En 2021 o debate sobre as identidades, os corpos e a súa performatividade, así como tamén sobre as confrontacións que agroman nas relacións entre os feminismos e a teoría *queer*, centrou o núcleo da xornada. Este debate tivo continuidade no ano 2022, ao poñer o corpo e a súa falta de neutralidade no centro do debate. Agardamos que o informe que se desenvolve a continuación veña sumar ideas e propostas para ensanchar os nosos marcos epistémicos. Pensar sempre é un proceso colectivo de construción, e desde esta premissa realizamos algunhas das escollas conceptuais que atravesan o informe.

Este informe é un traballo debedor de transferencia do coñecemento dos debates e investigacións que hoxe están a desenvolverse en moitos espazos de reflexión e activismo, polo que consideramos necesario xustificar a utilización dalgúns termos.

Partimos da idea de que os conceptos son unha conquista, así que a maioría dos termos empregados implican unha escolla e, dese xeito, un posicionamento social e político.

En primeiro lugar, optamos por empregar no informe a sigla LGBT+ cando se fai referencia a resultados propios do proceso, sabedoras de que habitualmente se emprega a sigla LGBTI+. Baixo esta última agrúpanse as persoas que se identifican como lesbianas, gais, bisexuais, trans*, intersexuais etc. Na actualidade, estas siglas ampliáronse coa incorporación do Q en LGBTIQ+, para agrupar as persoas *queer* e incluír co signo + a gran variedade de identidades comprendidas dentro do colectivo, como por exemplo o A das persoas asexuais. Polo tanto, estas siglas engloban hoxe aquelas diversidade sexuais, de xénero e de corpos minoritarias que a sociedade considera que se afastan da cisheteronormatividade dominante. Logo de todo o proceso, podemos constatar que non hai ningunha referencia nin ás persoas intersexuais nin ás asexuais, polo que decidimos, en prol da honestidade, manter as siglas dos colectivos sobre os que se analiza a situación.

Así mesmo o foro, ao igual que a exposición *Sen cancelas*, emprega os termos *identidade* e *disidencia sexual* de xeito xenérico para marcar que toda etiqueta libera e constrinxen ao mesmo tempo. A diversidade sexual e de xénero é un exemplo da enorme riqueza nas formas de ser e de existir que representamos os seres humanos. Así, moitas veces, cando falamos de persoas que non son heterosexuais ou que son creativas co seu xénero, cometemos o erro de pensar que son un fenómeno recente que só existe na nosa cultura occidental, mais a realidade é ben diferente. A identidade e a disidencia sexuais son categorías amplas que permiten sinalar na dirección da diversidade e da necesidade de visibilizala, compartila e tela presente no deseño das políticas públicas.

Por último, optamos por empregar a expresión violencias LGBTfóbicas de xeito específico ao analizar a situación das violencias cisheteropatriarcais. Esta denominación foi asumida para a redacción do informe co obxectivo de recoller unha forma asentada nos textos internacionais e no dereito vixente. No apartado que de xeito monográfico recolle os datos das violencias esta escolla xustifícase máis polo miúdo.

Recuperar a memoria ou restablecer a historia non contada son formas de rachar cos silencios. Os silencios da sempre feble memoria, individual e colectiva, e os silencios impostos pola orde social patriarcal. En ambos os casos, igual de duros para construír unha cultura libre e diversa.

1.3. Divulgar para recuperar a voz

Coa cita que encabeza esta páxina comeza a guía didáctica *Sen cancelas. Memorias do arco da vella en Galicia*, un texto que se pode descargar da páxina web do CCG e que acompaña a exposición itinerante que leva o mesmo título.

A exposición *Sen cancelas. Memorias do arco da vella en Galicia*, comisariada por Daniela Ferrández e Enrique Latorre, percorre desde xuño de 2022 de xeito ininterrompido os centros educativos galegos. Esta exposición propón un percorrido polo noso propio arco da vella en Galicia e viaxa polo pasado e polo presente a bordo dalgunhas ideas e conceptos que deron forma á defensa dos dereitos e liberdades das persoas que non se axustaron á norma sexual e de xénero, aos estereotipos e aos valores sociais que nos precederon.

A gran demanda desta exposición e a súa boa acollida son unha mostra da importancia da investigación e a posterior visibilidade da disidencia sexual en Galicia.


Ter referentes propios, valorar as achegas dos colectivos e visibilizar o compromiso e as loitas, individuais e colectivas, forman parte da nosa cultura e da posta en valor da equiparación en dereitos e liberdades en todos os ámbitos da vida das persoas LGBT+.

O brillo do arco da vella é un efecto da luz. As súas cores chegan a nós a través da vista, para converterse nun artefacto de conciencia poderoso. Esta metáfora acompañou as mesas e os debates que frutifican neste informe do Foro Identidades e Disidencias Sexuais. Esta é a derradeira parada dun camiño que comezou moitos meses atrás e que ten como obxectivo xeral contribuír a un proceso de coñecemento para actuar e para transformar a sociedade. Indagar, investigar, arquivar e pensar a realidade son actos de activismo epistémico. O CCG agarda que este infor-

me sexa de utilidade e que os seus próximos camiños sexan tan expansivos como a propia natureza da luz.



Exposición *Sen cancelas. Memorias do arco da vella en Galicia* no Instituto Politécnico de Vigo, setembro de 2002, e nas Xornadas 2022 pola Diversidade Afectivo-Sexual e de Xénero en Vilalba, novembro de 2022



PLANIFICACIÓN E PROCESO DE DESEÑO DO FORO

2.1.

Fases

2.2.

Enfoque metodolóxico

2.3.

Temáticas do foro

2.4.

Participantes no foro

2.5.

Desenvolvemento das mesas
de traballo

PLANIFICACIÓN E PROCESO DE DESEÑO DO FORO

O Foro Identidades e Disidencias Sexuais tivo como punto de partida o deseño das sesións de traballo e a metodoloxía que lles daría forma. Entre os meses de marzo e xullo de 2022 a Comisión Técnica de Coordinación do Foro Identidades e Disidencias Sexuais reuniuse co equipo a cargo da facilitación para afinar as ferramentas concretas de traballo sobre as que se apoiaría o desenvolvemento do proceso de investigación.



Presentación do Foro e mesa de participación pública, 6 de xullo de 2022, no Consello da Cultura Galega

Incorporando a mirada da facilitación de grupos, o proceso incorporou ferramentas metodolóxicas sobre as que construír unha estrutura que apoiou a consecución dos obxectivos de investigación, coidado do benestar das diferentes persoas participantes, xerando un clima de confianza e seguridade e garantindo a coherencia e calidade do proceso.

Nestas sesións de traballo marcáronse os obxectivos. Desde este traballo de preparación e cos horizontes fixados, estableceuse a estrutura do traballo do foro, que derivou na delimitación de diferentes fases de traballo.

A primeira das fases centrouse na exploración de liñas temáticas. Este punto supuxo o inicio do proceso, no que participaron a meirande parte dos colectivos activistas do contexto galego. Esta fase de traballo foi fundamental para establecer as liñas temáticas que estruturarían o desenvolvemento do foro en canto a contidos.

Unha vez construído o esqueleto temático do proceso, a segunda fase de traballo centrouse no desenvolvemento de oito mesas de traballo nas que aprofundar sobre diferentes ámbitos sectoriais a partir da escoita dun abano de voces diversas, apoiadas por ferramentas da investigación e innovación social.

A terceira fase de traballo consistiu no desenvolvemento dunha mesa cun carácter transversal na que se aprofundou sobre as violencias LGBTfóbicas desde diferentes miradas: a prevención e sensibilización, a intervención, o acompañamento posterior etc.

Como peche do proceso participativo apostouse pola creación dunha mesa de contraste na que se presentaron os resultados preliminares a unha escolla de persoas con contrastada experiencia e coñecemento nos diferentes ámbitos temáticos abordados.

OBXECTIVOS

A

LIÑAS TEMÁTICAS

Definir a proposta de liñas temáticas, que se completará nun espazo inicial cos colectivos e entidades LGBT+, que estruturarían o proceso.

B

METODOLOXÍA

Esbozar a metodoloxía de traballo e as diferentes ferramentas de investigación por desenvolver.

C

CRONOGRAMA

Debuxar un cronograma de traballo no que definir o conxunto do proceso e marcar as datas das diferentes mesas.

D

MAPEAMENTO DE AXENTES RELEVANTES

Construír colaborativamente un mapeamento de axentes relevantes, informantes chave para cada unha das liñas temáticas, desde diferentes ámbitos: administracións e institucións públicas con competencias no ámbito en cuestión, entidades e/ou profesionais relevantes e persoas dos colectivos e activismos LGBT+.

PLANIFICACIÓN E PROCESO DE DESEÑO DO FORO


2.1. Fases



FASE 0

Deseño metodolóxico e presentación do foro

- Conformación da comisión técnica
- Constitución do equipo de traballo
- Mapeamento inicial de temáticas
- Identificación de axentes chave
- Presentación pública do Foro Identidades e Disidencias Sexuais



FASE 1

Exploración e delimitación das grandes liñas temáticas coa participación dos colectivos e activismos LGBT+

A primeira das fases comezou co deseño e envío dun cuestionario inicial aos colectivos LGBT+, no que se abordaban preguntas exploratorias arredor dunha proposta de liñas temáticas. A información recadada neste formulario foi fundamental para afinar e deseñar os obxectivos e as preguntas de investigación das mesas de traballo temáticas da fase posterior. Así, esta primeira fase culminou coa análise exploratoria dos resultados do devandito cuestionario e coa delimitación, sobre estas primeiras conclusións, das grandes liñas temáticas que guiarían o proceso.



FASE 2

Desenvolvemento das mesas de traballo temáticas

O núcleo do foro, o centro do proceso, materializouse a través dunha serie de mesas temáticas. Tras a delimitación na fase previa das liñas temáticas (participación pública, sanidade, educación, servizos sociais, laboral, cultura, memoria e pensamento, e deporte), o deseño metodolóxico despregou os recursos precisos para a convocatoria e escoita activa das achegas de axentes chave cun perfil diverso, co desenvolvemento de dez espazos de diálogo e investigación participativos.

PARTICIPACIÓN PÚBLICA
CULTURA
MEMORIA E PENSAMENTO
EDUCACIÓN
DEPORTES
SANIDADE
SERVIZOS SOCIAIS
LABORAL
VIOLENCIAS LGBTFÓBICAS
CONTRASTE

20
22

MARZO - XUÑO DE 2022

XULLO DE 2022

XULLO DE 2022 - MARZO DE 2023



FASE 3

Realización dunha mesa transversal arredor das violencias LGBTfóbicas

Dada a necesidade de abordar de forma expresa a cuestión das violencias LGBTfóbicas nas súas diferentes dimensións (estrutural, cultural e directa), presente de forma transversal nos diferentes ámbitos de traballo abordados polo foro, realizouse unha mesa de traballo específica. Desde a consciencia da complexidade da abordaxe deste tema, este espazo contou cun desenvolvemento metodolóxico diferenciado e incorporou as voces do conxunto de axentes que interveñen no proceso das violencias: prevención e sensibilización, intervención, acompañamento posterior etc.


MARZO DE 2023



FASE 4

Presentación das grandes conclusións do proceso nunha mesa de contraste

Como peche do proceso participativo, convocouse unha mesa desde a que compartir as conclusións preliminares da investigación. Como unha sorte de colofón do traballo de campo, este espazo contou coa participación e as achegas de persoas reconecidas nos seus respectivos ámbitos, que validaron o exposto e sumaron información relevante ao proceso de elaboración do informe final.



FASE ANALÍTICA

Procesamento de información

Construción do informe final

Presentación do informe na xornada

PENSAR CON ORGULLO IV

2023

ABRIL - XUÑO DE 2023

2.2. Enfoque metodolóxico

Un dos obxectivos principais do Foro Identidades e Disidencias Sexuais foi a identificación e mellora do coñecemento existente sobre as políticas públicas, programas e accións en marcha, tanto transversais como específicas, dirixidas a dar resposta ás necesidades das persoas LGBT+ galegas, dando conta dos recursos e servizos públicos nesta materia. A maiores deste proceso de mapeamento, a investigación explorou as grandes necesidades e demandas existentes da man das propias entidades e activismos LGBT+ e dunha ampla mostra de axentes de diversos sectores, que definiron colectivamente os retos ou desafíos aos que, sobre os baleiros detectados, as políticas deberían dar resposta.

Outro obxectivo deste proceso pioneiro, enunciado xa desde a propia escolla do seu nome, foi o de abrir un espazo de diálogo; un lugar de encontro para as diferentes persoas con experiencia, responsabilidade, información autorizada e interese na mellora do benestar e a calidade de vida das persoas LGBT+ de Galicia; unha oportunidade para a investigación participativa, pero tamén para o tecido dunha potencial rede de colaboración, o establecemento de alianzas ou simplemente o intercambio cara a cara de visións e propostas.

A metodoloxía de traballo escollida partía da premisa de que para conseguir os ditos propósitos era necesario escoitar tanto as administracións e institucións con competencias na materia como as voces minorizadas, disidentes e diversas, como fonte lexítima de coñecemento.

Así, o foro aposta por un modelo participativo inspirado na innovación social democrática, é dicir, aquel

que funciona desde abaixo e que pon no centro da definición do proceso as entidades e activismos LGBT+, sen obviar aqueles axentes que desempeñan un papel importante nos diferentes ámbitos temáticos por abordar.

Deste modo definiuse un novo obxectivo para este informe, no que se partiu do coñecemento xerado polos activismos e pola diversidade de axentes que participaron. Escoitar as voces diversas permitiu xerar unha liña de base que parte da complexidade da propia realidade, así como tamén da multiplicidade de prismas e visións. Soamente desta maneira é posible construír novos discursos: a partir da inclusión de múltiples voces, favorecendo a expresión daquelas que teñen menos oportunidades para facerse oír. Así, a calidade do proceso do foro non só deriva da información recollida e dos resultados obtidos, senón tamén do coidado depositado no proceso de elaboración. Foi este un proceso construído a partir da creación de espazos no que os activismos e a multiplicidade de axentes que formaron parte del se converteron en actores de interlocución reais e válidos. Neste marco, o Consello da Cultura Galega asumiu a tarefa de prover recursos e espazos que facilitaron a interacción entre diferentes tipos de axentes (de corte institucional, do terceiro sector e dos activismos) e incentivaron a inclusión dunha multiplicidade de voces que achegaron riqueza aos resultados obtidos. Para lograr a participación de todos os axentes que formaron parte do foro foi fundamental o traballo desenvolvido de identificación e comunicación coas entidades, colectivos, profesionais e institucións.

Para deseñar e dinamizar o proceso participativo partiuse da creación de espazos de reflexión conxunta nos que primou a apertura e a flexibilidade, para crear así as condicións que permitisen que todas as voces fosen escoitadas, sen caer en tecnicismos que deixasen fóra a ningunha delas. Neste proceso foi fundamental fomentar a presenza equilibrada por tipo de axente e, ao mesmo tempo, incorporar pautas que puxesen consciencia sobre os múltiples papeis e diminuísen os desequilibrios de

poder, para que os espazos non fosen copados por determinados liderados, senón que todas as voces se sentisen lexitimadas para participar. Estes espazos convertéronse deste xeito en modelos de participación empoderantes e facilitaron que todos os axentes se sentisen cómodos para participar e sumar no proceso.

En última instancia, o obxectivo non foi xerar debates ou acadar consensos, senón máis ben crear espazos en que todas as voces puidesen compartir o que elas sentían como relevante. Este enfoque conecta moito cunha cuestión que sempre se tivo en conta: o posicionamento dos coidados no centro do proceso.

A metodoloxía de traballo sempre se viu atravesada por este elemento atendendo a dúas cuestións: por unha banda, dedicouse tempo e coidado á comunicación cos diferentes axentes para así garantir a transparencia do proceso e, pola outra, fíxose un esforzo consciente por facer do foro un espazo máis seguro para a diversidade, poñendo atención en non trasladar ao espazo de traballo comportamentos ou actitudes que reproducisen as violencias LGBTfóbicas, racistas, capacitistas etc. presentes na sociedade.

Con todo, o enfoque metodolóxico que atravesou o conxunto do proceso e as diferentes mesas de traballo realizadas apoiouse en varios principios básicos.

PRINCIPIOS BÁSICOS

A

PARTICIPACIÓN EN IGUALDADE

A participación en igualdade dunha diversidade de axentes con información relevante para a investigación, desde diferentes roles: desde as administracións e institucións con competencias e responsabilidades nos diferentes ámbitos abordados polo proceso ata activistas e persoas expertas con información chave relacionada coas súas experiencias en primeira persoa.

B

INCLUSIÓN

A inclusión das diferentes voces e perspectivas, tamén dentro do propio colectivo LGBT+.

C

CREACIÓN DUN ESPAZO DE ENCONTRO

A creación dun espazo de encontro, intercambio e diálogo entre institucións, entidades e persoas con obxectivos comúns relacionados coa mellora das condicións de vida da poboación LGBT+ galega.

D

CONSTRUCCIÓN ACTIVA E COLECTIVA

A construción activa e colectiva do coñecemento, sobre un proceso de ida e volta, resultado dun deseño en diferentes fases, desde a definición colaborativa cos colectivos e entidades LGBT+ dos temas que abordar ata unha mesa final de contraste na que diferentes persoas de referencia completaron os resultados preliminares do traballo e nutriron este informe coas súas achegas.

2.3. Temáticas do foro

Exploración e delimitación das grandes liñas temáticas

A exploración previa de liñas temáticas para definir o proceso foi realizada a través dun cuestionario que se enviou aos colectivos LGBT+ galegos. O obxectivo principal desta ferramenta foi presentar diferentes preguntas de investigación que encaixaban cos eixes temáticos que se definiron de partida para o proceso participativo. Deste xeito artellouse unha base sobre a que deseñar o funcionamento e as liñas temáticas sobre as que seguir afondando durante o proceso. Con todo, o foro arrancou compartindo unha proposta aberta de temas que abordar (sanidade, educación, laboral etc.) pero buscando ampliar a panorámica de asuntos de interese. Para completar esta estrutura, escoitar as voces dos colectivos era fundamental, e con esta vontade o deseño metodolóxico incorporou a súa participación activa neste momento, marcando así un punto de inicio desde o que artellar as liñas temáticas que funcionarían como guías do devir do proceso.

A continuación presentamos a información técnica do cuestionario que se enviou aos colectivos LGBT+.



INFORMACIÓN TÉCNICA

TÍTULO DO CUESTIONARIO

Foro Identidades e Disidencias Sexuais - Cuestionario inicial

UNIVERSO

Os movementos activistas LGBT+ galegos

TAMAÑO DA MOSTRA

17 colectivos

MÉTODO DE RECOLLIDA

Formulario en liña

PERÍODO DE RECOLLIDA

8 de xuño a 10 de xullo de 2022



Presentación do Foro e mesa de participación pública, 6 de xullo de 2022, no Consello da Cultura Galega

Tras a revisión e incorporación das achegas dos colectivos LGBT+ ao cuestionario, a relación de mesas temáticas para desenvolver foi a seguinte:




**PARTICIPACIÓN
PÚBLICA**



CULTURA



**MEMORIA E
PENSAMENTO**




EDUCACIÓN



DEPORTES



**SANIDADE E
SERVIZOS SOCIAIS**



LABORAL



**VIOLENCIAS
LGBTFÓBICAS**

Así mesmo, os resultados parciais do cuestionario foron presentados na introdución de cada unha das mesas temáticas organizadas, compartindo coas diferentes persoas participantes unha análise preliminar da opinión significativa, se non representativa, dos colectivos LGBT+ respecto dos diferentes temas que abordar.

Mesas de traballo temáticas

As mesas temáticas así definidas desenvolvéronse segundo a seguinte estrutura e dinámica de traballo:

A dinámica de traballo específica da mesa de participación pública comezou co deseño e envío dun cuestionario inicial aos colectivos LGBT+, co obxectivo de facer unha radiografía inicial do seu nivel e ámbito de actividade, así como doutras cuestións esencialmente relacionadas co traballo e creación de redes de colaboración e a súa participación en espazos de diálogo institucional. Sobre estes últimos, explorouse o seu nivel de satisfacción, as temáticas abordadas e propostas de mellora. Concretamente, este cuestionario previo foi respondido por 17 colectivos e afondou sobre os seguintes temas:

.....
Caracterización ou perfil da entidade ou colectivo LGBT+: ámbitos de actuación, recursos, proxectos e servizos en marcha etc.

Existencia de redes de traballo entre entidades e colectivos.

Participación en espazos institucionais: barreiras para a participación, suxestións de mellora etc.

.....
Participación na elaboración ou desenvolvemento de políticas públicas.

Xa na propia mesa, realizada presencialmente na sede do Consello da Cultura Galega, facilitouse un espazo de diálogo grupal a partir do que se afondou nestas cuestións previas.

A dinámica de traballo das restantes mesas de traballo temáticas dividiuse en tres momentos fundamentais. O traballo desenvolvido nestas mesas viu-se atravesado por unha perspectiva interseccional e incorporou en especial cuestións relacionadas coa idade das persoas destinatarias das políticas e coa desigualdade territorial no referido ao acceso a recursos e servizos.

DINÁMICA DAS MESAS

1

IDENTIFICACIÓN DE AXENTES

Tras a necesaria presentación do proceso e a contextualización, a sesión comezou por unha rolda de identificación de axentes ou actores que desempeñan ou deberían desempeñar un papel importante no ámbito temático de traballo. Deste xeito foise construíndo un mapa colectivo de axentes cos que contactar ou que ter en conta para pensar nas políticas públicas LGBT+ en Galicia (presentamos o devandito mapa de axentes no último apartado deste informe).

2

POLÍTICAS PÚBLICAS

Sobre ese mapa, construíuse colectivamente unha nova capa de información relacionada coas políticas públicas en materia LGBT+. Neste senso, convidouse as persoas participantes a pensar naqueles programas, proxectos, actividades ou accións dirixidos especificamente á poboación LGBT+ ou que teñan incorporada a perspectiva da diversidade sexual no seu deseño, desenvolvemento ou avaliación.

3

DINÁMICA EXPLORATORIA

Finalizamos a sesión cunha dinámica grupal guiada por preguntas exploratorias que tiñan como obxectivo afondar na definición e concreción daqueles retos ou dificultades que presenta o panorama das políticas públicas.

A continuación describimos as temáticas marcadas como base para identificar os retos ou dificultades que presenta o panorama das políticas públicas.

Temáticas na mesa de **PARTICIPACIÓN PÚBLICA**



A mesa de traballo de participación pública foi dinamizada a partir dun traballo grupal que derivou na identificación de retos relacionados con diferentes temas que foron definidos de partida:

Participación pública interna

Traballo en rede entre colectivos

Participación en espazos institucionais

Participación en procesos de elaboración de políticas públicas

Temáticas na mesa de **CULTURA**



A mesa de traballo de cultura foi dinamizada a partir dun traballo grupal que derivou na identificación de retos relacionados con diferentes temas que foron definidos de partida:

A incorporación da perspectiva LGBT+ nas institucións e empresas culturais, así como a existencia e articulación de recursos públicos para o seu fomento e desenvolvemento

Dificultades detectadas á hora de incorporar programación LGBT+ nas políticas e espazos culturais máis aló do Día do Orgullo

Accesibilidade da programación LGBT+ en función de cuestións territoriais, a idade dos públicos etc.

Temáticas na mesa de

MEMORIA E PENSAMENTO



A mesa de traballo de memoria e pensamento foi dinamizada a partir dun traballo grupal que derivou na identificación de retos relacionados con diferentes temas que foron definidos de partida:

Impacto ou interese social das iniciativas en materia de memoria e investigación con perspectiva LGBT+

Nivel de participación ou interlocución entre as axentes impulsoras de iniciativas e as institucións

Comunicación e redes entre as axentes impulsoras e iniciativas e activismos LGBT+


Relación ou traballo compartido coa comunidade educativa

Vías de financiamento

Estratexias ou ferramentas de posta en valor na comunidade

Temáticas na mesa de

EDUCACIÓN



A mesa de traballo de educación foi dinamizada a partir dun traballo grupal que derivou na identificación de retos relacionados con diferentes temas que foron definidos de partida:

Ferramentas e recursos: medios profesionais e técnicos; ferramentas para crear espazos educativos seguros

Formación e sensibilización: formación especializada dirixida a persoal docente

Accións de inclusión e recoñecemento: currículos e programas educativos; áreas ou figuras relevantes

Temáticas na mesa de

DEPORTES



A mesa de traballo de deportes foi dinamizada a partir dun traballo grupal que derivou na identificación de retos relacionados con diferentes temas que foron definidos de partida:

Inclusión e seguridade no deporte, diferenciando cuestións que teñen que ver cos diferentes tipos de prácticas deportivas e equipamentos


Violencias concretas que se manifestan no mundo deportivo

Atrancos nas carreiras profesionais da poboación LGBT+ no ámbito deportivo

Existencia de referentes e mecanismos de recoñecemento para deportistas LGBT+

Temáticas na mesa de

SANIDADE




A mesa de traballo de sanidade foi dinamizada a partir dun traballo grupal que derivou na identificación de retos relacionados con diferentes temas que foron definidos de partida:

Recursos e ferramentas existentes para unha axeitada atención sanitaria ás persoas LGBT+: existencia de protocolos, tanto xerais como específicos, etc.

Formación especializada dirixida ás diferentes profesionais da atención sanitaria, así como a identificación de dificultades ou barreiras no deseño, difusión e desenvolvemento dos programas formativos

Exercicio do dereito á saúde das persoas LGBT+ e acceso aos diferentes servizos existentes: diferenzas por áreas sanitarias; barreiras para o exercicio dos dereitos sexuais e reprodutivos, nos servizos dirixidos a persoas trans*, etc.

Temáticas na mesa de
SERVIZOS SOCIAIS




A mesa de traballo de servizos sociais foi dinamizada a partir dun traballo grupal que derivou na identificación de retos relacionados con diferentes temas que foron definidos de partida:

Recursos e medios existentes no ámbito da intervención social para garantir unha atención, derivación e asesoramento axeitados (medios persoais e técnicos, orzamentos, protocolos...)

Nivel de formación especializada existente do persoal de servizos sociais, dos centros de información á muller (CIM) e das entidades prestadoras de servizos sociais

Áreas ou figuras que se necesitan para incluír a perspectiva interseccional (atendendo especialmente ao idadismo e ao territorio —rural ou urbano—) no ámbito da intervención social

Temáticas na mesa de
LABORAL



A mesa de traballo de laboral foi dinamizada a partir dun traballo grupal que derivou na identificación de retos relacionados con diferentes temas que foron definidos de partida:


Oferta de formación dirixida ao persoal das administracións públicas en materia de diversidade sexual; políticas públicas de prevención da LGBTfobia no ámbito laboral, etc.

Medidas implantadas por empresas e organizacións sindicais para a prevención e xestión das violencias contra as persoas LGBT+ no ámbito laboral; incorporación da perspectiva da diversidade sexual nos plans de igualdade, etc.

Diversidade de experiencias de discriminación no ámbito laboral contra as persoas LGBT+ desde unha perspectiva interseccional

Temáticas na mesa de

VIOLENCIAS LGTB FÓBICAS



A diferenza das mesas previas, e explicada en función do perfil e número das persoas participantes, así como da alta complexidade dunha cuestión transversal como as violencias contra as persoas disidentes sexuais, esta mesa adaptou un deseño de grupo focal desde a necesidade de, recadando e compartindo datos concretos, construír unha sorte de radiografía global da situación das violencias contra as persoas LGBT+.

Ámbito da información, prevención e sensibilización: necesidades relacionadas coa reprodución de estereotipos, as violencias simbólicas «non hostís», a formación e o nivel de concienciación das profesionais deste ámbito, etc.

Ámbito da intervención, co obxectivo de identificar a existencia de protocolos ou instrucións para a atención e recepción de denuncias, as implicacións dos procesos de revitimización, etc.

Ámbito do acompañamento e reparación posterior, coa exploración dos programas, accións e recursos específicos para o acompañamento psicosocial ás vítimas de diferentes formas de violencia

Temáticas na mesa de

CONTRASTE

Tras a revisión inicial dos principais resultados acadados en cada unha das mesas do proceso, incorporouse no deseño un último espazo participativo orientado a presentar unhas conclusións preliminares do proceso de traballo, coa información estruturada arredor das liñas temáticas organizadoras do proceso. A dinámica tivo unha fase posterior que consistiu na devolución de información procesada ás persoas

participantes, co obxectivo de que sumasen achegas por cada unha das liñas temáticas.

Neste caso foi importante a definición dos perfís convidados a esta mesa: persoas con recoñecida traxectoria nos seus diferentes ámbitos, con coñecemento e información chave, con diferentes roles etc. A partir dunha indagación previa, as persoas participantes foron as seguintes:

PARTICIPANTE	ACTIVISMOS LGBT+	INVESTIGACIÓN	CONSULTORÍA EN POLÍTICAS PÚBLICAS	SINDICALISMO	ADMÓNS. PÚBLICAS E INSTITUCIÓN	SERVIZOS Á POBOACIÓN LGBT+
Xandre Garrido López	●	●	●			
Nanina Santos Castroviejo	●					
María Dolores Maqueira Devesa					●	●
Laura Bugalho Sánchez	●			●		
Fátima Rodríguez Figueiras			●			
Francisco Novo Vázquez						●
Federico Armenteros Ávila	●					●

2.4. Participantes no foro



Daniela Ferrández, Enrique Latorre, Carme Adán e Marta Lois na mesa de laboral, marzo de 2023, no Consello da Cultura Galega

EQUIPO DE TRABALLO

**FACILITADORES DO PROCESO
E METODOLOXÍA**

PARTICIPANTES NAS MESAS

• ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
• INSTITUCIÓN
• SERVIZOS Á CIDADANÍA

• TERCEIRO SECTOR
• ENTIDADES ESPECIALIZADAS

• ACTIVISMOS LGBT+
• COLECTIVOS
• PERSOAS EXPERTAS

Equipo de traballo



Carme Adán, coordinadora

Coordinadora do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega. Doutora en Filosofía e catedrática de ensino secundario. Secretaria xeral de Igualdade entre 2005 e 2009 e deputada no Parlamento de Galicia nas VIII e IX lexislaturas. Destacan entre as súas publicacións *Feminismo e coñecemento* (Espiral Maior, 2003) e *Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión* (Galaxia, 2018). Coordina a sección de Feminismos da revista *Grial*. Gusta de camiñar, nadar no mar e as lecturas compartidas.



Daniela Ferrández

Investigadora posdoutoral Margarita Salas en Historia Contemporánea, adscrita ao grupo HISTAGRA da Universidade de Santiago de Compostela. Autora do libro *A defunción dos sexos: disidentes sexuais na Galiza contemporánea*, galardoado co Premio Follas Novas na categoría de ensaio e investigación (2023). Muller trans, galega de adopción e de corazón, activista polos dereitos LGBT e pola recuperación da memoria democrática.



Enrique Latorre

Doutor en Filosofía e docente no Departamento de Filosofía e Antropoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Compaxina esta tarefa coa investigación no Grupo de Tecnoloxía Educativa (TECNOEDUC). Os seus intereses céntranse na intersección dos estudos de ciencia, tecnoloxía e xénero coas epistemoloxías feministas e *queer*. Entre as súas publicacións destacan as colaboracións en obras como *Barbarismos queer y otras esdrújulas* (Bellaterra, 2017) ou *Gender in AI and Robotics. The Gender Challenges from an Interdisciplinary Perspective* (Springer, 2022).



Marta Lois

Doutora en Ciencia Política, profesora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela e membro do grupo de investigación social ARMELA. As súas investigacións articúlanse arredor da perspectiva feminista e a análise das políticas públicas. Entre os seus traballos académicos máis recentes destaca a obra colectiva *Género y Política. Nuevas líneas de análisis ante la cuarta ola feminista* (Akal, 2022), que coeditou con Alba Alonso. Durante os últimos anos combina o traballo académico con responsabilidades políticas no ámbito local.

PLANIFICACIÓN E PROCESO DE DESEÑO DO FORO

Facilitación do proceso e deseño da metodoloxía



Beatriz López Rey

Investigadora predoutoral en políticas públicas contra as violencias machistas. Politóloga e especialista en investigación en políticas de igualdade de xénero. Socia traballadora de Arabias S. Coop. Galega. Experiencia como cooperante en terreo en procesos centrados na participación cidadá e dereitos humanos.



Martín Vázquez Añel

Sociólogo e activista LGBT+, formador en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero e facilitador de grupos. Socio traballador de Rexenerando S. Coop. Galega, entidade desde a que un equipo interdisciplinario de persoas diseña e acompaña procesos de diagnose e planificación estratéxica participativa.

Participantes nas mesas

ACTIVISMOS LGBT+ COLECTIVOS PERSOAS EXPERTAS

18

Asociación pola liberdade afectivo-sexual ALAS A Coruña

AmiZando, Asociación Trans da Galiza

Andrea Nunes Bríons

ARELAS, Asociación de Familias de Menores Trans*

Avante LGBT+ Galiza

Bárbara G. Vilariño

Chrysallis, Asociación de Familias de Infancia y Juventud Trans*

Club de lectura Queeruña (A Coruña)

Cristy Shedimar

LES Coruña, Mujeres por la Igualdad y la Visibilidad Lésbica

Lucía Aldao

Javier Sánchez Castro, Meiga-i

Nee Barros

Nós Mesmas

PVLSE Vigo Queer LGBTIQ+

Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia

Rede Galega de Estudos Queer

Sete Outeiros

TERCEIRO SECTOR ENTIDADES ESPECIALIZADAS

23

Academia Galega do Audiovisual

Gabinete sexolóxico experto en discapacidade AMATURI

Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega (APAIOGA)

Asociación Profesional de Pedagogos/as e Psicopedagogos/as de Galicia

As Brigantias Roller Derby

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG)

Centro de Sexoloxía Con Mucho Gusto!

Confederación Intersindical Galega (CIG)

Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia

Comité AntiSida da Coruña (CASCO)

Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos (CONFAPA-Galicia)

Confederación de ANPAS Galegas

Consello da Avogacía Galega

Colexio Oficial de Psicoloxía (COP)

Central Sindical Independente e de Funcionarios de Galicia (CSIF)

Erguer

Sectorial de Industrias Culturais de Espazo Coop

Estudiantado da USC

Mulleres Deportistas Galegas (MUDEGA)

PROMOVE

SOS Sanidade Pública

Secretaría de Igualdade UGT Galicia

Área social do Programa Vagalume, de Cáritas

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS INSTITUCIÓNS SERVIZOS Á CIDADANÍA

26

Centro de Información en Diversidade e Sexualidade (CIDES)

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CDIF) do CCG

Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXEF) da UDC

Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)

Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Vilagarcía de Arousa

Centro de Orientación Familiar (COF) de Vigo

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Área de Igualdade da Deputación da Coruña

Deputación de Lugo

Garda Civil

Memoria Diversa, xornadas impulsadas pola Deputación da Coruña

Programa municipal pola diversidade sexual Pinto e Maragota, Concello de Pontevedra

Policía Nacional

Proxecto Bibliodiversidade da Universidade da Coruña

Quérote+

Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña

Subdirección Xeral de Humanización e Atención á Cidadanía do SERGAS

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG)

Vicerreitorado de Igualdade, Cultura e Deporte da UDC

Oficina de Igualdade de Xénero da UDC

Unidade Centralizada de Atención á Transexualidade en Galicia do CHUS

Unidade da Policía Adscrita de Galicia

Oficina de Igualdade da USC

Unidade de Igualdade da UVigo

Valedoría do Pobo

Xefatura da Unidade de Coordinación de Violencia de Xénero da Delegación do Goberno en Galicia

2.5. Desenvolvemento das mesas de traballo

No seguinte apartado detállanse cuestións metodolóxicas relevantes para a comprensión da dimensión do proceso de traballo, concretado na realización de oito mesas temáticas, unha mesa transversal para a abordaxe das violencias LGBTfóbicas, pechando o traballo de campo cunha mesa de contraste dos resultados preliminares.

DURACIÓN

O proceso de traballo para deseñar a metodoloxía e os contidos e desenvolver o traballo de campo abrangueu desde xaneiro de 2022 ata xuño de 2023. Durante estes meses requiriuse un traballo de coordinación —presencial e virtual— entre a Comisión Técnica de Coordinación do Foro Identidades e Disidencias Sexuais e o equipo de facilitación.

.....
18
MESES
.....

ASPECTOS PRÁCTICOS

Leváronse a cabo varios tipos de xuntanza:

09

XUNTANZAS DE COORDINACIÓN

Espazos de traballo orientados á actualización da información e á toma de decisións precisas para avanzar co proceso de traballo: definir e reformular cuestións metodolóxicas, de contido e loxísticas.

10


XUNTANZAS DE MAPEAMENTO E DESEÑO DAS MESAS DE TRABALLO

Xuntanzas de traballo para artellar un mapa de axentes que debuxase a convocatoria de cada unha das mesas. Os axentes identificados e contactados tiveron un perfil diverso (activismos, entidades ou persoas especializadas e institucións).

10

XUNTANZAS DAS MESAS

Xuntanzas para abordar o funcionamento concreto de cada unha das mesas de traballo. Nestes espazos creouse un diálogo conxunto entre todas as persoas para sumar visións e perspectivas ao desenvolvemento concreto, así como ferramentas que empregar no traballo de campo.



DINÁMICA

1

NOMEAMENTO DA
COORDINACIÓN
DE CADA UNHA DAS
MESAS DE TRABALLO

2

CONVOCATORIA DAS
ENTIDADES E PERSOAS
PARTICIPANTES

Convocatoria a través do envío dun convite desde o Consello da Cultura Galega a cada unha das entidades ou persoas participantes. Na medida do posible, realizouse esta tarefa cun mes de antelación ao desenvolvemento de cada mesa. Estableceuse un contacto inicial para explorar a súa dispoñibilidade, idoneidade e interese para, posteriormente, enviar un convite formal.

3

DESENVOLVEMENTO
PRESENCIAL DA MESA
DE TRABALLO


4

ANÁLISE DA
INFORMACIÓN
RECOLLIDA NA MESA

Análise da información en bruto recollida na mesa para logo realizar unha devolución ás persoas participantes por medio dunha ficha. Desta maneira, as persoas que participaron en cada unha das mesas debían validar a información e realizar achegas para sumar cuestións de interese.

2022

	FASE PREVIA						FASE 1	FASE 2				
	XAN.	FEB.	MAR.	ABR.	MAI.	XUÑ.	XUL.	AGO.	SET.	OUT.	NOV.	DEC.
Traballos previos												
Conformación do equipo de traballo												
Mapeamento de temáticas												
Identificación de axentes chave												
Presentación pública do proceso												
Deseño e envío do cuestionario inicial												
Definición de liñas de traballo												
Mesa sobre PARTICIPACIÓN PÚBLICA												
Mesa sobre SANIDADE												
Mesa sobre EDUCACIÓN												
Análise preliminar e devolución												
Mesa sobre SERVIZOS SOCIAIS												
Mesa sobre LABORAL												
Análise preliminar e devolución												
Mesa sobre CULTURA												
Mesa sobre MEMORIA E PENSAMENTO												
Análise preliminar e devolución												
Mesa sobre VIOLENCIAS LGTB FÓBICAS												
Mesa sobre DEPORTES												
Análise preliminar e devolución												
Redacción de desafíos e conclusións												
Mesa de contraste												
Análise preliminar e devolución												
Redacción final												
Presentación do documento												



RADIOGRAFÍA DA SITUACIÓN: ANÁLISE, DIAGNOSE E RECOMENDACIÓNS

- 3.1. Eixe 1. A participación pública das asociacións LGBT+ galegas
- 3.2. Eixe 2. A diversidade sexual e de xénero en Galicia no eido da produción cultural
- 3.3. Eixe 3. Investigación, pensamento e memoria viva da diversidade
- 3.4. Eixe 4. Educación
- 3.5. Eixe 5. Deportes
- 3.6. Eixe 6. Sanidade e servizos sociais
- 3.7. Eixe 7. Laboral
- 3.8. Eixe 8. Violencias LGBTfóbicas

EIXE

A participación pública das asociacións LGBT+ galegas

MESA DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Realizada o 6 de xullo de 2022
no Consello da Cultura Galega



1

/3.1.

As asociacións LGBT+ cumpren unha importante función social na medida en que están organizadas para mellorar as condición materiais e sociais non só dunha parte da cidadanía, xa que axudan a ampliar o sentido de comunidade e o valor do colectivo. No seu traballo cotián realizan tarefas de utilidade pública como son as súas funcións asistenciais, o acompañamento e o asesoramento ás persoas que o precisen, á vez que desenvolven campañas de sensibilización destinadas a acadar unha sociedade máis respectuosa e inclusiva.

Alén diso, estas asociacións tamén sinalan as urxencias, baleiros e obxectivos que deben abordar as políticas públicas destinadas a equiparar en dereitos a poboación LGBT+ co resto da cidadanía.

Nese senso, no *Informe do experto independente sobre a protección contra a violencia e a discriminación por motivos de orientación sexual ou identidade de xénero*, presentado no Consello de Dereitos Humanos da ONU en 2017, recomendábase aos Estados —e polo tanto tamén ás institucións públicas— o desenvolvemento de políticas públicas que garantan o respecto á orientación sexual e á identidade de xénero da cidadanía, con especial énfase en que estas accións contén coa cooperación da comunidade interesada a través de procesos participativos.

Así, como punto de partida do foro interesaba non só coñecer o grao de acordo e desacordo destes actores cos eixes que haberían definir o proceso posterior, senón tamén tratar como un deses mesmos eixes unha exploración sobre as canles de participación pública destas asociacións en Galicia. Para poñer o enfoque nesta cuestión foi preciso contar con información sobre a estrutura destas entidades, os seus ámbitos de traballo e o xeito en que se organiza ese mesmo traballo, ademais da súa participación nos procesos de elaboración de políticas públicas en Galicia.



Faixa dos primeiros encontros de feministas lesbianas, Asociación Galega da Muller (AGM), 1985

3.1.1. Obxectivos marco e cuestións relevantes

As once asociacións e entidades coas que se contou para esta mesa conforman unha mostra representativa do activismo LGBT+ galego. Entre elas, contamos coas organizacións con máis persoal, recursos e presenza na vida pública, con servizos municipais e autonómicos e ata con proxectos emerxentes ou que se manteñen con moi poucos recursos. En conxunto, estes actores teñen a capacidade de achegar unha radiografía sobre o funcionamento dos movementos sociais LGBT+ en Galicia, con información relevante sobre como se estrutura a súa presenza na sociedade, que actividades desenvolven e como optimizan os recursos públicos que reciben, ao tempo que identifican os espazos de diálogo e participación existentes entre colectivos e administracións.

Para atender a estas cuestións iniciais, preguntamos de xeito específico sobre o funcionamento destas asociacións en dous planos superpostos. En primeiro lugar, atendendo á súa configuración interna, preguntouse por cuestións técnicas como a cantidade de recursos cos que contan, a orixe destes e as accións en que se empregan. En paralelo, prestouse unha atención especial ao plano participativo, coa vista posta na colaboración entre entidades, mais tamén nos espazos de diálogo e participación coas institucións nos que poder contribuír ao desenvolvemento de políticas públicas LGBT+.

Para obter esta información, cruzouse unha perspectiva cuantitativa con outra cualitativa. Así, en primeiro lugar, no cuestionario inicial exploratorio ao que nos referimos anteriormente, empregouse unha sección específica que incluíu preguntas sobre a participación e o funcionamento interno das asociacións. Posteriormente e xa na mesa de debate, deliberouse en conxunto sobre as seguintes preguntas tipo:



Como estades a fomentar a participación interna nas vosas entidades?



Que precisades para unha mellor participación en espazos institucionais?



Como sería o proceso de elaboración dunha política LGBT+ ideal para vós?

EIXE 1

3.1.2. Proceso

Na mesa de debate participaron asociacións LGBT+ galegas cuxas liñas de traballo se centran no conxunto do colectivo, como son ALAS, Avante LGBT+, Sete Outeiros ou PVLSE. Xunto con estas, foron voces relevantes as que centran as súas actuacións nos dereitos de sectores concretos englobados dentro da sigla LGBT+, como a asociación de persoas trans AmiZando, as de familias de persoas trans ARELAS e Chrysallis, a de mulleres pola igualdade e visibilidadelésbica LES Coruña ou a asociación polos dereitos das mulleres lesbianas, bisexuais e trans de Vigo e Pontevedra Nós Mesmas. Tamén participaron entidades especializadas nun eido concreto, como o Comité AntiSida da Coruña (CASCO) ou a Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+. No apartado de servizos á cidadanía dispoñibilizados por administracións públicas estiveron presentes a entidade Quérote+, dependente da Xunta de Galicia, e o Centro de Información en Diversidade e Sexualidade (CIDES) do Concello de Pontevedra.

Unha vez conformada a mesa de debate cos actores participantes, expuxéronse os resultados da diagnose cuantitativa sobre participación pública incluída no cuestionario inicial, para posteriormente proceder coa apertura do diálogo. Neste espazo, profundouse sobre as carencias compartidas entre as entidades participantes e elaborouse unha diagnose cualitativa, pero tamén se deseñaron posibles retos de futuro con capacidade de solucionarlos.

AXENTES QUE PARTICIPARON

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS INSTITUCIÓNS SERVIZOS Á CIDADANÍA

Iago Legaspi

Coordinación do servizo Quérote+

Paula Fernández Rico

Coordinación do servizo Quérote+

Ada Otero

Centro de Información en Diversidade e Sexualidade (CIDES) do Concello de Pontevedra

ENTIDADES ESPECIALIZADAS

Rubén Alexandre Barral Enríquez

Comité AntiSida da Coruña (CASCO)

COLECTIVOS E ACTIVISMOS LGBT+

Pablo Zas Varela

Asociación pola liberdade afectivo-sexual ALAS A Coruña

Hayden Dopico Cardemil

AmiZando, Asociación Trans da Galiza

Cristina Palacios Castro

ARELAS, Asociación de Familias de Menores Trans*

Xandre Garrido López

Avante LGBT+ Galiza

Sonia Fernández Nieves

Chrysallis, Asociación de Familias de Infancia y Juventud Trans*

Antonio Eladio Gondar Domínguez

PVLSE Vigo Queer LGBTIQ+

Francisco Javier Fernández Fernández

PVLSE Vigo Queer LGBTIQ+

Ana Ojea Alonso

Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia

Xácia Ceive

Sete Outeiros

Beatriz Barciela

Nós Mesmas

Sandra López

LES Coruña, Mujeres por la Igualdad y la Visibilidad Lésbica


3.1.3. Diagnose cuantitativa

Recursos económicos anuais das entidades




Os resultados dos apartados do cuestionario inicial relativos á configuración das asociacións LGBT+ galegas, o seu funcionamento e participación pública e en rede permítenos presentar unha diagnose cuantitativa dos resultados. Nese senso, e comezando pola sección de preguntas sobre a forma xurídica destas entidades, observamos que o 81% das participantes no cuestionario conta con forma xurídica propia, o que fala do nivel de formalización e organización dos colectivos activistas LGBT+ galegos.

Alén desta cuestión, interesábanos cartografar os recursos económicos cos que contan todas elas, atendendo ás cantidades anuais e ao número de colectivos por tramo.



Orixe das fontes de financiamento das entidades

Como observamos na seguinte gráfica, en termos xerais, a meirande parte do orzamento das entidades provén das achegas e doazóns das persoas socias. A contribución institucional ten un peso considerable se falamos da Administración autonómica, pero decae a niveis provincial e local. Do mesmo xeito, os honorarios por participar en actividades e os ingresos pola venda de material tamén constitúen unha importante fonte de financiamento para estas organizacións.




EIXE 1

Ámbitos de traballo das entidades



Tendo en conta que as funcións asistenciais que desenvolven non se dirixen exclusivamente ás persoas socias, senón que se constitúen como recursos para toda a cidadanía que o precise, estes colectivos empregan unha importante cantidade dos seus fondos na contratación de persoal asalariado que dote de calidade os seus servizos. Nese senso, máis da metade dos colectivos participantes conta con persoal laboral.



Servizos ou recursos ofertados





Aínda que a metade dos colectivos participantes non conta con subvencións públicas, a totalidade deles emprega os seus recursos e tempo no desenvolvemento destas tarefas asistenciais. Sen dúbida, a existencia de persoal asalariado estende, mantén no tempo e dota de calidade os recursos que ofrecen —como se dixo— a calquera persoa que os precise. Falamos de labores socialmente imprescindibles como a atención psicolóxica, a formación, a xestión de conflitos, o apoio á inserción laboral, a realización de probas de VIH ou o acompañamento e asesoramento en diferentes ámbitos da vida cotiá. Como se observa nos resultados, moitos destes colectivos combinan estas tarefas coas campañas de sensibilización en igualdade e prevención da discriminación.



**Tipoloxía das
colaboracións
entre entidades**

A pesar de que existen poucos espazos de reflexión conxunta, moitos dos colectivos colaboran con outras entidades en cuestións como a derivación de casos, a coordinación de campañas de sensibilización ou a elaboración de proxectos compartidos. Nese senso, o 44% dos colectivos participantes no cuestionario manifesta contar cunha rede de entre catro e seis entidades colaboradoras.



EIXE 1


Tipo de colaboración nos espazos de participación institucionais

No que atinxe á súa participación en espazos de diálogo coas institucións, destaca a colaboración no desenvolvemento de proxectos conxuntos dunha ampla gama, que poden ir desde a programación de actividades ata a posta en marcha dun servizo concreto ou observatorio cuantitativo.



Principais barreiras para a participación en espazos institucionais

Entre os problemas que dificultan esta participación cómpre remarcar a sobrecarga de traballo dos colectivos e asociacións, froito moitas veces da falta de recursos. Xunto con isto, existe certa desmotivación pola carencia de resultados que emanen destes espazos participativos, así como pola falta de coordinación coas institucións.



100%
DAS ENTIDADES
MANIFESTA
SOBRECARGA DE
TRABALLO

3.1.4. Diagnose cualitativa

A participación nestas entidades é flutuante, xa que depende das posibilidades, da vontade e da situación persoal das socias. Nese senso, só as entidades con persoal contratado poden manter estable no tempo o seu labor asistencial e social.

As persoas que participan nestas organizacións fano principalmente para dar unha resposta coordinada de asistencia e acompañamento aos casos que se presentan.

.....
Prima a colaboración horizontal entre entidades, mais tamén a conformación de grupos de apoio e espazos seguros para compartir.

De xeito maioritario, as asociacións asistentes referiron que as principais canles de participación coas que contan son as desenvoltas en plataformas de mensaxaría e redes sociais. Manter este tipo de espazos virtuais posibilita un contacto directo coas persoas socias, á vez que permite a divulgación de campañas de sensibilización e supón unha vía de contacto directo para persoas externas.

Con todo, algunhas persoas participantes sinalan a perda da calidade humana no contacto por esta vía e reclaman máis espazos de contacto directo. Ante esta cuestión, outras entidades aproveitan as actividades propias das campañas de sensibilización ou dos grupos de apoio para esta convivencia. Así mesmo, destaca a planificación de actividades lúdicas e culturais, o que artella espazos de participación mentres que contribúe aos labores de sensibilización.

Alén disto, destácase a organización de xuntanzas, reunións e asembleas como espazos participativos horizontais nos que definir o funcionamento das organizacións. Para isto, salientase a falta de dispoñibilidade de espazos físicos nos que desenvolver estes

encontros. Nese senso, as entidades que contan con este espazo, xa sexa un local propio ou un espazo seguro recorrente, salientan a mellora da calidade do funcionamento xeral da entidade.

Detéctase unha carencia de espazos institucionais de participación que outorguen voz a estas entidades nos procesos de elaboración de políticas públicas, así como nos labores de contacto e coordinación coas administracións para a resolución dos problemas que xorden das súas tarefas asistenciais.

Ademais, os espazos institucionais de participación son unha ferramenta pouco áxil á hora de resolver problemas cotiáns.

.....
A falta de sensibilización e formación do persoal que conforma os espazos institucionais de participación implica que, en ocasións, os colectivos non sintan estes encontros como espazos seguros. Isto, sumado á falta de operatividade que detectan, crea unha situación de descontento e falta de confianza entre asociacións e institucións públicas.

En ocasións, os colectivos senten que as institucións convocan estes espazos só por unha cuestión de mera publicidade. Refírense a encontros de diálogo ou de achegas de propostas que non teñen unha periodicidade e que nunca ou case nunca son efectivos e operativos. Estes encontros, ademais, adoitan marcarse en datas sinaladas como campañas electorais ou o Orgullo. Isto inflúe directamente na disposición dos colectivos a participar en posteriores chamamentos de institucións públicas, pois priorizan ese tempo para outros proxectos máis operativos.

EIXE 1



Mesa de participación pública, 6 de xullo de 2022, no Consello da Cultura Galega

Existe certo descoñecemento da linguaxe institucional, tempos e protocolos. Así, desde o primeiro paso co rexistro oficial dunha entidade ata as necesarias solicitudes, convocatorias e outras xestións necesarias, as asociacións enfróntanse a un proceso complexo para o que non contan con apoio. O resultado disto é a existencia de colectivos que non teñen ningún trato coas institucións por falta de accesibilidade.

As organizacións participantes amosan a súa vontade de participar na elaboración de políticas públicas como axentes aos que é preciso escoitar.

3.1.5. Desafíos



Mesa de participación pública, 6 de xullo de 2022, no Consello da Cultura Galega

RECURSOS

Ampliar os recursos que perciben estas organizacións como mecanismo para desenvolver as súas tarefas asistenciais con calidade e de maneira mantida no tempo.

PROTOCOLO

En relación coas cuestións de burocracia e protocolo institucional, é preciso facilitar o contacto e simplificar as xestións administrativas. Xunto con isto, cómpre ampliar os prazos existentes para as solicitudes de subvencións, así como os de execución.

ESPAZOS

Facilitar a dispoñibilidade de espazos públicos para desenvolver xuntanzas, encontros e actividades.

PARTICIPACIÓN

Aumentar a participación pública destas entidades habilitando canles de comunicación continua entre colectivos e institucións. Nese senso, é preciso incrementar a participación das entidades e organizacións LGBT+ no deseño de políticas públicas.

AXENDA

En relación co anterior, dar continuidade no tempo aos espazos de participación e desligar a súa actividade dos períodos electorais. Á vez, cómpre que contén con capacidade de compromiso operativo e non sexan só espazos de consulta. Isto implica dar cumprimento á axenda proposta.

CANLES

Garantir unha «facilitación institucional» que permita ás persoas menos formadas ou menos vencelladas co funcionamento do ámbito administrativo achegarse a esta esfera. Clarificación das canles existentes para comunicarse coas administracións. Dispoñibilidade de información sobre como participar e onde facelo.

3.1.6. Recomendacións

A

Establecer canles máis frecuentes de comunicación e colaboración entre institucións e asociacións. Sobre isto, a participación das organizacións do terceiro sector nas iniciativas das administracións circunscríbese a lugares moi específicos, polo que é preciso transversalizala.

B

Incrementar as liñas orzamentarias estables que permitan o desenvolvemento de actividades de sensibilización e garantan a función asistencial dos colectivos.

C

Reducir a carga asistencial dos colectivos a través da asunción destas tarefas por parte das administracións públicas a través dos servizos sociais.

D

Mellorar o acceso á información administrativa desenvolvendo servizos de facilitación destinados a persoas para as que a burocracia e a linguaxe administrativa sexan unha barreira para a participación institucional.

E

Ampliar os prazos das subvencións ás que potencialmente poden acceder estes colectivos, á vez que desligar estes prazos de solicitude do mes do Orgullo, ampliando os períodos de execución.

F

Nos concellos con presenza de entidades LGBT+, promover mesas de participación no ámbito municipal desde as que se revisen e melloren de xeito transversal as políticas públicas locais que afectan ao colectivo.

EIXE

A diversidade sexual e de xénero en Galicia no eido da produción cultural

MESA DE CULTURA

Realizada o 1 de febreiro de 2023
no Consello da Cultura Galega



2

A representación da diversidade sexual e de xénero na cultura e nos produtos audiovisuais desempeña un papel fundamental nos procesos de visibilidade e normalización (Ventura 2016: 932). Por iso, a planificación deste eixe parte da intención de coñecer o nivel de representación destas realidades e o uso dunha perspectiva inclusiva coa diversidade sexual e de xénero no ámbito galego.

.....
Como punto de partida, identificamos a inclusión desta perspectiva cando as actividades reflicten cuestións relacionadas co colectivo LGBT+ e atenden á diversidade existente na sociedade á hora de incluír personaxes ou contido.

Sobre esta cuestión, no artigo 28 da Lei 2/2014, relativo ao impulso das producións culturais, especificase que a consellaría competente da Xunta de Galicia en materia de cultura impulsará e apoiará as producións culturais que inclúan a realidade LGBT+ e potenciará referentes positivos. Así mesmo, establécese que a Xunta de Galicia promoverá a realización, por parte dos gobernos locais, de actividades culturais para a concienciación e a normalización da diversidade sexual, principalmente no rural. Por isto, unha das principais intencións desta mesa é a de obter unha panorámica sobre a inclusión da perspectiva da diversidade sexual e de xénero nas programacións culturais de Galicia, cuantificando os proxectos e recursos existentes mais tamén analizando as trabas máis frecuentes e as medidas específicas que poderían axudar a resolvelas.

Do mesmo xeito, interesa reflexionar sobre a situación das profesionais LGBT+ que se dedican á creación de contidos culturais.



Ernesto Foliers, 1910, ABC

3.2.1. Obxectivos marco e cuestións relevantes

Para desenvolver este eixe formuláronse dous obxectivos de partida. O primeiro deles é obter unha panorámica cualitativa sobre a representación da diversidade sexual e de xénero no panorama cultural galego. Isto implica identificar as iniciativas públicas e privadas implicadas na promoción de actividades, mais tamén a dispoñibilidade de recursos, a participación dos activismos locais ou a dispersión temporal e espacial das programacións.

En paralelo, interesa analizar cal é a situación das creadoras culturais do colectivo que traballan neste campo, cales son as oportunidades laborais que existen e que ferramentas se poderían empregar para dignificalas.

Para dirixir o debate cara a estes obxectivos, confeccionáronse as seguintes cuestións guía:



Están a incorporar as institucións ou empresas culturais a perspectiva da diversidade sexual e de xénero á hora de programar actividades culturais? Que espazos están activos? Que problemáticas existen?

Existen accións concretas como subvencións, convocatorias de proxectos, concursos ou premios que incentiven a inclusión da perspectiva da diversidade sexual e de xénero nas programacións culturais?

Que periodicidade temporal ten a programación cultural LGBT+? Cal é o público obxectivo?

EIXE 2

3.2.2. Proceso

A selección de participantes para o debate tivo como prioridade aglutinar voces que representasen os diferentes sectores profesionais comprendidos nun campo tan amplo como é o da cultura. Dado que non existe en Galicia ningún colectivo específico que agrupe profesionais que traballen por incluír esta perspectiva nas súas producións culturais, optouse por convidar creadoras de diferentes ámbitos como a música, a poesía, as artes escénicas ou a divulgación en redes sociais e plataformas de contido dixital. Do mesmo xeito, contouse coa participación de institucións e entidades culturais da relevancia como a Academia Galega do Audiovisual, a Rede Museística Provincial de Lugo ou o Centro Galego de Arte Contemporánea.

Á hora de situar o debate, as voces participantes expuxeron diferentes iniciativas elaboradas nos últimos anos desde o ámbito cultural que tratasen ou reflectisen a diversidade sexual e de xénero. Este exercicio permitiu comezar a elaborar unha cartografía de publicacións, proxectos e institucións implicadas na promoción cultural con perspectiva LGBT+, que abriu paso ás reflexións que se expresan a continuación.

AXENTES QUE PARTICIPARON

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS / INSTITUCIÓNS / SERVIZOS Á CIDADANÍA

Santiago Olmo
Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)
Santiago de Compostela


ENTIDADES ESPECIALIZADAS

Samira Ganay
Academia Galega do Audiovisual
Marisela Lens
Academia Galega do Audiovisual


COLECTIVOS E ACTIVISMOS LGBT+

Mauro Rego
Estudiantado da USC
Javier Sánchez Castro, Meiga-i
Drag pandeireteira, xestión cultural
Nee Barros
Divulgadore cultural, escritor, youtubeire
Lucía Aldao
Poesía escénica, música
Andrea Nunes Brións
Activista transfeminista, escritora e profesora

Grao de acordo das entidades e colectivos LGBT+ CULTURA



A diversidade sexual está representada na axenda cultural galega



As asociacións culturais arredor da diversidade sexual son accesibles á meirande parte da poboación



Hai interese por parte das administracións públicas en promover a representación da diversidade sexual no ámbito cultural



A programación cultural que inclúe realidades LGBT+ concéntrase no mes do Orgullo



A programación cultural que inclúe realidades LGBT+ restrínxese á axenda das grandes cidades



3.2.3. Diagnose

Nos debates desta mesa, a acción das institucións públicas considérase un elemento transcendental para realizar unha diagnose sobre a proxección cultural con perspectiva LGBT+ en Galicia. Sobre esta cuestión a postura de consenso é a de que existe unha maior implicación institucional á hora de incorporar na programación actividades con perspectiva LGBT+ en comparación con tempos pasados, aínda que se identifican carencias compartidas entre institucións locais, provinciais e autonómicas.

A primeira carencia, transversal a todas elas, é a conxunción de actividades no mes de xuño debido á celebración do «Orgullo».

Malia ser positivo que a transcendencia social que adquiriu esta conmemoración aumente a visibilidade do colectivo LGBT+ en diferentes planos da sociedade, como é o cultural, a concentración da meirande parte da programación anual neste período concreto é lida como un sintoma de *pinkwashing* ou «lavado de cara» institucional. En consecuencia, redúcese a aposta por artistas locais ao procurar o impacto dunha fórmula protagonizada por grandes cabezas de cartel capaces de espertar interese no público, ás veces sen perspectiva inclusiva. Isto non só implica unha maior precariedade para as artistas locais, coas que non se conta para estes eventos, senón unha menor presenza da cultura e a lingua galegas e, en adición, unha perda da carga reivindicativa inherente ás datas do Orgullo.

A partir da cartografía de proxectos, obsérvase que as institucións que máis apostan por desenvolver este tipo de actividades son as deputacións provinciais e os concellos. En consecuencia, cóntanse cada vez máis actividades fóra das grandes cidades, en concellos como Lalín, A Guarda, Ribadumia ou Moaña. Con todo, son as cidades e vilas da provincia de Pontevedra as que máis promoven estas iniciativas,

mentres que se detecta unha acusada carencia de proxectos deste tipo especialmente na de Ourense. Xunto con isto, das iniciativas que conseguen botar a andar, son poucas as que teñen continuidade no tempo, xa sexa polas dificultades organizativas ou pola perda de apoio institucional. Exemplos de iniciativas que non tiveron continuidade son «Sarria de todas as cores» ou o Orgullo Rural de Forcarei.

En xeral, detéctase unha falta de conciencia sobre a necesidade de incluír a perspectiva da diversidade sexual e de xénero nas programacións por parte das áreas institucionais de cultura, polo que a meirande parte das iniciativas recaen nas áreas de igualdade. Con todo, isto non implica necesariamente unha participación directa de colectivos e creadores locais na confección, organización e desenvolvemento das programacións culturais con esta perspectiva, o que acaba por limitar o potencial impacto transformador destas actividades, ao desligalas das necesidades e reivindicacións do activismo local.

Se diriximos a ollada ao ámbito audiovisual non podemos máis que destacar a ausencia de producións ou mesmo personaxes que representen a diversidade sexual, o que non favorece o seu recoñecemento ou dignidade. Non acontece o mesmo co campo editorial, que destaca por un aumento de publicacións nos últimos anos que reflicten a diversidade sexual e de xénero, un sintoma, á vez, de que a sociedade galega amosa cada día máis interese nestas cuestións.

Por outra banda, tanto en colaboración con institucións como á marxe delas, cómpre ter en conta as iniciativas culturais con perspectiva de diversidade organizadas e promovidas desde os activismos locais. Non obstante, salientase a existencia de maiores dificultades que no pasado á hora de dispoñer de espazos públicos e coordinarse coas institucións. En definitiva, a sensación compartida é que o traballo cultural con perspectiva LGBT+ que parte de colectivos e creadores locais adoita realizarse en marcos precarios que dificultan a súa continuidade.

3.2.4. Desafíos



Mesa de cultura, 1 de febreiro de 2023, no Consello da Cultura Galega

Entre os desafíos para mellorar a inclusión da perspectiva LGBT+ nas programacións culturais, así como para dignificar as condicións das artistas e creadoras culturais que traballan neste eixe, destacan os seguintes:

MAPEAMENTO

Sintetizar nun mapeamento ou guía os proxectos, programas e accións no ámbito da cultura inclusiva coa diversidade sexual, garantindo que a información sobre axentes sexa accesible e priorice os e as creadoras locais. Isto implica facilitar o contacto entre institucións e tamén entre estas e os colectivos, artistas e creadoras.

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS

Elaborar unha guía de boas prácticas desde a diversidade para a realización de programas culturais inclusivos, que conteña recomendacións e cuestións importantes para o seu deseño, e promovela desde institucións supramunicipais como a Consellería de Cultura ou as deputacións, que fagan de correa de transmisión destes recursos cos concellos de menor tamaño.

PROGRAMAS CULTURAIS INCLUSIVOS

Promover programas culturais inclusivos durante todo o ano e non só no mes do Orgullo. Para isto cómpre incluír a representación do colectivo dun xeito transversal, alén de produtos culturais específicos. As medidas encamiñadas a facilitar este proceso deben apostar por aumentar os orzamentos para o desenvolvemento de actividades culturais inclusivas coa diversidade sexual, tanto a través da contratación de profesionais como a través de diferentes convocatorias de subvención.

PRODUTOS AUDIOVISUAIS GALEGOS

Levar a cabo un estudo en que se analicen os produtos audiovisuais galegos e se caractericen os seus personaxes LGBT+. Á vez, e usando este estudo como espello das carencias compartidas, incorporar na creación audiovisual galega enfoques feministas e con perspectiva inclusiva que representen a diversidade sexual e de xénero. Nas institucións públicas, incrementar a formación en diversidade das persoas responsables destes produtos culturais, así como aumentar a representación das realidades LGBT+.

3.2.5. Iniciativas de referencia

Algunhas experiencias galegas

Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC). Publicacións específicas que traballan ou inclúen a perspectiva da diversidade:

- Publicación: *En todas as partes. Políticas da diversidade sexual na arte* (2009).
- Exposición: *Sur le dandysme aujourd'hui: Del maniquí en el escaparate a la estrella mediática* (2013).
- Publicación: *Bañistas. Fotografía encontrada 1880-1963* (Xosé Manuel Buxán)
- Joan Morey (Proxecto-Edición. 3 *performances* e unha publicación na que se recollen, *Misa negra*).
- Publicación: *Familiar Feelings. On the Boston Group*.
- Proxecto: *A batalla dos xéneros*. Tiña asociadas unha serie de actividades e constaba de 2 partes:
 - Exposición: *Mulleres artistas na Galiza*, vencellada aos feminismos.
 - Exposición: *Alén dos xéneros: prácticas artísticas feministas en Galicia*, vencellada á diversidade.

Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI). Destacan, entre outras, *Asuntos internos*, de Uqui Permui e Xoán Anleo, produción do ano 2007.

Circuíto de Cultura en Igualdade, impulsado pola Deputación da Coruña. Programa que inclúe propostas de teatro, música e contacontos nas que se traballa a diversidade sexual, a igualdade de xénero e a prevención da violencia machista. Este programa desenvólvese en 21 concellos da provincia da Coruña desde outubro de 2022.

Actividades culturais LGBT+ promovidas desde o traballo conxunto entre concellos e asociacións. «Festa da Diversidade» (Moaña), «A Guarda Diversa» (A Guarda), «Sarria de todas as cores» (Sarria), «Compostela Diversa» (Santiago de Compostela), «Cocido do Orgullo» (Lalín), «Ribadumia Diversa» (Ribadumia), «Festa da Diversidade» (Cambados), «Actividades polo Orgullo» (Redondela).

Programa Pinto e Maragota (Concello de Pontevedra). Destaca polas súas programacións culturais inclusivas coa diversidade sexual ao longo do ano, en diálogo cos activismos, apostando por profesionais locais e coa participación de persoas LGBT+.

Rede Museística Provincial de Lugo. É unha entidade recoñecida por estender a programación cultural inclusiva coa diversidade ao longo do ano.

Festival Agroquir da Ulloa (Monterroso). Exemplo de programación en que se valoran as necesidades dos activismos, en compromiso co espazo en que se desenvolve e coa veciñanza.

«Orgullos» locais con actividades culturais desenvoltoas por colectivos ou asociacións, en ocasións críticas coas propostas institucionais. Como exemplos, «Orgullo crítico de Vigo» (Asociación Nós Mesmas) ou «Orgullosas e combativas» (Avante LGBT+ Ferrolterra).

Erregueté. Revista Galega de Teatro. Conta cunha sección coñecida como «Palcos LGBT+».

Festival de poesía *Alguén que respira!* (Santiago de Compostela). Dedicou a súa edición de 2022 á temática «corpos, disidencia, desexo».

Outras experiencias

«Armarios abiertos. Diversidad sexual en la cultura iberoamericana». Proxecto organizado pola Red de Centros Culturales da Agencia Española de Cooperación Internacional que artella encontros dixitais con persoas da comunidade LGBT+ nos que se conversa sobre a presenza e a representación do colectivo nas producións e manifestacións culturais iberoamericanas.

Estudios LGBTIQ+, Comunicación y Cultura. Revista científica editada pola Universidad Complutense de Madrid e centrada na investigación sobre medios de comunicación, culturais, artísticos e sociais aplicados aos estudos LGBT+.

E.L. Queer. *Primer Encuentro de Literatura Queer*. Xornadas organizadas no Museo Reina Sofía en abril de 2023.

Festival *Queer Lisboa*. Festival internacional de cine *queer* que ten máis de vinte anos de historia e que inclúe presentacións de libros e palestras vencelladas coa produción cultural de temática LGBT+.

Festival Internacional de Teatro por la Igualdad. Promovido pola Fundación Igualdad (Bos Aires, Arxentina), nel representáronse obras de temática LGBT+.

Festival de Arte Queer. Organizado por BRANDON - Asociación Civil y Cultural en Bos Aires (Arxentina).

National LGBTQ Center For The Arts (San Francisco, EE. UU.). Institución que organiza eventos e desenvolve proxectos culturais centrados na perspectiva LGBT+.

Para garantir a aplicación do artigo 28 da Lei 2/2014, é preciso que existan subvencións específicas por parte de todas as administracións implicadas que apoiem e promovan este tipo de actividades.

3.2.6. Recomendacións

A

Elaborar unha guía de boas prácticas para a programación de actividades culturais con perspectiva LGBT+ que conteña consellos e recomendacións para aumentar a representación do colectivo no eixe cultural. Esta guía debe recoller unha cartografía de proxectos, axentes e creadoras galegas que axude a poñer en contacto a profesionais e institucións.

B

Fomentar desde as institucións públicas galegas a participación dos colectivos LGBT+ no deseño das programacións culturais. A pesar de que se considera positivo o aumento destas programacións durante o mes de xuño por causa do «Orgullo», é necesario estendelas a outras datas do ano.

C

Evitar a lóxica dos macroeventos formados por grandes cabezas de cartel e que non contan con creadoras culturais locais. Este sistema de programación non só absorbe recursos públicos que se recortan doutras iniciativas, senón que tamén impacta na precariedade das profesionais galegas que traballan neste sector e coas que xeralmente non se conta para estes eventos.

D

Establecer un programa de formación e información sobre diversidade sexual e de xénero na CRTVG, a fin de promover un aumento da representación do colectivo nas producións audiovisuais e un tratamento informativo máis respectuoso coas realidades do colectivo.

E

Dado que a provincia de Ourense ten serias eivas na programación destas actividades, aumentar a implicación institucional da Xunta, dos concellos e da Deputación Provincial para atallar esta desigualdade territorial.

EIXE

Investigación, pensamento e memoria viva da diversidade

MESA DE MEMORIA E PENSAMENTO

Realizada o 1 de febreiro de 2023
no Consello da Cultura Galega



3



«Orgullo» de 1977, Barcelona, © Isabel Steva Hernández, Colita, exposta no Museo Reina Sofía

As historias e as memorias daquelas que no pasado cuestionaron os marcos normativos con respecto ao xénero e á sexualidade, ás que nos referimos coa etiqueta de disidentes sexuais, foron constantemente silenciadas e marxinadas. Recuperalas non só estende a idea de que a diversidade sexual e de xénero existe no presente igual que existiu no pasado, senón que rescata referentes positivos e achega aprendizaxes útiles para profundar na consecución dunha cidadanía democrática. Estas aprendizaxes axudan a situarmos, en canto cidadás, como se configuran os discursos de odio, así como a comprender os procesos históricos que desembocaron na nosa configuración actual como sociedade que continúa a discriminar e a excluír estes colectivos.

Por outra banda, no relativo á represión que estes colectivos sufriron durante a ditadura, a Lei 20/2022 de memoria democrática do Estado español establece no seu primeiro artigo o recoñecemento de quen padeceu persecución ou violencia por razóns —entre outras— políticas, ideolóxicas, de **orientación e identidade sexual**, o que invita ás institucións a valorar esta recuperación como parte do proceso de construción dunha memoria democrática.

A este respecto, a recuperación e divulgación da historia e a construción colectiva dunha memoria da

diversidade sexual son cuestións de actualidade e que contan cunha atención social crecente, pero que parten principalmente da investigación no campo académico. Nese senso, o interese por responder á pregunta sobre canto se investiga e se divulga transcendeu o eido da historia e a memoria para aportar unha perspectiva xeral. Así, este eixe permite que nos achegemos a coñecer o estado da investigación en cuestións LGBT+ no campo académico en Galicia e que indagemos na introdución desta perspectiva no traballo científico das diferentes disciplinas.

Por último, identificamos o ámbito bibliotecario como un campo transversal para os eixes 2 e 3. Nas bibliotecas a poboación en xeral pode acceder tanto a producións culturais con perspectiva da diversidade sexual e de xénero como á memoria do colectivo, ao igual que a certas publicacións de divulgación académica. Como veremos, esta cuestión está sendo de interese para certos proxectos, que se desenvolven no eido académico mais que pretenden establecer un diálogo co ámbito bibliotecario. Polo tanto, para fomentar ese diálogo, decidimos incluír as bibliotecas neste eixe.

3.3.1. Obxectivos marco e cuestións relevantes

Con base no exposto, elaboráronse preguntas destinadas a coñecer o nivel de divulgación que existe sobre a historia e a memoria da disidencia sexual en Galicia, así como a dispoñibilidade de recursos económicos, humanos e documentais para poñer a camiñar este tipo de proxectos. Por outra banda, esta mesa programouse coa intención de coñecer os principais proxectos, axentes e temáticas con perspectiva da diversidade sexual e de xénero que existen no eido da investigación académica en Galicia. Interesa saber en que áreas de coñecemento se concentran —ou non— os traballos que se están a desenvolver, así como as posibilidades de captación de recursos e as capacidades divulgativas destes estudos.

Ademais, e en relación co anterior, as preguntas tamén exploraron a transmisión destes coñecementos ao ámbito bibliotecario e a consecuente dispoñibilidade destes recursos para o conxunto da cidadanía.

Estas foron as cuestións concretas:

Que proxectos existen en Galicia que poñan en valor a memoria da disidencia sexual? Quen os impulsa? Que interese social espertan?

⋮

Que arquivos e recursos de investigación existen para traballar e divulgar a historia da disidencia sexual en Galicia? Están dispoñibles ao público xeral para a súa consulta?

⋮
.....

Que dificultades existen para a posta en valor da memoria da disidencia sexual? Chegan estes contidos ao sistema educativo?

⋮

Que investigadoras ou grupos de investigación están a traballar temáticas con perspectiva da diversidade sexual? Cal é a afiliación institucional maioritaria nestes axentes? De onde provén o seu financiamento?

⋮

Que impacto teñen as investigacións nesta temática? Hai participación e diálogo cos colectivos ou trabállase á marxe deles?

⋮

Que dificultades ou problemas atopan as persoas interesadas en investigar sobre o colectivo LGBT+?

⋮

Hai unha indexación específica das obras con perspectiva LGBT+ nas bibliotecas públicas de Galicia? Que iniciativas se están a desenvolver para poñer en valor estes contidos? Que problemas encontran?

EIXE 3


3.3.2. Proceso

A selección de voces participantes realizouse tendo en conta estes tres eixes complementarios de debate relativos á memoria da disidencia sexual, á investigación en materia LGBT+ e ao campo bibliotecario. Con todo, cómpre recoñecer a menor participación de actores implicados no mundo da investigación da que sería óptima, o que limitou as potencialidades do debate no que respecta a esta cuestión. Nese senso, non participaron voces provenientes nin da Universidade de Santiago de Compostela nin da Universidade de Vigo; mentres que si o participou a Universidade da Coruña, que contou cunha representante da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte. Dentro do eido da investigación destaca, á vez, a participación dunha representante da Rede Galega de Estudos Queer, como entidade que aglutina investigadoras de diversas áreas que traballan incluíndo a perspectiva da diversidade sexual e de xénero. Así mesmo, interveu unha das investigadoras que desenvolveron o proxecto de investigación Bibliodiversidade da Universidade da Coruña, cuxas reflexións serven de achega tanto ao campo da investigación como ao da divulgación.


Por outra banda, a mesa contou coas voces de axentes caracterizados por promover proxectos de valorización e divulgación da memoria da disidencia sexual en Galicia. Para isto, a escritora e comunicadora Eva Mejuto representou o programa municipal pola diversidade sexual Pinto e Maragota, desenvolvido polo Concello de Pontevedra. Do mesmo xeito, na mesa tamén participou Marcos López, comisario das xornadas Memoria Diversa da Deputación da Coruña, que se organizan anualmente ao redor da memoria da disidencia sexual en Galicia. A nivel institucional, nesta mesa participou Mariám Mariño Costales, técnica do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CDIF) do Consello da Cultura Galega, cuxas achegas foron moi importantes á hora de resolver as preguntas sobre documentación e arquivos.

No eido bibliotecario integraron a mesa Miguel Suárez Villegas, representante do club de lectura Queeruña, e Diego Maseda pola Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña.


Grao de acordo das entidades e colectivos LGBT+ MEMORIA E PENSAMENTO



Os contidos arredor da memoria LGBT+ están presentes dun modo ou outro no sistema educativo



A meirande parte de investigacións desenvolvidas no ámbito académico teñen en conta a diversidade sexual



3.3.3. Diagnose

AXENTES QUE PARTICIPARON

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS / INSTITUCIÓNS / SERVIZOS Á CIDADANÍA

Diego Maseda

Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña

Ana Amigo

Proxecto Bibliodiversidade da Universidade da Coruña

Eva Mejuto

Programa municipal pola diversidade sexual Pinto e Maragota,
Concello de Pontevedra

Marcos López

Xornadas Memoria Diversa, impulsadas pola Deputación da
Coruña

Mariám Mariño

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do
Consello da Cultura Galega

Renée DePalma Ungaro

Centro de Estudos de Xénero e Feministas da Universidade da
Coruña (CEXEF)

COLECTIVOS E ACTIVISMOS LGBT+

Ánxela Lema París

Rede Galega de Estudos Queer

Miguel Suárez Villegas

Club de lectura Queeruña (A Coruña)

O comezo do proceso de debate consistiu en situar actores relevantes no campo da investigación con perspectiva LGBT+ e da divulgación da memoria da disidencia sexual, así como do traslado e accesibilidade desta produción ao ámbito bibliotecario. Así, puxéronse en valor os proxectos que se están a desenvolver en Galicia, sen deixar de reflexionar sobre as carencias e problemáticas que encontran.

A diagnose da mesa comezou polo eixe de pensamento e investigación, que, como dixemos, está directamente relacionado cos outros obxectos de debate. Neste campo a Rede Galega de Estudos Queer, como estrutura organizativa que aglutina investigadoras que centran os seus obxectos de estudo na perspectiva da disidencia sexual, ten a capacidade de ofrecer unha panorámica sobre o estado desta cuestión en Galicia.

Deste xeito, resáltase que, se ben se constata un aumento do interese académico por traballar sobre temas relacionados co colectivo LGBT+ —principalmente traballos de fin de mestrado—, apenas se encontran investigadoras estabilizadas en Galicia que sigan estas liñas.

En consecuencia, o nivel de publicacións científicas con perspectiva LGBT+ producidas en Galicia é moi escaso en comparación co contexto estatal e internacional. Un dos problemas de base tras este paradoxo é a carencia xeral de recursos económicos para a investigación, con escasos fondos destinados ao campo das ciencias sociais, do que parten moitos destes estudos. Xunto con isto, constátase tamén unha ausencia de revistas indexadas que traten esta temática específica, o que, sumado á falta de medios, acaba por dificultar o desenvolvemento de carreiras académicas centradas nos estudos LGBT+. En resumo, identifícase a existencia dunha importante fenda entre o interese existente por desenvolver investigacións deste tipo, os recursos para facelo e as posibilidades de divulgar os resultados.

Ás problemáticas existentes á hora de investigar sobre o colectivo LGBT+ temos que sumar a carencia de guías de boas prácticas precisas para traballar con este colectivo. Referímonos principalmente á

EIXE 3

inexistencia de referencias e recursos que orienten o plano ético destas investigacións e que fuxan do extractivísimo epistémico e académico.

Alén de debuxar unha panorámica sobre as dificultades existentes á hora de investigar cuestións con perspectiva LGBT+ en Galicia, a resposta ás cuestións guía tamén outorgou información sobre como se transmiten estes coñecementos na docencia universitaria no país. Sobre isto, aínda que a perspectiva LGBT+ debería atravesar de xeito interseccional a confección dos currículos docentes, segue a estar ausente en moitas disciplinas, tamén no campo das ciencias sociais. Estas necesidades están recollidas no artigo 24 na Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación do colectivo LGBT+, que anima a realizar actividades de formación para o profesorado e a incorporar estas realidades nos cursos de formación docente e mestrados específicos, ademais de nas titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito. Porén, a introdución destes apartados nestas áreas en particular e na academia en xeral depende en boa medida dos esforzos individuais do profesorado.

En canto á investigación e divulgación en proxectos concretos de historia e memoria da disidencia sexual en Galicia, é de salientar a existencia dun maior número de iniciativas cada ano, que responde a un aumento do interese social con respecto a estes temas.

.....
: Con todo, aínda se detectan barreiras
: á hora de investigar estas cuestións
: nos centros de documentación e
: arquivos de Galicia. Nese senso, cómpre
: reflexionar sobre como mellorar
: a accesibilidade e a indexación
: dos documentos con categorías
: homoxeneizadas, á vez que avanzar na
: democratización do acceso aos fondos
: a través da súa dixitalización e posta á
: disposición do público xeral.

Sobre isto, as trabas burocráticas tamén son un elemento que valorar, con cuestións como os límites de consulta ou de solicitudes de reprografía. Para facilitar este acceso, noutras comunidades autónomas apostouse, a través da lexislación autonómica, por promover a creación de centros de documentación específicos en materia de memoria LGBT+ que compatibilicen a localización, indexación e divulgación de fondos. Exemplos disto son Euskadi, a Comunitat Valenciana e Canarias, como referimos no apartado iniciativas de referencia.

Polo demais, o desenvolvemento de iniciativas culturais encamiñadas a potenciar a construción dunha memoria da disidencia sexual en Galicia comparte os problemas destacados no eixe anterior co resto de proxectos, isto é, escaseza de recursos, desinterese institucional e concentración espacial —nas provincias atlánticas— e temporal —no mes do Orzullo—. Do mesmo xeito, existen dificultades para trasladar estas cuestións ao eido educativo debido a que o sistema está centralizado nos centros de información á muller (CIM), que concentran moitos dos recursos destinados a este fin mais sen unha vontade clara de contribuír a este campo.

No que atinxe ao acceso a bibliografía con perspectiva LGBT+ no ámbito das bibliotecas públicas de Galicia resalta, en primeiro lugar, a falta de partidas orzamentarias específicas que permitan fortalecer esta liña. A este respecto, as iniciativas que existen concéntrase, salvo algunhas excepcións, no ámbito urbano. A pesar de que a Lei 2/2014 insta as bibliotecas públicas de Galicia a artellar unha colección específica con perspectiva LGBT+ que teña visibilidade e sexa accesible en catálogos, estamos moi lonxe de acadar esta realidade.

3.3.4. Desafíos



Mesa de memoria e pensamento, 1 de febreiro de 2023, no Consello da Cultura Galega

CONTIDOS CON PERSPECTIVA LGBT+

Transversalizar os contidos con perspectiva LGBT+ en todas as disciplinas do ensino universitario.

INCLUSIÓN DA DIVERSIDADE

Valorar a perspectiva inclusiva coa diversidade sexual e de xénero nas convocatorias públicas de proxectos divulgativos e de investigación.

CÓDIGOS ÉTICOS

Cubrir a falta existente de códigos éticos que orienten á hora de investigar con/sobre o colectivo LGBT+.

LIÑAS DE COLABORACIÓN

Incrementar a colaboración entre arquivos e centros de documentación para definir liñas comúns de tratamento e accesibilidade ás fontes relativas á historia e a memoria da disidencia sexual. Nese senso, aumentar a dispoñibilidade en liña e para a consulta das fontes de documentación relativas á historia e a memoria da disidencia sexual en Galicia.

ARQUIVO LGBT+

Apoiar a creación dun arquivo ou centro de documentación en memoria LGBT+ de Galicia.

REDE DE INVESTIGACIÓN

Fomentar unha rede de colaboración entre investigadoras, institucións públicas e cooperativas culturais que fomenta e facilite a elaboración de proxectos de investigación, memoria e divulgación que inclúa realidades LGBT+.

DIVULGACIÓN NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS

Incrementar a colaboración entre bibliotecas públicas para compartir proxectos de divulgación de contidos con perspectiva inclusiva. Xunto con isto, garantir que en todas as bibliotecas públicas exista unha sección específica con contidos LGBT+.

APOIO ÁS LIBRARÍAS

Aumentar o apoio público ás librarías especializadas en temáticas LGBT+ e de xénero.

3.3.5. Iniciativas de referencia

Algunhas experiencias galegas

Memoria Diversa. Proxecto financiado pola Deputación da Coruña e comisariado por Marcos López. No marco deste proxecto programáronse dúas xornadas de actividades ao redor da Memoria LGBT+ en Galicia, que se desenvolveron nos anos 2021 e 2022 no pazo de Mariñán (Bergondo). Do mesmo xeito, editouse un libro sobre a historia do colectivo en Galicia, autoría da escritora Eva Mejuto.

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CDIF) do Consello da Cultura Galega. Centro de documentación que alberga publicacións periódicas e documentos de arquivo producidos en Galicia polos colectivos feministas, de mulleres e LGBT+.

Pinto e Maragota. Programa municipal do Concello de Pontevedra que realiza actividades de sensibilización sobre a realidade do colectivo LGBT+, moitas delas centradas na cultura e na memoria. Destaca por realizar actividades educativas, formativas e divulgativas ao longo do ano.

Ferrol Desviado. Proxecto financiado pola Deputación da Coruña e desenvolto por Rexenerando S. Coop. que consiste na posta en valor da memoria das disidencias sexuais da cidade de Ferrol a través dun roteiro guiado.

Congreso Corpos, Xénero e Sexualidade. Congreso interdisciplinario e internacional de investigacións académicas en materias LGBT+ e *queer*, organizado pola Rede Galega de Estudos Queer e financiado pola Deputación da Coruña. Realizado por primeira vez na Coruña no ano 2022.

Queeruña. Club de lectura desenvolto na Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña. Trátase dun club especializado que traballa obras creadas por autores do colectivo LGBT+ ou que tratan esta temática.

Bibliodiversidade (proxecto e guía de boas prácticas). Proxecto de investigación desenvolto polo Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXEF) da Universidade da Coruña que ten como obxectivo promover o uso de material que representa a diversidade afectivo-sexual e de xénero nas aulas. Como resultado, publicouse unha guía de boas prácticas para o seu uso como material didáctico.

«As municipais entenden». Iniciativa das Bibliotecas Municipais da Coruña para catalogar e disponibilizar os fondos que representen a diversidade afectivo-sexual e de xénero e para xerar espazos seguros para a súa consulta e debate. Neste marco publicouse unha guía de fondos.

Club de lectura de Avante LGBT+. Desenvolto por esta asociación na Biblioteca Ánxel Casal de Santiago de Compostela.

Sección LGBT+ da Biblioteca Municipal de Cedeira.

Outras experiencias

L'armari de la Memoria. Servizo público da Generalitat Valenciana encargado da recuperación, conservación, descrición, dixitalización e difusión dos fondos documentais relevantes para construír unha memoria das disidencias sexuais. Xunto con esta función de arquivo, realizan actividades, exposicións e publicacións para dar a coñecer a historia da disidencia sexual na Comunitat Valenciana.

Estrategia de memoria histórica de las disidencias sexuales y de género del Gobierno de Canarias. A través desta iniciativa, promóvese a investigación da historia da disidencia sexual en Canarias a través da recollida, catalogación e difusión de material de arquivo. A estratexia establece a creación dun Archivo de la Memoria Histórica de las Disidencias Sexuales y de Género de Canarias, encargado de desenvolver estas tarefas. Con este fin, realizan xornadas de investigación, vídeos divulgativos, publicacións e investigación histórica sobre este eido.

Rutas por la memoria y la represión de las personas LGBTI de Barcelona, organizadas polo Centro LGBTI de Barcelona (Concello de Barcelona).

Red Memorialista LGTBI. Impulsada pola Fundación Pedro Zerolo e con apoio de diferentes asociacións, ten como obxectivo coordinar actuacións en materia de memoria histórica e democrática LGBT+, á vez que impulsar proxectos de recuperación desta memoria e fomentar a participación de persoas expertas e a colaboración con asociacións.

Asociación Pasaje Begoña. Asociación que nace coa intención de reivindicar o coñecido Pasaje Begoña de Torremolinos (Málaga) como lugar de memoria LGBT+ a través de diversas actividades, iniciativas e publicacións.

Congreso Maricorners. Investigaciones Queer en la Academia. Congreso internacional de investigacións LGBT+ e *queer* desenvolto na Universidad Complutense de Madrid.

Centro de Documentación Virtual de Memoria de los Movimientos LGBT+. Desenvolto polo Departamento de Políticas Sociais do Goberno vasco.

Leis autonómicas que establecen a creación de seccións LGBT+ nas bibliotecas públicas:

- **Cataluña (2014).** Llei 11/2014, del 10 d'octubre, per a garantir els drets de lesbianes, gais, bisexuais, transgèneres i intersexuals i per a eradicar l'homofòbia, la bifòbia i la transfòbia. *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*, núm. 6730, 17 de outubro.

3.3.6. Recomendacións

- **Comunidad de Madrid (2016).** Ley 2/2016, de Identidad y Expresión de Género e Igualdad Social y no Discriminación de la Comunidad de Madrid. *Boletín Oficial de la Asamblea de Madrid*, núm. 51, 21 de marzo.
- **Extremadura (2015).** Ley 12/2015, de 8 de abril, de igualdad social de lesbianas, gais, bisexuales, transexuales, transgénero e intersexuales y de políticas públicas contra la discriminación por orientación sexual e identidad de género en la Comunidad Autónoma de Extremadura. *Diario Oficial de Extremadura*, núm. 68, 10 de abril.
- **Región de Murcia (2016).** Ley 8/2016, de 27 de mayo, de igualdad social de lesbianas, gais, bisexuales, transexuales, transgénero e intersexuales, y de políticas públicas contra la discriminación por orientación sexual e identidad de género en la Comunidad Autónoma de la Región de Murcia. *Boletín Oficial de la Región de Murcia*, núm. 125, 31 de maio.

LGBT History Month. Iniciativa internacional que dedica un mes ao ano á organización de proxectos divulgativos sobre a historia e a memoria LGBT+. Actualmente celébrase en países como Alemaña, Canadá, Brasil ou Reino Unido e céntrase principalmente en actividades culturais e educativas.

OUTing the Past: The International Festival of Lesbian, Gay, Bisexual and Trans History. Constituído como unha asociación, Outing The Past organiza festivais en Reino Unido e Irlanda que contan con encontros e conferencias ao redor da historia LGBT+.

Proxectos de investigación financiados polo Consello Europeo de Investigación: INTIMATE (2014-2019), *Ciudadanía, Cuidados y Derecho a Elegir: Micropolíticas de la Intimidad en Europa del Sur*; TRACE (2023-2027), *Tracing Queer Citizenship over Time: Ageing, ageism and age-related LGBTI+ politics in Europe*.

Factor Q. Boletín de investigación LGBTQI+ no Centro de Estudos Sociais (CES) da Universidade de Coimbra (UC).

A

Elaboración dun código ético relativo a como investigar sobre e co colectivo LGBT+, que preveña o desenvolvemento de prácticas extractivistas. Este código ético debe asumir os valores de escoita, participación respectuosa e devolución dos resultados para as investigacións sobre o colectivo LGBT+ desenvoltas nas universidades galegas. Para elaborar este código sería preciso que participasen as comisións éticas e as unidades de igualdade, en consulta cos activismos LGBT+.

B

As institucións deben valorar nas convocatorias públicas a necesidade de desenvolver proxectos de investigación en materia de diversidade sexual en Galicia. Solucionar a escaseza de recursos para investigar neste campo é o único que pode abrir a porta a que proliferen máis traballos desta índole, imprescindibles para coñecer unha realidade que, como se observa ao longo deste informe, está moi invisibilizada no país. Do mesmo xeito, esta ampliación de recursos permitirá que o interese de traballo nestas temáticas que se detecta nas primeiras fases da carreira investigadora poida desenvolverse cunha proxección de futuro.

EIXE 3

C

Os plans de orientación docente deben contar cunha perspectiva inclusiva coa diversidade para as materias de grao e mestrado, polo que se recomenda que as comisións académicas encargadas teñan presente esta cuestión e tenten aplicala de xeito transversal.

D

Os arquivos galegos deben facilitar a localización e o acceso aos fondos documentais relevantes para a historia e a memoria da disidencia sexual ás persoas que investiguen sobre esta temática. Isto implica revisar trabas innecesarias que limitan a consulta e a reprografía. En paralelo, cómpre promover a dixitalización desta documentación cumprindo cos criterios de anonimización que marca a lexislación de protección de datos.

E

Impulsar un centro de documentación galego en materia de memoria LGBT+. É preciso que esta entidade conte con recursos específicos para recompilar documentación relacionada con esta cuestión e dispoñibilizala en liña, tal e como se está a facer noutras comunidades autónomas.

F

As políticas públicas de memoria democrática en Galicia deben introducir a recuperación da memoria da disidencia sexual entre os seus obxectivos.

G

A Lei 2/2014 recolle no artigo 27 a creación dunha sección específica na Biblioteca de Galicia sobre «o feito LGBT». Nese senso, cómpre actualizar o texto e estender a necesidade de crear esa sección a todas as bibliotecas públicas de Galicia. Trataríase dunha acción que non precisaría de grandes cantidades de recursos, mais que conseguiría poñer á disposición das usuarias, tanto nas cidades como no rural, produción bibliográfica con perspectiva inclusiva coa diversidade. Para complementar esta acción, é preciso que a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia elabore e difunda entre estes centros unha guía sobre como crear seccións propias con contidos LGBT+. Como acción paralela, cómpre incrementar os recursos para a adquisición de libros desta temática e o fomento de clubs de lectura.

EIXE

Educación

MESA DE EDUCACIÓN

Realizada o 19 de outubro de 2022
no Consello da Cultura Galega



4

A educación é unha ferramenta fundamental e básica para a construción dunha sociedade democrática equitativa. Ao longo da nosa vida son moitos os momentos en que, de distintos xeitos, ben sexa a través de redes formais ou informais, participamos dos espazos educativos. Neste senso, e recollendo o sancionado no artigo 26 de Declaración Universal dos Dereitos Humanos e no artigo 27 da Constitución española, as institucións educativas teñen a responsabilidade de crear un ambiente inclusivo e respectuoso para todas as persoas, de forma que se garanta así un espazo de socialización primario coa vocación de paliar a incidencia das desigualdades que atravesan os nosos sistemas sociais. Isto é particularmente importante no relativo á socialización de xénero, tanto no referido á superación dos prexuízos e valores sexistas que dan soporte ao trato desigual entre homes e mulleres e que reproducen a violencia machista e LGBTfóbica como no referido ao benestar e á seguranza de quen historicamente afrontou a discriminación e a estigmatización da súa vida.

.....

A exclusión e a discriminación das persoas LGBT+ nas institucións educativas pode ter efectos graves e duradeiros na saúde mental, no benestar emocional e no desenvolvemento futuro, o que se traduce en illamento social, baixo rendemento académico e abandono escolar, violencia, acoso, discriminación e exclusión.

Aínda que a ausencia de datos específicos sobre a incidencia da discriminación por LGBTfobia nas aulas galegas non nos permita ter unha radiografía exacta da situación no país, no noso contexto máis próximo contamos con datos realmente preocupantes, como os publicados no último informe dispoñible sobre delitos de odio da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior de España, no que se

especifica que as agresións por causa da orientación sexual ou identidade de xénero ocupan o primeiro posto entre as mozas e mozos menores de 18 anos. Ademais, segundo recolle un estudo realizado pola Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans y Bisexuales (Gómez *et al.* 2012: 75), un 43% das persoas que sufriron acoso por LGBTfobia no seu centro de ensino considerou a posibilidade do suicidio, un 35% concretou os plans e un 17% tentou levalo a cabo.

Máis recentemente, o informe da Axencia para os Dereitos Fundamentais (FRA) da Unión Europea (FRA 2020a, 2020b) proporciona datos similares e sostén que unha de cada dez persoas LGBT+ sufriu un ataque físico nos últimos cinco anos na UE, mentres que no contexto educativo un 43% afirma ter sido ridiculizado ou insultado ou ter sufrido ameazas.

Todas estas informacións poñen de manifesto que a exclusión e a discriminación das persoas LGBT+ no contexto educativo formal supoñen un eixe de produción de desigualdades e unha clara vulneración do principio de igualdade de oportunidades, de xeito que é urxente que se adopten medidas para que a diversidade sexual e de xénero sexa recoñecida, protexida, valorada e respectada.

Con todo, para dar conta deste obxectivo é preciso ampliar o foco atendendo non só á violencia e á discriminación, senón tamén a outras formas máis sutís de LGBTfobia que atravesan o espazo educativo, como a ausencia de referentes ou contidos sobre diversidade no currículo escolar, a importancia dunha educación afectivo-sexual integral en todas as etapas educativas ou a visibilidade LGBT+ de todos os axentes que conviven na vida dun centro escolar.

Neste eixe sobre educación recolleemos algunhas reflexións a respecto da situación actual, poñendo de manifesto que a educación é unha ferramenta transformadora e que a diversidade, en todas as súas manifestacións, pode ser un elemento posibilitador de novos escenarios de aprendizaxe.

3.4.1. Obxectivos marco e cuestións relevantes

A mesa de traballo sobre educación do Foro planificouse a partir de tres obxectivos marco que, na súa articulación, permitiron dar conta da súa complexidade e intersección con outros ámbitos como a investigación, a cultura ou a prevención da violencia. Foron, en primeiro lugar, coñecer as ferramentas e os recursos dispoñibles no contexto galego para a creación de espazos educativos seguros para as persoas LGBT+; en segundo lugar, identificar as necesidades de formación para a adecuada atención da diversidade sexual e de xénero nas aulas, e, xa por último, en terceiro lugar, xerar un espazo de escoita co fin de recoller propostas de mellora en relación coa inclusión e recoñecemento da diversidade sexual e de xénero no contexto educativo que poidan dar resposta ás esixencias detectadas en termos de currículo e programas educativos.

Para iso, formuláronse as seguintes cuestións guía para o debate:

A mesa de traballo sobre educación tivo, por tanto, como meta poñer en común como é o traballo sobre diversidade sexual e de xénero nas aulas galegas e baixo que condicións se realiza, compartindo as distintas estratexias en circulación. Tamén analizou a situación das persoas LGBT+ nos espazos educativos a través das percepcións compartidas no discurso das persoas participantes, identificando iniciativas de referencia, retos e urxencias que afrontar por parte das políticas públicas.

Que medios profesionais e técnicos serían precisos para avanzar na creación de espazos educativos máis seguros para as persoas LGBT+?

Que ferramentas sería preciso activar para avanzar na creación de espazos educativos máis seguros para as persoas LGBT+?

O persoal docente e non docente conta con formación axeitada neste ámbito?

O persoal docente conta con formación para a atención de posibles situacións de discriminación á mocidade LGBT+? Que retos poden identificarse?

Que precisarían os currículos ou programas educativos para recoller a realidade e as experiencias das persoas LGBT+?

Que áreas ou figuras sería preciso crear para incorporar as realidades LGBT+ nos espazos educativos?

EIXE 4

3.4.2. Proceso

As maiores dificultades no proceso de recollida de voces participantes e baleirado de información da mesa de traballo sobre educación foron a identificación dos actores e a definición dos perfís. Dado o carácter poliédrico, transversal e multinivel do contexto educativo, a primeira sondaxe derivou nun número moi elevado de voces que dificultaba a participación e a definición das liñas do debate. Neste senso, optouse por focalizar o traballo naqueles aspectos relacionados coa educación regrada, tanto obrigatoria como superior, e deixar fóra do debate aqueles que abranguen a educación nos outros contextos non regrados e ao longo da vida.

A mesa do foro centrada na educación tivo, por tanto, unha participación numerosa, que responde probablemente ao claro interese que este eixe suscita tanto entre colectivos LGBT+ como entre profesionais e responsables institucionais das iniciativas de igualdade.

No eido bibliotecario integraron a mesa Miguel Suárez Villegas, representante do club de lectura Queeruña, e Diego Maseda pola Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña.

Grao de acordo das entidades e colectivos LGBT+ EDUCACIÓN

● Moi de acordo ● Algo de acordo ● Neutral ● Algo en desacordo ● Moi en desacordo



Centros educativos seguros para as persoas LGBT+



Recoñecemento e valoración da diversidade sexual



Formación e medios axeitados para abordar o tema

AXENTES QUE PARTICIPARON

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS INSTITUCIÓN SERVIZOS Á CIDADANÍA

Carmen María Siaba González

Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia, pertencente á Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades

Eva Ovenza Pereira

Área de Igualdade da Deputación da Coruña

ENTIDADES ESPECIALIZADAS

Ana Aba Catoira

Universidade da Coruña

Águeda Gómez Suárez

Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo

Marta Pérez Pereiro

Oficina de Igualdade da Universidade de Santiago de Compostela

María Begoña Castro Iglesias

Colexio Oficial de Psicoloxía (COP)

María José Ferreiro

Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos (CONFAPA)

José Manuel Suárez

Asociación Profesional de Pedagogos/as e Psicopedagogos/as de Galicia

Celso Taboada Lourenzo

Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega (APAIOGA)

Fernando Lacaci Batres

Confederación de ANPAS Galegas

COLECTIVOS E ACTIVISMOS LGBT+

Cristina Palacios Castro

ARELAS, Asociación de Familias de Menores Trans*

Tasirga Merina de Castro

Erguer

3.4.3. Diagnose

As reflexións recollidas durante o debate da mesa de traballo sobre educación incidiron en que o contexto educativo non é homoxéneo, de modo que existe unha gran diferenza entre recursos, iniciativas e sensibilidade ao longo de toda a xeografía galega. Deste xeito, existe unha sobrerrepresentación de iniciativas centradas nos contextos urbanos do eixe atlántico, pero grande escaseza de traballo e recursos nos outros contextos xeográficos.

A educación regrada obrigatoria é un momento formativo clave para a transmisión de valores como o respecto e a equidade, xa que é un momento único no que todas as persoas no noso desenvolvemento cidadán compartimos un mesmo itinerario formativo con independencia doutros factores sociodemográficos.

Con todo, parecen existir indicios de fatiga formativa entre o alumnado; isto implica que as accións e iniciativas en circulación non chegan a acadar os obxectivos previstos, quizais debido ao constante enfoque deontolóxico —sobre os deberes, preceptos e regras de conduta morais— e á ausencia de espazos de discusión e debate que fomenten a participación horizontal da comunidade educativa atendendo ás súas específicas preocupacións e inquedanzas arredor da diversidade sexual e de xénero.

Se ben é certo que existen normativas e protocolos que buscan garantir a convivencia nos espazos escolares e propoñen medidas para resolver as situacións de acoso e discriminación, non sempre se cumpren porque ou ben non son ferramentas aplicables á pluralidade de situacións presentes nas escolas ou ben non son coñecidas. Neste senso, existe un gran descoñecemento sobre os recursos dispoñibles e sinalase especialmente a ausencia dunha figura insti-

tucional reitora que acompañe nos procedementos e brinde apoio na execución e seguimento dos protocolos. A este respecto, as persoas asistentes indicaron que en determinados contextos e situacións aínda existe un clima de hostilidade cara ás persoas LGBT+ e con toda acción educativa dirixida á sensibilidade cara á diversidade sexual e de xénero, polo que en moitas ocasións a presenza da diversidade sexual e de xénero nos plans de igualdade dos centros ou mesmo a activación dos protocolos naqueles casos precisos quedan suxeitas á boa vontade das profesionais ou á súa solicitude formal.

Por outra banda, en relación cos programas de sensibilización e formación específicos sobre diversidade sexual e de xénero, sinalouse que, aínda que existen algunhas iniciativas, estas parecen estar formuladas *ad hoc* sen atender ás necesidades manifestadas nos distintos contextos educativos, en moitos casos proxectadas ao abeiro de días sinalados no calendario e carentes do impacto desexado nas aulas. É importante sinalar, así, que a diversidade sexual e de xénero está presente e existe todos os días do ano, polo que cómpre superar esa dinámica calendarizada e reproducida a través das administracións de distintos niveis e fomentar unha estratexia máis ampla que responda a un plan pedagóxico coordinado entre todas as administracións con competencia neste eido e que estea situada no contexto cotián da práctica educativa. Así mesmo, non é suficiente con dispoñer de accións e iniciativas de sensibilización, senón que é fundamental tamén que todos estes programas sexan sometidos a un proceso de avaliación de políticas educativas co fin de identificar os acertos e medir o seu impacto e oportunidade de transformación.

A mesa de traballo sobre educación do Foro tamén deu conta da situación na vida dos centros educativos e nela púxose de manifesto que o persoal docente e non docente non conta en todos os casos con formación específica. A diversidade sexual e de xénero non forma parte neste momento dos itinerarios de formación inicial do profesorado e as pro-

EIXE 4



Mesa de educación, 19 de outubro de 2022, no Consello da Cultura Galega

postas de formación continua non están a chegar a todos os profesionais. Manifestouse, así, a necesidade de elaborar un plan de formación estratéxico para todo o persoal docente e non docente dos centros educativos.

.....

Un aspecto innovador salientable é a existencia nalgúns centros da figura de persoa responsable de diversidade sexual e de xénero; unha figura que reúne as tarefas de coordinación das actividades de sensibilización e de fomento e guía de grupos de apoio entre pares.

Púxose de manifesto a importancia clave desta figura, pois sitúa a responsabilidade de coordinación entre o equipo docente e actúa de referencia visible para o alumnado. Con todo, a ausencia dun recoñecemento formal deste posto redonda na sobreesaturación de tarefas do persoal docente, especialmente

dos equipos de orientación, e dilúe esta actividade na boa vontade persoal.

Entre as grandes dificultades atopadas, destaca tamén a ausencia de datos científicos sobre a diversidade sexual e de xénero nas aulas galegas, así como sobre a incidencia do acoso por LGBTfobia. Deste xeito, púxose de manifesto a dificultade de formular programas ou accións educativas que sexan realmente transformadores e dean resposta ás necesidades das aulas sen esta sondaxe previa.

3.4.4. Desafíos



Exposición *Sen cancelas. Memorias do arco da vella en Galicia* no Instituto Politécnico de Vigo, setembro de 2022

Entre os desafíos e retos principais para traballar no ámbito educativo que se manifestaron na mesa de debate, cómpre destacar os seguintes:

COORDINACIÓN

Favorecer unha maior coordinación do traballo das administracións a respecto das distintas iniciativas sobre a diversidade sexual e de xénero no ámbito educativo. Procurar o traballo en rede e o maior aproveitamento dos recursos.

CURRÍCULOS ESCOLARES

Incluír nos currículos escolares a perspectiva da diversidade e a disidencia sexual.

CUMPRIMENTO DE PROTOCOLOS

Facer un seguimento e avaliación da operatividade dos protocolos e do seu cumprimento.

MATERIAIS E RECURSOS

Fomentar a produción de materiais, ferramentas e recursos (económicos e humanos) fundamentados nunha estratexia pedagóxica de inclusión da diversidade.

FORMACIÓN

Promover a formación e profesionalización do posto de atención á diversidade sexual e de xénero nos centros de ensino.

EQUIPOS DE ORIENTACIÓN

Dimensionar os equipos de orientación de acordo coas súas funcións.

LIÑAS DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA

Promover liñas de investigación educativa sobre diversidade sexual e de xénero e dotalas de mecanismos de transferencia.

PROFESORADO

Elaborar un plan de formación do profesorado rigoroso e un cronograma de aplicación que permita a súa implantación presencial.

INCLUSIÓN DA DIVERSIDADE

Garantir a inclusión da diversidade sexual e de xénero nos plans de igualdade dos distintos niveis educativos.

3.4.5. Iniciativas de referencia

As iniciativas de referencia aquí presentadas son aquelas que incorporan metodoloxías e estratexias innovadoras que demostraron o seu éxito para acadar novos e mellores escenarios de aprendizaxe que revertan en todo o contexto educativo e inspiren novas actuacións que favorezan un clima de seguranza e respecto para todas as persoas que forman parte da comunidade educativa.

Na xeografía galega atopamos varias iniciativas de referencia que poñen en valor distintas dimensións do que é un contorno educativo sensible coa diversidade sexual e de xénero, de tal xeito que promoven o respecto, a inclusión e a equidade para todas as persoas da comunidade educativa independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

- Os comandos de igualdade e os grupos de diversidade (grupos de intercambio de pares).
- As redes profesionais de traballo conxunto (investigadoras, profesorado, centros de investigación feminista e/ou unidades de igualdade).
- A guía de recursos da provincia da Coruña de servizos, entidades e programas LGBT+.
- Catálogos de materiais e recursos sobre diversidade a través do catálogo dalgúns bibliotecas escolares ou dalgúns proxectos en bibliotecas municipais como o proxecto Bibliodiversidade.
- O premio convocado por ARELAS, «Escolas sen armarios. Libres de LGBTfobia», que trata de recoñecer o labor que están facendo os centros educativos pola inclusión e visibilidade.
- Os contratos do programa Quérote+ como espazos de referencia en educación afectivo-sexual, que levan dezaseis anos traballando neste ámbito.

Cómpre sinalar que as iniciativas recollidas non son receitas que sirvan para todos os lugares e persoas, senón que debe terse presente que o seu éxito pode variar segundo o contexto e os obxectivos específicos de cada programa educativo. Con todo, de todas elas podemos obter algunhas ideas comúns:

- Proporcionar ferramentas de sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero a todos os axentes dunha comunidade educativa.
- Incluír a diversidade sexual e de xénero como actividades formativas nos distintos contidos curriculares en materias como Historia, Ciencias Sociais, Lingua e Literatura etc.
- Empregar linguaxe inclusiva na comunicación con estudantes e proxenitores.
- Proporcionar un ambiente de apoio e escoita para estudantes LGBT+.
- Fomentar a participación e o liderado do estudiantado LGBT+ no contexto educativo.
- Colaborar con organizacións LGBT+ do contorno da comunidade.
- Establecer políticas antiacoso e de non-discriminación na escola.
- Ofrecer servizos de acompañamento e apoio mutuo a estudantes LGBT+ e ás súas familias.
- Proporcionar información sobre recursos externos como organizacións LGBT+, campañas especializadas ou recursos de educación afectivo-sexual integral.
- Celebrar a diversidade sexual e de xénero na escola a través de actividades e eventos como o Día da Visibilidade Trans*.
- Fomentar a inclusión do estudiantado LGBT+ nas actividades deportivas ou noutras actividades extracurriculares.
- Proporcionar espazos inclusivos como baños ou vestiarios respectuosos coa identidade de xénero.
- Ofrecer formación e recursos para familias sobre diversidade sexual e de xénero.
- Revisar e actualizar con regularidade as políticas e prácticas da escola (formularios de matrícula ou de comunicación coas familias, etc.) para garantir a inclusión de todos os modelos familiares e a equidade para todas as persoas.

3.4.6. Recomendacións

Os espazos educativos deben ser lugares seguros nos que se fomenten os valores de igualdade e equidade e nos que non medie ningún tipo de discriminación pola orientación sexual ou identidade de xénero, mais tamén deben ser lugares que fomenten o intercambio de ideas nun clima afectuoso que favoreza o diálogo e a expresión de ideas. Tendo en conta os retos e desafíos sinalados, establécese unha serie de recomendacións:

A

Elaboración de informes, estatísticas e estudos, protocolos, guías e ferramentas que aborden a diversidade sexual e de xénero e que proporcionen datos sobre a situación das persoas LGBT+ no contexto galego.

B

Incorporación aos currículos escolares da perspectiva da diversidade sexual e de xénero en todas as etapas educativas.

C

Elaboración dun plan de formación do profesorado sobre diversidade afectivo-sexual que inclúa todas as etapas educativas e dea prioridade á formación presencial.

D

Promoción dunha estratexia articulada de formación inicial e continua en diversidade sexual e de xénero para todos os axentes da comunidade educativa, incluída a inspección educativa.

E

Creación do posto de responsable de diversidade sexual e de xénero nos centros educativos, coa especificación do axente responsable e a definición das súas tarefas.

F

Promoción de liñas de financiamento específicas que promovan a investigación educativa sobre diversidade sexual e de xénero nas aulas.

EIXE 4



Xornada Pensar con Orgullo III, 20 de xuño de 2022, no Consello da Cultura Galega

G

Creación dunha unidade de asesoramento, recursos e acompañamento sobre diversidade sexual e de xénero.

H

Promoción da avaliación educativa das políticas e accións de sensibilización impulsadas desde as administracións.

I

Establecemento dunha guía de actuación que identifique as condutas discriminatorias por orientación sexual e de xénero e o modo de proceder en cada caso.

L

Difusión e coñecemento dos protocolos de actuación e ferramentas dispoñibles, así como aplicación de medidas de control e garantía do seu cumprimento.

M

Articulación das campañas de sensibilización das distintas administracións arredor dunha estratexia pedagóxica máis ampla e sostida no tempo.

EIXE

Deportes

MESA DE DEPORTES

Realizada o 15 de febreiro de 2023
no Consello da Cultura Galega



5

O deporte foi historicamente un lugar de poder masculino, un espazo reservado aos homes que cumprían cos requisitos da denominada masculinidade hexemónica —heterosexualidade, desenvolvemento físico, e escasa ou pouca afectividade— (Connell 1995; Connell / Messerschmidt 2005). Esta dominación masculina explica a escasa participación das mulleres e o rexeitamento da diversidade sexual e de xénero na práctica deportiva ao longo do tempo.

A pesar do cambio social experimentado na sociedade, o deporte continúa a ser un dos piares máis acentuados da dominación patriarcal, con grande hostilidade cara á presenza das persoas do colectivo LGBT+ nos espazos de práctica e competición deportiva.

No terreo deportivo, ata hai relativamente poucos anos resultaba habitual o uso de expresións de carácter despectivo para referirse aos homes que non superaban os estándares mínimos agardados (mena, meniña, marica). Á vez, empregábanse cualificativos para aludir ás mulleres cun rendemento ou unhas calidades moi por enriba do común (marimacho, *machirulo*, lesbiana), que servían para sancionar positiva ou negativamente a deportistas. Estas prácticas LGBTfóbicas exerceron e aínda exercen tal presión que en moitas ocasións expulsan da institución e da práctica deportivas as persoas do colectivo LGBT+.

A pesar de que a situación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais progresou considerablemente nos últimos anos na súa loita pola igualdade de dereitos, o ámbito deportivo segue sendo un dos espazos máis impermeables á aceptación e promoción da diversidade na orientación sexual ou identidade de xénero. De aí que poucas persoas deportistas fagan pública a súa orientación sexual, por medo a represalias, e tamén son escasas as orga-

nizacións e institucións deportivas que promoven o deporte entre o colectivo LGBT+.

No noso país non existen, polo de agora, estudos científicos que analicen a situación das persoas gais, lesbianas, transexuais e bisexuais no deporte; con todo, existen datos preocupantes sobre a situación deste colectivo no mundo do deporte: o 64,5 % do alumnado de secundaria nas clases de Educación Física presenciou comportamentos homofóbicos entre estudantes e sufriuno en primeira persoa nalgunha ocasión (Piedra / Rodríguez / Ries / Ramírez 2013). Entre os delitos de odio máis denunciados en 2021 figuran os motivados pola orientación sexual das persoas (466), moitos deles acaecidos tamén en estadios deportivos, cun ascenso do 67,6 % respecto a 2019.

Nese eixe sobre o deporte queremos reflexionar arredor da situación actual e brindar ferramentas e propostas útiles para mellorar a situación.



3.5.1. Obxectivos marco e cuestións relevantes

Na mesa de traballo do Foro realizada sobre o deporte os dous obxectivos marco foron, en primeiro lugar, coñecer as necesidades e demandas das persoas LGBT+ galegas con relación ao deporte e, en segundo lugar, xerar un espazo de escoita de voces diversas composto por axentes institucionais, sociais e activistas LGBT+ co fin de identificar os retos que deben afrontar as políticas públicas para dar resposta ás necesidades do colectivo LGBT+ no eido do deporte.

Para iso, formuláronse unha serie de cuestións guía de cara ao debate:

Que podemos facer para que o deporte sexa un espazo máis inclusivo e seguro para as persoas LGBT+? Os equipamentos deportivos están deseñados con este enfoque?

Hai algo que caracteriza a LGBTfobia no deporte de forma específica? Existen violencias concretas? Como se manifestan?

Que barreiras ou atrancos afrontan as persoas LGBT+ na práctica deportiva?

Cales son as dificultades que experimentan as persoas LGBT+ para ser referentes no ámbito do deporte? Que visibilidade e recoñecemento teñen?

A mesa de traballo sobre deporte tivo como impulso inicial, por tanto, avaliar como é a situación das persoas LGBT+ en Galicia, no seu día a día, nos espazos cotiáns e de práctica deportiva, así como identificar experiencias e percepcións no discurso das persoas participantes, pero tamén posibles boas prácticas e políticas necesarias para conseguir que o deporte sexa un espazo inclusivo e seguro para as persoas LGBT+.

EIXE 5

3.5.2. Proceso

A maior dificultade no proceso de recollida de voces participantes na mesa de deporte foi reunir un número amplo de actores, especialmente de carácter institucional mais tamén sociodeportivos; lamentablemente, non foi posible contar coa percepción das entidades e colectivos LGBT+ galegos respecto de cuestións relacionadas co ámbito do deporte.

AXENTES QUE PARTICIPARON

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS INSTITUCIÓNS SERVIZOS Á CIDADANÍA

Cristina López Villar
Vicerreitorado de Igualdade, Cultura e Deporte da
Universidade da Coruña

Manuela Vázquez
Universidade da Coruña

COLECTIVOS E ACTIVISMOS LGBT+

Mercé Barrientos
Mulleres Deportistas Galegas (MUDEGA)

Clara Díaz e Iciar Cervantes
As Brigantias Roller Derby

Cristy Shedimar
Deportista

Bárbara G. Vilariño
Activista, xornalista



Exposición *Sen cancelas. Memorias do arco da vella en Galicia* no Instituto Xelmírez I, en Santiago de Compostela, febreiro de 2023

3.5.3. Diagnose

As reflexións de partida na mesa fixeron fincapé no feito de que o propio contexto estrutural deportivo é violento. Existe unha lóxica inherente de carácter patriarcal que é preciso deconstruír, ao tempo que se cuestiona o modelo vixente de competición deportiva, que perpetúa as desigualdades de xénero.

O imaxinario do rendemento deportivo está pensado en función dun corpo normativo masculino e aquilo que non encaixe nese marco queda fóra.

O suxeito do deporte en xeral relaciona a maioría das actividades deportivas cos corpos masculinos e o deporte de carácter artístico —por exemplo, ximnasia rítmica, patinaxe etc.— cos corpos femininos. No caso da patinaxe, por exemplo, cando se trata dunha parella de baile, os estereotipos amplifícanse: as patinadoras son máis pequenas e delgadas que os seus compañeiros para facilitar que eles demostren a súa masculinidade asociada á forza. Son homes que realizan un deporte artístico, poden levar vestimentas axustadas e con brillos, pero asumen o papel de soste-la muller, de lanzala nas súas acrobacias.

Por outra banda, as persoas participantes sinalaron que en determinados contextos e situacións aínda continúa habendo un clima hostil cara ás persoas LGBT+ que se traduce en casos de discriminación, acoso e mesmo violencias. Os centros educativos teñen a posibilidade de ir eliminando as discriminacións e creando actitudes inclusivas entre o alumnado; con todo, é a educación física unha das áreas en que máis traballo queda por facer para fomentar unha maior inclusión das mulleres no deporte e o rexeitamento da LGBTfobia na práctica deportiva. Ao mesmo tempo, o deporte federado segue a transmitir un modelo patriarcal. Isto provoca que, cando unha persoa sae da norma e se fai visible, é susceptible de sufrir violencias, pois «o visible molesta», a diversidade de corpos máis alá do canon e da norma é discriminada.

A mesa de traballo sobre deporte tamén deu conta dos prexuízos das empresas de patrocinios, que non apostan do mesmo xeito polos clubs femininos e que nalgúns casos mesmo fan xuízos de valor sobre os uniformes que patrocinan (deseño, traxes etc.).

Na actualidade, existe un nivel de violencia verbal elevado, especialmente en forma de comentarios realizados nos vestiarios masculinos, e lamentablemente moitos medios de comunicación exercen e reproducen violencias que convierten as persoas disidentes da norma en obxecto de mofa e menosprezo. Ademais, os medios de comunicación potencian a imaxe dos corpos canónicos e as orientacións sexuais hexemónicas no mundo do deporte, e isto é tamén unha forma de exercer violencias sobre todo o que se escapa da norma, ao ocultalo. Deste xeito, hai persoas disidentes que practican deporte e se ven obrigadas a «non saír do armario» para poder seguir practicándoo sen verse sometidas a estereotipos negativos, á falta de apoio, á discriminación na selección dun equipo ou á esixencia de gardar silencio, ademais da atención negativa dos medios. Todo iso induce a que as persoas LGBT+ se vexan forzadas a permanecer invisibilizadas e silenciadas. Esta opción de vida non é tanto unha escolla individual respectable, senón que a miúdo representa unha estratexia de supervivencia, polo menos ata que as súas carreiras deportivas se consoliden e sexan exitosas. Moitas das persoas deportistas que se manteñen agochadas «no armario» foxen do estigma que supón ser sinaladas como fóra da norma.

EIXE 5

3.5.4. Desafíos



Mesa de expertas, 14 de decembro de 2022, no Consello da Cultura Galega

Entre os desafíos e retos principais que hai que traballar tanto no deporte escolar como no mundo deportivo en xeral e que se trasladaron na mesa de debate destacan:

DEPORTE MIXTO

O fomento do deporte mixto desde idades temperás para romper coas prácticas segregadas por sexo.

PATIOS COEDUCATIVOS

A creación de patios coeducativos. Os patios das escolas son lugares de aprendizaxe, socialización e desenvolvemento persoal, lugares axeitados para fomentar as relacións interpersoais, a creatividade, a cooperación, a inclusión e a convivencia.

DIVERSIDADE DOS CORPOS

A incorporación e naturalización da diversidade dos corpos máis alá do canon e da norma.

INTERSEXUALIDADE

O recoñecemento da intersexualidade no deporte fronte á excesiva clasificación e definición de compartimentos estanco que implican que algunhas persoas non teñan cabida.

SENSIBILIZACIÓN FRONTE AOS PREXUÍZOS

A sensibilización fronte aos prexuízos machistas sobre as persoas trans, como por exemplo «que xogan / compiten con vantaxe».

XESTIÓN DOS VESTIARIOS

A necesidade de xestionar vestiarios para persoas trans nas instalacións deportivas. Unha proposta sería a creación de «vestiarios queer» co seu rótulo correspondente.

PERSPECTIVA INTERSECCIONAL

O desenvolvemento dunha perspectiva interseccional nas medidas que adoptar no deporte, para ter en conta diversos factores (orientación sexual e de xénero, clase social, capacidades, raza, idadeismo etc.) e a súa incidencia na práctica deportiva.

3.5.5. Iniciativas de referencia

As seguintes referencias son experiencias e actuacións que abren camiño e inspiran a mellora das actuacións tanto no marco das entidades e clubs deportivos como no ámbito institucional. Trátase de poñer en valor distintas actuacións que representan verdadeiras alternativas para garantir a inclusión e a diversidade sexual e de xénero. Esta selección tamén busca recoñecer aquelas políticas encamiñadas a previr e loitar contra a LGBTfobia nas escolas e no ámbito do deporte.

Algunhas experiencias galegas

Equipo de fútbol sala de Burela. Leva a cabo interesantes iniciativas como o programa preventivo segundo o ciclo ovárico.

«**Deportes sen odio**». Campaña do Concello da Coruña, LES Coruña, Palestra e Club Silva SD.

Caixa de correo física e dixital. Posta en marcha polo Club Silva SD, nela recóllense denuncias de situacións de discriminación en adestramentos, vestiarios ou partidos.

Palestras para adestradores cishetero.

Atlántigas Club Deportivo. Primeiro club ciclista galego fundado por mulleres que integra persoas disidentes e funciona baixo mecanismos de autoxestión.

As Brigantías Roller Derby. Equipo feminista que promove a defensa dos dereitos LGBT+ a través da organización eventos para darlles visibilidade e recoñecemento ás disidencias sexuais.

Avalon Kai Club. Club deportivo que fomenta a creación de espazos seguros para persoas disidentes e visibiliza a perspectiva e os dereitos LGBTI.

DeportIguízate Instagram. Programa da Universidade da Coruña para a prevención do sexismo a través do deporte que inclúe obradoiros de sensibilización sobre o colectivo LGBT+ no deporte.

Corres como una niña. Libro de David Guerrero, xornalista, asesor da Federación Española de Atletismo e presidente da Asociación Deporte y Diversidad.

Outras experiencias

Sección de Taekwondo LGTB, federación de Valencia.

Vestiarios deportivos *queer*, Malmö, Suecia.

Ferramentas LGBTI+ no deporte do Consejo General de la Educación Física y Deportiva (Consejo COLEF).

Rede de investigación en LGBTI+, educación física e deporte (LGTBI+EFD). Está composta polos principais centros españois que inician a investigación e a formación-sensibilización sobre esta temática.

Gai Games. Evento multideportivo organizado pola comunidade LGBT+ cada catro anos, similar aos Xogos Olímpicos. En 2026 terá lugar en Valencia.

Rede LGBTI do Consejo Superior de Deportes.

Agrupación Deportiva Ibérica LGTBI+. Formada por quince clubs e un total de case tres mil deportistas LGBT+ de España e Portugal.

Diversport. Club multideportivo de Málaga.

Cierzo proLGTB. Asociación deportiva de Zaragoza.

Miaukatuz Kirol Kluba. Equipo mixto e inclusivo de voleibol de Vitoria-Gasteiz.

Panteres Grogues. Club multideportivo LGTBI+&Friends de Barcelona.

Samarucs. Club deportivo LGBT+ máis lonxevo de Valencia.

Federación Europea de Deportes para Gais e Lesbianas (EGLSF). Fundada en 1989 por clubs alemáns e neerlandeses despois dos primeiros Gai Games en San Francisco.

EuroGames. Evento deportivo inclusivo europeo que desde 2016 se realiza nunha cidade europea diferente.

3.5.6. Recomendacións

O deporte, tanto no ámbito educativo como no de base ou profesional, debe estar destinado a todas as persoas, sen ningún tipo de discriminación pola súa orientación sexual ou identidade xénero nin pola súa condición física, social ou cultural. Tendo en conta os retos e desafíos sinalados anteriormente, establécense unha serie de recomendacións:

A

Actualización da Lei 3/2012, do deporte de Galicia, para incluír aspectos LGBT+ a través de artigos semellantes aos da nova lei estatal.

B

Elaboración por parte do Goberno galego de **informes, estatísticas, estudos, protocolos, guías e calquera outra ferramenta** sobre a importancia do deporte inclusivo e diverso, coa inclusión de datos sobre a situación das persoas LGBT+.

C

Formación obrigatoria do persoal técnico deportivo sobre a perspectiva LGBT+ e de xénero.

D

Creación de **espazos seguros e espazos de recoñecemento e visibilidade**, con especial fincapé na avaliación e transformación das instalacións e infraestruturas deportivas.

E

Elaboración e difusión de **códigos éticos e de boas prácticas nos medios de comunicación** para combater os estereotipos sexistas.

F

Creación dun recurso de **acompañamento xurídico** ao que recorrer cando se produce algún episodio LGBTfóbico no contexto deportivo.

G

Fomento de **deportes inclusivos e modelos deportivos** que inclúan **corpos diversos**, que se afastan do canon e da norma.

H

Elaboración de códigos éticos que regulen a participación de persoas disidentes sexuais nas **competicións deportivas** e que impidan que as **empresas de patrocinios** vinculadas ao deporte exerzan e reproduzan violencias.

I

Creación de **contidos e programas educativos** en favor da diversidade sexual e de xénero no deporte.

EIXE

Sanidade e servizos sociais

MESA DE SANIDADE

Realizada o 19 de outubro de 2022
no Consello da Cultura Galega

MESA DE SERVIZOS SOCIAIS

Realizada o 14 de decembro de 2022
no Consello da Cultura Galega



6

As persoas LGBT+ forman parte innegable da sociedade galega. A pesar de que este colectivo constitúe un grupo social cuantitativamente e cualitativamente relevante no noso país (Gil-Borrelli *et al.* 2017), a orientación sexual e a identidade de xénero non están recollidas na maioría das estatísticas e estudos sobre saúde e servizos sociais, polo que pouco se coñece acerca das necesidades específicas, problemáticas e desigualdades no ámbito da saúde e a atención asistencial da poboación LGBT+ en Galicia.

A sanidade e os servizos sociais son dous piares fundamentais do Estado do benestar. O seu labor vai moito máis alá do acompañamento asistencial, pois son dous axentes de prevención e eliminación da discriminación e as violencias LGBTfóbicas.

Os servizos sociais tiveron un pulo importante na nosa comunidade coa Lei 13/2008, mais, como todo texto lexislativo, é necesario actualizala para dar conta das novas realidades e necesidades sociais. Nun país envellecido como é Galicia, a necesidade de ter presente a variable da idade é fundamental. Cómpre fomentar prácticas que contribúan a construír un tecido participativo que sirva de base para a loita contra a soidade non desexada. As persoas maiores LGBTI+ viven situacións de dependencia extrema sen avaliar por temor a seren recoñecidas na súa orientación sexual, o que implica unha falta de recursos para poder manter unha vida de calidade.

Servizos sociais e sanidade van da man na consecución desa calidade de vida. Un estudo da Organización Mundial da Saúde (2018) sinalou que as persoas LGBT+ afrontan iniquidades en saúde e, en comparación coa poboación heterosexual, este colectivo presenta unha maior prevalencia de certos problemas relacionados co estigma social e a negación dos seus dereitos. A falta de aceptación persoal, familiar

e social en relación coa orientación sexual e a identidade de xénero non normativas poden afectar á saúde mental e á seguridade e benestar das persoas LGBT+, que a miúdo enfróntanse a barreiras para acceder tamén aos servizos asistenciais adecuados. Un estudo publicado no *Journal of General Internal Medicine* (Hatzenbuehler *et al.* 2019) identificou que as persoas LGBT+ son menos propensas a acudir aos servizos de atención primaria, nos que é difícil contar con persoal sanitario que posúa coñecementos sobre as necesidades e dificultades do colectivo.

A esta reticencia a acudir aos servizos sociosanitarios hai que engadir a falta de atención ou a atención ineficiente destes servizos ás persoas LGBT+. Os prexuízos desempeñan un papel crucial contra o colectivo, que se suman aos danos emocionais, psicolóxicos e físicos que causan a estigmatización, o illamento, o acoso e a violencia verbal e física. Só asegurando un bo funcionamento dos servizos sociosanitarios se pode garantir un acceso igualitario a servizos e recursos. Non obstante, a perspectiva LGBT+ é de recente incorporación, o que implica que as e os profesionais da sanidade e os servizos sociais están vendo incrementado o seu volume de traballo —xa de por si inxente— sen a dotación humana e material que tal empresa requiriría.

Os estudos máis recentes insisten na necesidade de incorporar a perspectiva da diversidade sexual e de xénero no conxunto das políticas de saúde. Segundo a última enquisa europea sobre a realidade do colectivo LGBT+, un 28 % das persoas enquisadas en España afirmaba non compartir nunca con ningún profesional da saúde a súa orientación sexual ou identidade de xénero (FRA 2014). É dicir, máis alá das necesidades específicas do colectivo, é fundamental desenvolver accións para combater a discriminación, a invisibilidade e o heterosexismo entre as e os profesionais da saúde e dos servizos sociais.


Os dous ámbitos que inclúe este eixe temático —sanidade e servizos sociais— foron traballados en mesas distintas, pero son presentados nun mesmo eixe. Este tratamento conxunto fundaméntase nos seguintes feitos. Por unha banda, estes ámbitos engloban a

meirande parte das tarefas asistenciais que desenvolven as principais asociacións LGBT+. Por outra, as profesionais destes dous sectores prestan os seus servizos de xeito coordinado ou incluso, en moitos centros de saúde e hospitais, nos mesmos espazos.

Cando falamos de promoción da saúde referímonos a cuestións como o acompañamento da poboación trans no sistema sanitario para axudar a clarificar os procesos de derivacións e os protocolos de acceso, as probas do VIH, o apoio no acceso a métodos profilácticos como a profilaxe preexposición (PrEP) ou os servizos de apoio psicolóxico que se ofertan dende as propias asociacións.

Neste punto é fundamental destacar que os colectivos LGBT+ adoitan ofrecer acompañamento e apoio nos trámites coa Administración, como as solicitudes de asilo —se falamos de poboación migrante— e de prestacións, bancos de alimentos, casas de acollida, recursos específicos e toda unha gama de servizos asistenciais cos que tentan cubrir a atención ineficiente á que nos referiamos.

Por este motivo, aínda que analizamos por separado cada un destes ámbitos, interesa poñelos a dialogar nun mesmo eixe para obter unha panorámica das carencias que atopan, en conxunto, as persoas LGBT+ no sistema sociosanitario galego.



O coruñés Tomás Fábregas converteuse nun referente mundial na loita contra a discriminación das persoas portadoras do virus da inmunodeficiencia humana (VIH)

3.6.1. Obxectivos marco e cuestións relevantes

O obxectivo principal que guiou este eixe foi coñecer as necesidades e demandas das persoas LGBT+ galegas en relación coa saúde pública e os servizos sociais. Para isto, interesou xerar un espazo de escoita de voces diversas composto por axentes institucionais, sociais e activistas LGBT+, co fin de identificar os retos que deben superar as políticas públicas en resposta ás necesidades do colectivo LGBT+ nos servizos sociosanitarios.

De xeito paralelo, optouse por desenvolver un exercicio de pescuda sobre a incorporación da perspectiva LGBT+ aos servizos sociosanitarios galegos. Polo tanto, identificouse as profesionais de referencia encargadas de desenvolver as políticas sociais con perspectiva LGBT+ nestes eidos. Así mesmo, interrogouse sobre os orzamentos e a dotación de recursos dos centros existentes.

Aínda que con obxectivos compartidos, as preguntas de referencia estiveron adaptadas aos ámbitos de sanidade e servizos sociais por separado; ámbitos que, como se dixo, foron traballados en dúas mesas diferentes. É por isto polo que decidimos trasladalas de xeito independente.

Así, formuláronse unha serie de **cuestións guía de cara ao debate sobre servizos sociais e de sanidade**:

En xeral, son as persoas LGBT+ usuarias dos servizos sociais?

Recursos sociais específicos para persoas LGBT+ (naqueles que identificamos na dinámica anterior).

Os centros de información á muller (CIM): poñendo atención ao asesoramento, acompañamento e asesoría xurídica.

Protocolos de prevención e atención á poboación LGBT+ en servizos sociais (apuntar se existen protocolos xerais que teñan en conta a realidade LGBT+ e se existen protocolos específicos).

Orzamentos específicos destinados a políticas públicas dirixidas a persoas LGBT+ no ámbito social?

Que protocolos sanitarios serían precisos para unha axeitada atención ás persoas LGBT+?

O persoal dos servizos de saúde conta con formación axeitada para atender as necesidades e situacións particulares das persoas LGBT+?

Que retos identificamos no acceso xeral á saúde das persoas LGBT+?

Cales son os retos relacionados cos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres lesbianas e outras persoas LGBT+?

Que retos identificamos nos servizos dirixidos a persoas trans (cirurxías, acompañamento psicolóxico, logopedia...)?

3.6.2. Proceso

O proceso de recollida de voces participantes contou cun número diverso de actores institucionais, como as administracións públicas —SERGAS, Valedoría do Pobo ou Deputación de Lugo—, mais tamén con actores relacionados cos activismos e colectivos especializados, como o Comité AntiSida, SOS Sanidade Pública ou procedentes do apoio xurídico a ARELAS.

AXENTES QUE PARTICIPARON MESA DE SANIDADE

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS INSTITUCIÓN SERVIZOS Á CIDADANÍA

María Loureiro García
Deputación de Lugo

María del Mar Barcón Sánchez
Valedoría do Pobo

Josefina Monteagudo Romero
Subdirección Xeral de Humanización e Atención á Cidadanía do SERGAS

ENTIDADES ESPECIALIZADAS

Rubén Alexandre Barral Enríquez
Comité AntiSida da Coruña (CASCO)

Alba Arceo Vilas
Central Sindical Independiente e de Funcionarios (CSIF)

COLECTIVOS E ACTIVISMOS LGBT+

Manuel Moreiras
SOS Sanidade Pública

Miguel Vieito Villar
Avogado e asesor legal de ARELAS, Asociación de Familias de Menores Trans*

AXENTES QUE PARTICIPARON MESA DE SERVIZOS SOCIAIS

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS INSTITUCIÓN SERVIZOS Á CIDADANÍA

Mar del Mar Barcón Sánchez
Valedoría do Pobo

Fátima Rodríguez Figueiras
PROMOVE, en calidade de asistencia técnica á Secretaría Xeral da Igualdade

Paula Fernández Rico
Coordinación do servizo Quérote+

Susana Juncal Lago
Psicóloga do Centro de Orientación Familiar (COF) de Vigo

ENTIDADES ESPECIALIZADAS

Rocío Núñez Rúa
Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG)

COLECTIVOS E ACTIVISMOS LGBT+

Hayden Dopico Cardemil
AmiZando, Asociación Trans da Galiza

EIXE 6


Grao de acordo das entidades e colectivos LGBT+ SANIDADE



Protocolos sanitarios sensibles á realidade LGBT+




Formación axeitada do persoal dos servizos de saúde



Grao de acordo das entidades e colectivos LGBT+ SERVIZOS SOCIAIS




Os recursos para a prevención e atención de posibles situacións de discriminación ás persoas LGBT+ no rural son menores que no urbano



O feito de ser maior engade unha nova capa de discriminación á realidade das persoas LGBT+



Os colectivos e asociacións LGBT+ non se ocuparon da idade como factor de discriminación engadido



3.6.3. Diagnose

As reflexións de partida nestas mesas de saúde e servizos sociais deron conta da existencia de programas e políticas dirixidos á poboación LGBT+ —especialmente no ámbito municipal—, integrados nunha gran variedade de estruturas institucionais. Non obstante, tamén mostraron grandes carencias, sobre todo no referido á intervención social.

No referido á atención sanitaria, aínda que nos últimos anos se realizaron melloras significativas na atención ás persoas LGBT+ en xeral, o persoal sanitario non está capacitado para tratar as persoas do colectivo de maneira adecuada e comprensiva. Isto leva, por parte das persoas LGBT+, a unha falta de confianza na atención sanitaria e a non solicitar atención médica cando a necesitan.

A pesar da progresiva introdución de avances, o cambio dun modelo patoloxizante a un modelo asistencial biopsicosocial afirmativo segue a ser moi lento. Este enfoque biopsicosocial resulta imprescindible tendo en conta os recentes cambios normativos. Neste outro modelo, a tarefa das persoas profesionais da saúde consiste en ofrecer información, acompañamento e asesoramento adecuado ás necesidades de cada caso.

En coherencia con esta perspectiva, e fronte á obrigatoriedade actual, a atención psiquiátrica ou psicolóxica enténdese como unha opción voluntaria segundo os procesos persoais. Incídese na importancia de que todas as decisións terían que ser competencia final da persoa, feito que implica a eliminación da avaliación diagnóstica e a adecuación dos tratamentos á diversidade de ritmos e expectativas. Con todo, existe unha gran confusión sobre a carteira de servizos sanitarios dirixidos á poboación

LGBT+, feito que se ve incrementado pola notable aleatoriedade e desigualdade nos tempos de atención. Os diferentes niveis de presión asistencial por áreas sanitarias impactan na capacidade desigual do persoal profesional á hora de recibir e participar en accións de sensibilización e formación. En termos xerais, é notoria a falta de coñecemento do persoal sanitario sobre estes temas.

A maiores, non se conta con criterios claros sobre os procesos de derivación desde atención primaria e existe unha grande indefinición na carteira de servizos galega, o que provoca diferenzas entre áreas hospitalarias no acceso a certos tratamentos como as cirurxías.

En definitiva, constátanse importantes desigualdades territoriais no que respecta á calidade asistencial que reciben as persoas LGBT+ no Servizo Galego de Saúde. A concentración dos grandes grupos de profesionais en unidades especializadas impide cumprir o criterio de proximidade. A isto hai que engadir a falta de transmisión da información dentro do propio sistema sanitario.

No referido aos servizos sociais, detéctanse grandes eivas nos recursos específicos en xeral e ábrese un debate moi importante a respecto de se debe existir un recurso especializado. Este punto cobrará moita importancia no debate sobre as violencias LGBTfóbicas. A pesar de que a rede de centros de información ás mulleres (CIM) ten as competencias nesta materia, a realidade dos datos fala dunha asistencia maioritaria do colectivo aos centros Quérote+ e un uso case testemuñal dos CIM. De feito, no caso de existir un centro especializado, como é o CIDES en Pontevedra ou o Espazo Diverso na Coruña, detéctase o uso deste servizo de xeito prioritario. A sobre-

EIXE 6



Mesa de sanidade e servizos sociais, 19 de outubro de 2022, no Consello da Cultura Galega

carga de traballo dos e das profesionais e as eivas na formación son os aspectos destacados no transcurso da mesa. Estas experiencias deben ser avaliadas para establecer un deseño da ordenación destes servizos en políticas públicas futuras.

para poñer en común a situación e elaborar as correspondentes liñas de actuación, xa que as diferenzas segundo o lugar de residencia ou a idade están sendo factores que impiden o acceso real das persoas LGBT+ a recursos e servizos sociais.

.....
: Nesta mesa detectouse que
: aspectos tan importantes como o
: desenvolvemento da dependencia
: e as residencias de maiores ou a Lei
: orgánica de protección integral á
: infancia carecen de financiamento
: propio en materia LGBT+.

É necesario salientar que, no referido aos servizos sociais, foi difícil chegar ás profesionais para que participasen na mesa e recoller as súas voces. Isto débese subliñar como unha eiva do proceso e unha dificultade das profesionais, dada a súa carga de traballo, para ter dispoñibilidade para participar. Despois do debate, considérase importante propiciar un encontro galego de profesionais dos servizos sociais

3.6.4. Desafíos

Entre os desafíos e retos principais relacionados co ámbito da saúde que se trasladaron na mesa sobre a situación de saúde destacan os seguintes:

ASISTENCIA

Reequilibrio territorial e desconxestión da presión nas áreas sanitarias saturadas.

Asistencia sanitaria de proximidade en atención primaria ou especialista de área.

Cambio do modelo de atención primaria: desmedicalización, despatoloxización, modelo comunitario.

Normalización da atención ás pacientes LGBT+.

Definición de carteira de servizos.

FORMACIÓN

Garantías formativas a profesionais da saúde na atención primaria.

Formación de equipos especializados multidisciplinares.

IMPLICACIÓN

Maior implicación e coñecemento por parte das administracións públicas.

Transversalización da perspectiva LGBT+ na atención sanitaria máis alá dos servizos específicos (atención á saúde sexual e reprodutiva, vixilancia epidemiolóxica, endocrinoloxía etc.).

RECURSOS

Incremento de recursos sanitarios para facilitar unha abordaxe integral: actividade asistencial, organizativa, formativa e de investigación.

Entre os desafíos e retos principais relacionados co ámbito do social que se trasladaron na mesa sobre a situación dos servizos sociais destacan os seguintes:

FORMACIÓN

Formación especializada e actualizada de todos os profesionais dos servizos sociais.

Divulgación dos protocolos existentes en materia de diversidade sexual e de xénero.

RECURSOS

Incremento dos recursos e do persoal dos CIM e iniciación dun proceso de debate sobre a idoneidade dos servizos e a súa extensión no territorio.

Elaboración dun mapa de recursos sociais do país para as persoas LGBT+.

PERSPECTIVA LGBT+

Incorporación da perspectiva da identidade e a diversidade sexual nos centros de día de persoas maiores e nos centros residenciais.

LEXISLACIÓN

Actualización da lexislación en materia de dependencia coa inclusión da variable LGBT+.

Incorporación, na Lei de impulso demográfico, de liñas de acción dirixidas ao envellecemento activo nas que se poidan encaixar actuacións para a transversalización da perspectiva da identidade e a disidencia sexual.

3.6.5. Iniciativas de referencia

Algunhas experiencias galegas

Unidade de atención á transexualidade a menores de idade no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. É unha unidade especializada que ofrece atención integral a menores de idade. Creouse en 2012 e está formada por un equipo multidisciplinario de profesionais que inclúe psiquiatras, endocrinólogos/as, psicólogos/as, pediatras e traballadores/as sociais, entre outros. O obxectivo da unidade é proporcionar unha atención integral e especializada aos menores e ás súas familias.

Centro Quérote+. Este centro da Consellería de Política Social e Xuventude presta un servizo de información e asesoramento á mocidade nas áreas máis vinculadas ao entendemento e ao crecemento persoal. Trátase dun servizo público, anónimo e confidencial composto por un equipo especializado de traballadores/as sociais, educadores/as sociais e psicólogos/as que avalían as demandas xuvenís e se coordinan cos equipos de servizos complementarios.

Espazo Diverso (A Coruña). Este servizo de atención ás diversidades sexuais e de identidades de xénero é un espazo municipal inclusivo para todas as persoas lésbicas, gais, trans, bisexuais, intersexuais e *queer*, as súas familias e as entidades LGBT+ da cidade. Trátase dun espazo aberto en que se recoñece a realidade existente e se traballa na visibilización das diferentes identidades, expresións de xénero e orientacións sexuais.

Centro de Información en Diversidade e Sexualidade (CIDES, Pontevedra). É valorado como un recurso valioso a pesar de non contar cun asesoramento especializado no ámbito da saúde.

Outras experiencias

Mapa de recursos LGTBI (Lesbianas, Gais, Trans, Bisexuais e Intersexuais) da Dirección General de Diversidad Sexual y Derechos LGTBI (Ministerio de Igualdad). Este web ([Mapa de recursos de apoyo al colectivo LGTBI - igualdad.gob.es](http://Mapa.de.recursos.de.apoyo.al.colectivo.LGTBI.-igualdad.gob.es)) ofrece recursos públicos e privados de apoio ao colectivo LGBT+.

Campaña «CHEMSEX / Hablemos de la Tina», da Coordinadora Estatal de VIH y Sida (CESIDA). Trátase dunha campaña dirixida ao colectivo LGBT+ sobre o *chemsex*, unha forma particular de uso sexualizado de drogas. Esta iniciativa, realizada con financiamento do Plan Nacional sobre Drogas, achega información sobre outros aspectos do *chemsex*, como o *slam*, o policonsumo ou a redución de riscos. Ademais, o web da campaña inclúe un buscador para localizar servizos dirixidos ás persoas que practican *chemsex*, como apoio psicolóxico, intervención grupal, atención en liña ou probas de VIH, que as entidades de CESIDA realizan de maneira gratuita en toda España.

Decálogos de boas prácticas no sistema sanitario para o bo trato das persoas LGBTI. Por exemplo, o de Medicus Mundi Bizkaia.

Campaña «Out in Front» no Reino Unido. Foi lanzada por Terrence Higgins Trust, en colaboración co proxecto GMFA e a Organización de Saúde Gai de Londres, para abordar a fenda de saúde na comunidade LGBT+. A campaña centrouse na educación sobre saúde sexual e o VIH, a prevención da sida e a eliminación da estigmatización ao redor das persoas que viven con VIH.

Campaña «Gai Men Have Hearts» en Suecia. Foi impulsada pola Asociación Sueca de Enfermidades do Corazón e os Pulmóns para concienciar sobre a importancia da saúde cardiovascular na comunidade LGBT+. Aborda a falta de conciencia sobre os riscos cardiovasculares específicos que afrontan as persoas LGBT+ e proporciona información e recursos sobre como previr e tratar enfermidades do corazón.

3.6.6. Recomendacións

A saúde e os servizos sociais son piares fundamentais das políticas públicas dos Estados do benestar, por iso é moi necesario reforzar e adoptar estratexias de futuro, baixo un firme compromiso das institucións galegas na defensa dos dereitos das persoas LGBT+. Tendo en conta os retos e desafíos sinalados anteriormente, establécense unha serie de recomendacións:

A

Acceso pleno aos servizos sanitarios sen discriminación por razón de orientación sexual, expresión e identidade de xénero ou características sexuais.

B

Protocolos sanitarios específicos para o colectivo LGBT+.

C

Formación das profesionais en atención á diversidade como factor transversal no ámbito sanitario.

D

Garantía de autonomía corporal e erradicación da estigmatización social da diversidade e disidencia sexual.

E

Fomento de estudos sobre o estado de saúde física, mental e reprodutiva do colectivo galego LGBT+.

F

Implementación de políticas sociosanitarias destinadas ao colectivo en materia de saúde mental.

G

Programas específicos de asistencia sanitaria ao colectivo LGBT+ a escala municipal e galega, coa súa correspondente dotación orzamentaria.

EIXE 6

H

Realización de campañas de saúde que fomenten a inclusión da diversidade sexual.

I

Humanización dos coidados de saúde: máis empatía, menos medicalización e maior perspectiva comunitaria.

L

Elaboración dun plan de formación para as profesionais dos servizos sociais.

M

Elaboración dun mapa de recursos sociais e dunha guía de actuación para os servizos sociais desde a perspectiva da diversidade sexual e de xénero.

N

Establecemento dun criterio para Galicia sobre as dotacións mínimas de persoal para atender as persoas LBGTI+ segundo o territorio e a idade.

Ñ

Elaboración dun protocolo para a incorporación da perspectiva da identidade e a disidencia sexual nos centros de día e nas residencias de maiores.

O

Actualización da Lei de impulso demográfico para incorporar liñas de acción dirixidas ao envellecemento activo para as persoas LBGTI+.

P

Actualización da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

EIXE

Laboral

MESA DE LABORAL

Realizada o 14 de decembro de 2022
no Consello da Cultura Galega



7

O acceso das persoas ao mundo laboral é unha condición fundamental para a inclusión na sociedade e para alcanzar autonomía e liberdade individual. Tan importante é o acceso ao emprego como poder desenvolver un traballo nun ambiente en que se garanta a igualdade de oportunidades e a non-discriminación. Galicia e o Estado español son un referente internacional en canto ao recoñecemento e defensa dos dereitos LGBT+. Así o revelan tanto os distintos informes dos últimos anos, que coinciden en destacar os avances acadados en favor dunha sociedade aberta e tolerante coa diversidade sexual e de identidade de xénero, como a existencia dun marco normativo amplo a nivel europeo, español e galego (Ministerio de Sanidad 2017; Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade 2022). Con todo, a experiencia de moitas persoas LGBT+ no ámbito laboral reflicte a existencia de discriminacións e violencias LGBTfóbicas que converten o colectivo nunha poboación vulnerable con dificultades en determinadas contornas laborais. A vivencia de discriminación, ou ben por homofobia ou ben por transfobia, no lugar de traballo raramente se denuncia. O Eurobarómetro de 2015 amosa que a orientación sexual e a identidade de xénero son percibidas pola maioría da poboación como unha desvantaxe á hora de que unha persoa sexa seleccionada para un posto de traballo, percepción que aumenta cando se trata de persoas trans.

Para comprender a situación de discriminación das persoas LGBT+ no mundo laboral é preciso ter en conta o entrecruzamento de diferentes esferas: o persoal, a cultura da organización, o laboral, o social. Trátase dunha realidade complexa, que en ocasións dificulta que se perciba como unha discriminación «estrutural» e que se dilúe percibíndose ou vivíndose como situacións de acoso ou de conflito individual. Neste senso, a posible existencia ou vivencia de discriminación no ámbito de traballo non pode ser explicada por unha única variable (Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad 2017).

.....
: Especial atención precisan as persoas trans, pois viven unha situación máis difícil, debida en gran medida ás barreiras, á discriminación e á incompreensión que viviron no seu propio proceso de identidade de xénero, no que tiveron que loitar contra o rexeitamento social.

O rexeitamento co que se atopan trae consigo en demasiadas ocasións situacións como o abandono dos estudos, aspecto que dificulta aínda máis a súa entrada no mundo laboral ou o seu acceso a postos de traballo cualificado.

No recente estudo exploratorio publicado en 2022 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade sobre a diversidade no ámbito laboral, faise un primeiro balance en que os resultados dan conta da existencia de determinados puntos críticos que afectan ao colectivo LGBT+: os procesos de acceso e selección e o ambiente laboral existente nas organizacións.

É preciso seguir afondando para coñecer con detalle a situación das persoas LGBT+ no mercado laboral galego, e para iso é importante recoller o punto de vista e a percepción da discriminación por parte do colectivo, tendo en conta a idade e os diversos sectores profesionais. É imprescindible tamén identificar os discursos e estratexias tanto das institucións públicas como das empresas e dos sindicatos ante situacións de conflito xeradas no espazo laboral.

3.7.1. Obxectivos marco e cuestións relevantes

Na mesa de traballo do Foro realizada sobre o espazo laboral os dous obxectivos marco foron: 1) coñecer as barreiras, necesidades e demandas das persoas galegas LGBT+ con relación ao mundo do emprego, e 2) xerar un espazo de escoita de voces diversas composto por axentes institucionais, sindicais, sociais e da comunidade LGBT+ co fin de identificar os retos que deben superar as políticas públicas en resposta ás necesidades do colectivo LGBT+ no eido laboral.

Para iso, formuláronse unha serie de cuestións guía de cara ao debate:

As persoas LGBT+ compórtanse de xeito libre e natural respecto á súa orientación ou identidade sexual no lugar do traballo?

Hai ocultación ou medo a que unha exposición aberta supoña algún risco de despedimento, acoso, comentarios ou cambio de actitude da contorna laboral?

Existen protocolos de actuación para as empresas e formación adecuada en materia de diversidade na orientación sexual e identidade e expresión de xénero?

Cales son as canles de actuación pública neste campo de prevención da LGBTfobia no espazo laboral?

A mesa de traballo sobre a realidade laboral tivo como primeiro obxectivo marco valorar como é a situación das persoas LGBT+ no noso país, no seu día a día, nos espazos cotiáns de actividade laboral para identificar experiencias e percepcións, pero tamén iniciativas de referencia e políticas necesarias que permitan que a contorna laboral sexa un espazo inclusivo e seguro para as persoas LGBT+.

EIXE 7

3.7.2. Proceso

O proceso de recollida de voces participantes contou cun número diverso de actores. Son especialmente salientables os de carácter institucional e tamén os relacionados co mundo sociolaboral e sindical, aínda que lamentablemente non acudiron as asociacións empresariais.

Por outra banda, así como noutras mesas se contou cun número rico de colectivos LGBT+, nesta ocasión foi máis difícil contar coa presenza de colectivos profesionais, agás o Espazo Coop - Unión de Cooperativas Galegas do sector das industrias culturais.

No inicio desta mesa as persoas participantes puxeron en común o coñecemento existente sobre a relación de políticas, programas e iniciativas institucionais galegas dirixidas á comunidade LGBT+ no mundo do traballo. En primeiro lugar, a Secretaría Xeral da Igualdade foi identificado como o ente competente en esta materia. No marco das políticas públicas galegas con perspectiva LGBT+ no ámbito laboral, identifícase a convocatoria do Plan Galicia Emprega, no que se establecen unha serie de incentivos á contratación e á formación na empresa ordinaria para o ano 2023: o importe das axudas incrementase nun 25 % para a contratación de persoas transexuais. En segundo lugar, foi o centro Quérote+ outro dos espazos de referencia na atención ás persoas LGBT+ en Galicia, así como o Centro de Información en Diversidade e Sexualidade (CIDES) de Pontevedra, valorado como un recurso positivo para a atención xeral a pesar de que non conta cun asesoramento específico en materia laboral.

AXENTES QUE PARTICIPARON

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS INSTITUCIÓNS SERVIZOS Á CIDADANÍA

Xandre Garrido López

PROMOVE, en calidade de asistencia técnica á Secretaría Xeral da Igualdade

Mariám Mariño

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CDIF) do Consello da Cultura Galega (CCG)

COLECTIVOS E ACTIVISMOS LGBT+

Xurxo Piñeiro

Sectorial de Industrias Culturais de Espazo Coop

Susana Carballal Graña

Secretaría de Igualdade UGT Galicia

Laura Bugalho

Confederación Intersindical Galega (CIG)

25%

MÁIS DE AXUDAS PARA
A CONTRATACIÓN
DE PERSOAS TRANS.
PARA 2023



Mesa de laboral, 15 de febreiro de 2023, no Consello da Cultura Galega


Grao de acordo das entidades e colectivos LGBT+ LABORAL

● Moi de acordo ● Algo de acordo ● Neutral ● Algo en desacordo ● Moi en desacordo


As identidades ou orientacións non-normativas ocúltanse por temor á discriminación



As empresas e a patronal son sensibles ás situacións vividas polas persoas LGBT+ nos espazos laborais



Os sindicatos son sensibles ás situacións vividas polas persoas LGBT+ nos espazos laborais



Existe unha discriminación xeneralizada cara ás persoas LGBT+ en todos os sectores de actividade



3.7.3. Diagnose

As reflexións de partida na mesa fixeron fincapé na necesidade de sensibilizar sobre o feito de que a sociedade é moito máis diversa que os estándares cos que se traballa habitualmente tanto nas institucións públicas de atención ás persoas como nos servizos sociais ou de inserción laboral. En xeral, percíbese un descoñecemento amplo sobre os procedementos e fórmulas para a contratación de persoas LGBT+ na negociación colectiva. Precísase dunha maior visibilidade destas cuestións nas empresas e, de forma específica, nos propios comités de empresa, pois a invisibilización é un obstáculo importante que unicamente poderá derrubarse se se aposta por medidas e protocolos que fomenten a normalización da diversidade no mundo laboral de maneira aberta e transparente; medidas que vaian calando en todos os espazos e en todas as persoas das organizacións. Ese é un paso imprescindible para alcanzar un clima laboral sen discriminacións. Neste senso, evidenciouse a importancia de tomar conciencia e de xerar contornas seguras e de confianza no ámbito do traballo. Agora ben, houbo coincidencia por parte de todos os actores participantes respecto ao contraste entre a situación laboral das persoas LGBT+ no sector público e no privado: o primeiro, pese á escaseza de protocolos específicos de atención, é un espazo con maior seguridade, aspecto claramente relacionado coa estabilidade no posto de traballo.

Así mesmo, coincidiuse na sospeita de que probablemente exista unha infradenuncia do acoso LGBTfóbico nas contornas laborais. Precisamente a inexistencia de datos e estudos científicos cuantitativos para corroboralo fai máis complexa a diagnose de situación. En contextos de violencia e discriminacións as persoas normalmente recorren aos colectivos e entidades LGBT+, que nalgúns casos derivan ás organizacións sindicais coas que teñen relación e colaboran. Non obstante, demándase unha maior apertura destas organizacións aos problemas e circunstancias dos colectivos LGBT+. No caso dos sindicatos que participaron na mesa, está moi presente a idea de que é preciso que tanto nos plans de igual-

dade como nos convenios colectivos haxa mención específica á situación da discriminación e acoso por LGBTfobia e se recoñeza expresamente a situación de risco das persoas do colectivo. Xustamente, a convicción de que é necesario este recoñecemento da discriminación por orientación e identidade de xénero no mundo laboral leva a que, desde os sindicatos, exista un interese crecente en sensibilizar e formar sobre a diversidade sexual.

Por outra banda, nas organizacións das empresas ou universidades existe unha concepción moi reducida da idea da «diversidade» no ámbito laboral. O espazo da «igualdade de oportunidades» téndese a interpretar de forma moi limitada: home-muller. Os plans de igualdade vense moitas veces como «papel mollado», ao tempo que se asocian basicamente coa situación relativa ás condicións das mulleres nas empresas ou nas institucións, e de forma moi minoritaria coa cuestión da diversidade. De feito, menciónase expresamente que, por exemplo, o último plan de igualdade da USC supuxo un paso atrás respecto aos anteriores, pola falta de achegas inclusivas sensibles ás necesidades e demandas do colectivo LGBT+.

Por último, sinálase a existencia dunha maior vulnerabilidade das persoas LGBT+ de orixe migrante así como das persoas maiores do colectivo. En efecto, por unha parte, as persoas que migran adoitan afrontar perigos similares ou maiores de violencia, xenofobia, racismo, misoxinia, discriminación por idade, marxinación socioeconómica e illamento das redes de apoio tradicionais. Por iso as discriminacións múltiples sufridas dificultan aínda máis as opcións e condicións de inserción no mundo laboral. Por outra parte, as persoas maiores que pertencen ao colectivo sofren tamén discriminacións adicionais pola idade, por afastarse do canon mozo LGBT+ e por ter outras demandas e necesidades sociais e de saúde que as volven máis vulnerables, ao cruzarse as variables idade e LGBTfobia. Así o revela o estudo da Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans y Bisexuales (FELGTB) no seu informe *Mayores LGTBI: Historia, Lucha y Memoria* de 2019.

3.7.4. Desafíos



Mesa de expertas, 14 de decembro de 2022, no Consello da Cultura Galega

Entre os desafíos e retos principais relacionados co ámbito laboral que se trasladaron na mesa sobre a situación laboral destacan os seguintes:

PROTOCOLOS E NORMATIVAS

Necesidade de protocolos específicos de acoso no ámbito empresarial.

Adaptación dos espazos laborais (aseos, vestiarios...).

Necesidade de adaptacións normativas relacionadas coa existencia de xustificacións médicas para os permisos a persoas trans.

FORMACIÓN

Formación e sensibilización obrigatoria en diversidade sexual nas empresas para previr situacións de discriminación.

Revisión no ámbito institucional da formación en perspectiva LGBT+ das persoas formadoras para garantir un impacto positivo, así como compromiso de seguimento e avaliación desa formación.

Obtención de datos cuantitativos amplos respecto á situación das persoas LGBT+ no mundo laboral en Galicia.

LEXISLACIÓN E BOAS PRÁCTICAS

Ampliación lexislativa para incorporar cuestións específicas. En xeral, a normativa laboral non inclúe a realidade das persoas trans.

Elaboración dunha guía de boas prácticas desenvolvidas polas centrais sindicais.

INCLUSIÓN

Necesidade de combater a discriminación no acceso aos postos laborais e na promoción interna das persoas LGBT+.

Necesidade de combater a LGBTfobia e o idadismo e de visibilizar, aceptar e atender as persoas maiores do colectivo.

Inclusión das mulleres trans nas subvencións do Programa Galicia Emprende.

3.7.5. Iniciativas de referencia

As iniciativas de referencia son sempre experiencias e actuacións positivas que xeran referentes para a mellora das actuacións no marco tanto das institucións como das empresas e as agrupacións sindicais. Deste modo, presentamos a continuación iniciativas de referencia que permiten poñer en valor distintas actuacións que representan verdadeiras alternativas para garantir a inclusión e a diversidade sexual e de xénero no ámbito laboral.

Algunhas experiencias galegas

Gadisa. Esta empresa de distribución alimentaria desenvolveu un protocolo de actuación para garantir a igualdade e a non-discriminación das persoas LGBT+ na súa contorna laboral. Entre as medidas destacan a inclusión da diversidade sexual e de xénero na súa política de diversidade, a formación en diversidade e a inclusión de cláusulas de respecto á diversidade nos seus acordos con provedores/as e clientela.

Centro Quérote+. Este centro da Consellería de Política Social e Xuventude presta un servizo de información e asesoramento á mocidade nas áreas máis vinculadas ao entendemento e ao crecemento persoal. Trátase dun servizo público, anónimo e confidencial composto por un equipo especializado de traballadores/as sociais, educadores/as sociais e psicólogos/as que avalían as demandas xuvenís e se coordinan cos equipos de servizos complementarios.

Centro de Información en Diversidade e Sexualidade (CIDES, Pontevedra). É valorado como un recurso valioso a pesar de non contar cun asesoramento especializado no ámbito laboral.

Outras experiencias

Accenture. Esta empresa multinacional de consultoría e tecnoloxía foi recoñecida como unha das empresas máis inclusivas para as persoas LGBT+ en España.

Red Empresarial por la Diversidad e Inclusión LGBTI (REDI). Primeira asociación española sen ánimo de lucro de empresas e profesionais que ten como obxectivo fomentar un ambiente inclusivo e respectuoso nas organizacións, onde se valore o talento sen importar a identidade, a expresión de xénero ou a orientación sexual. A REDI mobiliza recursos para axudar ás empresas a xestionar a diversidade LGBT+ e a ser máis inclusivas.

Premios FELGTB. Estes premios, outorgados pola Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans y Bisexuales (FELGTB), recoñecen as empresas que destacaron na promoción da igualdade e a inclusión das persoas LGBT+ no ámbito laboral e social.

Top Employers LGBT España. Esta certificación, outorgada pola organización internacional Top Employers Institute, recoñece as empresas que destacaron na promoción da igualdade e a inclusión das persoas LGBT+ na contorna laboral.

Certificación en Xestión da Diversidade e Inclusión. Esta certificación, outorgada pola consultora AENOR, recoñece as empresas que implementaron políticas e prácticas inclusivas e respectuosas coa diversidade sexual e de xénero na contorna laboral.

Índice de Igualdade LGBTI. Este índice, creado pola Fundación de Dereitos Humanos dos Estados Unidos, recoñece as empresas que destacaron na promoción da igualdade e a inclusión das persoas LGBT+ na contorna laboral e social.

Clasificación Best Place to Work for LGBTQ+ Equality, da Fundación americana *Human Rights Campaign Foundation*. Nesta clasificación aparecen referencias a multinacionais con centros de traballo en Galicia.

3.7.6. Recomendacións

A normalización das persoas LGBT+ no mundo laboral aínda está lonxe de ser unha realidade. É necesario seguir traballando para conseguir espazos realmente inclusivos, nos que as persoas traballadoras LGBT+, sexa cal sexa o sector produtivo, o perfil de empresa etc., non sinta medo á hora de manifestar a súa orientación sexual ou a súa identidade de xénero. Neste senso, é imprescindible a participación dos distintos axentes implicados, desde as institucións públicas —para ampliar e garantir un marco protector da diversidade— ata as organizacións empresariais, os sindicatos e as propias organizacións LGBT+. Tendo en conta os retos e desafíos sinalados nos apartados anteriores, establécense unha serie de recomendacións relacionadas coa protección e a sensibilización, ferramentas básicas de políticas públicas para lograr espazos laborais inclusivos:

A

Promoción da colaboración de asociacións empresariais con sindicatos e organizacións LGBT+ para un mellor coñecemento e sensibilización sobre a situación das persoas LGBT+ no traballo.

B

Cursos de formación e sensibilización en diversidade sexual orientados a inspectores/as de traballo, directivos/as e xerentes de empresas, responsables de xestión de persoal e representantes sindicais.

C

Accións de sensibilización nas empresas sobre diversidade sexual para previr situacións de discriminación así como para concienciar de que a inclusión LGBT+ ten interese empresarial e é rendible, ao axudar a optimizar a capacidade de atraer e reter o mellor talento.

D

Campaña de comunicación xeral para sensibilizar a cidadanía galega e concienciar o propio colectivo sobre a situación de discriminación das persoas LGBT+ en contornas laborais.

EIXE 7

E

Programa formativo, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP), sobre a diversidade para o persoal das administracións públicas de áreas vinculadas coa realidade laboral, que contribúa á eliminación da discriminación.

F

Elaboración dunha guía contra a transfobia no ámbito laboral na que, a maiores de incluír actuacións de prevención e detección, se elabore un procedemento de acompañamento no proceso de transición.

G

Presenza expresa nos convenios sectoriais das situacións de discriminación e acoso, con protocolos de actuación por LGBTfobia, para unha maior protección nas pemes.

H

Creación dun apartado de denuncias sobre discriminacións e acoso LGBT+, dentro da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que permita xerar coñecemento da situación.

I

Elaboración de material específico sobre a xestión da diversidade dentro do colectivo LGBT+ para integrar nos protocolos de violencia e acoso sexual no traballo.

L

Elaboración de estudos sobre a realidade LGBT+ no mundo laboral que se centren nas vulnerabilidades múltiples, isto é, na perspectiva interseccional: idadeismo, orixe (persoas migrantes), clase social, discapacidade etc.

EIXE

Violencias LGBTfóbicas

MESA DE VIOLENCIAS LGBTFÓBICAS

Realizada o 15 de febreiro de 2023
no Consello da Cultura Galega



8

O Foro Identidades e Disidencias Sexuais optou por empregar o concepto de disidencias sexuais, que inclúe un amplo abano de posibilidades para entender as prácticas sociais que derivan das orientacións e identidades sexuais e de xénero. Polo tanto, á hora de tratar as violencias que viven estas persoas, xa nos atopamos cun problema inicial como era o da propia denominación ou conceptualización da violencia que sofren.

Esta cuestión non é un aspecto meramente semántico ou nominativo, xa que determina en moitas ocasións os recursos e os espazos administrativos que se mobilizan na prevención e tratamento efectivo destas violencias. Dito isto, e dado que é a nomenclatura que prevalece nos textos legais que recollen a citada forma de violencia, como a Lei estatal 4/2015, do 27 de abril, do estatuto da vítima do delito, ou nos informe derivados da implantación da dita norma (López *et al.* 2021), optouse pola denominación de delitos de odio por LGBTfobia. Deste xeito, de agora en diante, empregaremos esta acepción e a súa forma abreviada violencias LGBTfóbicas.

Os delitos de odio están baseados en estereotipos, prexuízos e intolerancia cara a sectores da poboación potencialmente vulnerables, como sinala a Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE) na Decisión nº 9/09 do seu Consello Ministerial (OSCE 2009). Son delitos cometidos contra persoas que son intencionalmente seleccionadas por unha característica específica que lles é inherente. Buscan menoscabar a dignidade desa persoa causándolle un dano físico, psicolóxico ou emocional. No ámbito galego, o xurista Xoán Antón Pérez Lema dedicou un texto pioneiro en galego ao marco xurídico dos delitos do odio (Lema 2020), no que salienta que a característica común destes delitos é sufrir por como o suxeito delituoso dirixe o prexuízo.

Os delitos de odio por violencias LGBTfóbicas teñen unha raíz común coas violencias machistas ou patriarcais, violencias que poden chegar a ser mellor comprendidas dentro do marco do cisheteropatriarcado, baseado na submisión das mulleres e de todas as formas non homologables a un determinado modelo de masculinidade.

Así mesmo, nas violencias LGBTfóbicas, ao igual que ocorre na violencia machista, dáse a particularidade de que o fogar e a familia en moitos casos non son un espazo seguro. De feito, arredor dun 40 % destas violencias son cometidas por persoas da propia familia.

Unha vida sen violencias é un dereito. Os Principios de Yogyakarta (2006), redactados por persoas expertas en dereitos humanos co obxectivo de aplicar a lexislación internacional ás cuestións de orientación sexual e identidade de xénero, recollen no seu quinto apartado o dereito á seguridade persoal: adoptaranse todas as medidas necesarias a fin de previr todas as formas de violencia e frustración relacionadas coa orientación sexual e a identidade de xénero e brindar protección contra estas. Mais a realidade que mostran os datos é outra. A análise sobre a evolución dos delitos de odio (López *et al.* 2021) fálanos dun incremento dos delitos relacionados coa orientación sexual dun 67,63 % no ano 2021 no Estado español. A nivel europeo, a ILGA-Europe no seu *Annual Review of Human Rights Situation of LGBTI people in Europe and Central Asia*, publicado recentemente (ILGA 2023), establece o ano 2022 como un dos anos máis violentos da última década para as persoas LGBTI. Estes datos, que sen dúbida mostran unha situación preocupante, deben ser lidos desde o prisma de que só unha pequena parte dos delitos, pode que menos do 10 %, chegan a ser denunciados. Polo tanto, estamos ante unha forma de violencia invisibilizada e na que a vítima ten moitas reticencias a presentar unha denuncia, coa conseguinte violencia institucional que esta cuestión implica.

3.8.1. Obxectivos marco e cuestións relevantes

Na mesa de traballo do Foro realizada sobre as violencias LGBTfóbicas foron tres os obxectivos marco: o primeiro, establecer cales serían as pautas que as políticas públicas deben desenvolver para traballar nun marco da prevención e detección das violencias; o segundo, avanzar na identificación dos obstáculos que persisten para cursar unha denuncia e das complexidades do proceso xudicial ao que se enfrontan as vítimas e, por último, recoller propostas e programas encamiñados á axilización dos procedementos e ao acompañamento e restauración das persoas que sufriron violencias LGBTfóbicas.

Coñecendo a importancia e a complexidade deste ámbito, formuláronse unha serie de cuestións guía para poder abrir o debate que deben ser entendidas neste termos de orientación para a apertura dun diálogo e, xa que logo, non pretenden ser exhaustivas:

Cres que as persoas que non teñen unha sexualidade heteronormativa poden sufrir unha violencia específica por motivo da súa sexualidade?

Valora en que ámbito as persoas LGBT+ viven maior nivel de violencia: a familia de orixe / a escola / a rúa / as institucións e servizos públicos / os cárceres / as residencias de maiores?

Consideras que a policía e os corpos de seguridade teñen unha formación axeitada sobre a realidade da homofobia?

Consideras que o persoal dos servizos sociais e dos CIM ten a formación e a sensibilidade axeitada para dar resposta ás situacións de violencia que viven as persoas LGBT+?

Consideras que as administracións prestan os servizos e recursos necesarios ás persoas que sofren violencia?

Neste momento existen protocolos e materiais escolares sobre a realidade LGBT+, cres que están cumprindo o seu papel de prevención da violencia escolar aos mozos e mozas LGBT+?

A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, é un marco axeitado para dar resposta á violencia que sofren as persoas LGBT+?

EIXE 8

3.8.2. Proceso

Os gráficos recollidos na seguinte páxina dan conta da percepción que teñen os colectivos e entidades arredor de aspectos fundamentais que atinxen ás violencias LGBTfóbicas, nomeadamente a formación dos profesionais e o trato que reciben as persoas cando realizan unha denuncia. Estas cuestións centrais para a comprensión das violencias no día a día serviron de guía no debate propiciado na mesa e dedicado as violencias LGBTfóbicas.

Esta mesa de traballo contou cunha metodoloxía propia que a diferenciou das mesas anteriores, nas que os aspectos da discriminación, o *bullying*, o acoso ou as agresións LGBTfóbicas foron tamén obxecto

de traballo e análise. Así, neste espazo de traballo monográfico sobre o tema das violencias perseguíuse reunir un grupo amplo de profesionais e persoas do tecido social que no seu día a día teñen un contacto directo coas violencias, tanto no momento da denuncia e no proceso xudicial como no ámbito restaurativo e de acompañamento. Decidiuse abrir o debate a todo o grupo presente para que cada actor participante, coñecedor dunha parte da realidade das violencias, expuxese a súa diagnose e tamén as propostas de mellora. Ao remate da exposición estableceuse un tempo de contraste de ideas.

AXENTES QUE PARTICIPARON

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS INSTITUCIÓNS SERVIZOS Á CIDADANÍA

María Debén Alfonso

Xefatura da Unidade de Coordinación de Violencia de Xénero da Delegación do Goberno en Galicia

M^a Dolores Maquieira Devesa

Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Vilagarcía de Arousa

María Castro Parga

Equipo de comunicación e asesoría de Igualdade da Valedoría do Pobo

Luis Carlos Álvarez García

Psicólogo clínico da Unidade Centralizada de Atención á Transexualidade en Galicia do CHUS

Francisco Ares Díaz

Policía Nacional

Cándido José Rodríguez Sestayo**Uxía Armenteros Bogo**

Garda Civil

Fátima Rodríguez Figueiras

PROMOVE, en calidade de asistencia técnica á Secretaría Xeral da Igualdade

Claudio Amboage Fuciños**David López Vázquez**

Unidade da Policía Adscrita de Galicia

Olalla Díaz Sánchez

Xuíza decana en Lugo, en representación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG)

ENTIDADES ESPECIALIZADAS

Eliana Martíns Alvela

Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia

Débora Baz Rodríguez

Gabinete sexolóxico experto en discapacidade AMATURI

Tatiana Conde Gómez

Coordinación da área social do Programa Vagalume, de Cáritas

Lourdes Carballo Fidalgo

Consello da Avogacía Galega

Martina González Veiga

Centro de Sexoloxía Con Mucho Gusto!

COLECTIVOS E ACTIVISMOS LGBT+

Miguel Vieito Villar

Avogado e asesor legal en ARELAS, Asociación de Familias de Menores Trans*


Pablo Zas Varela

Asociación pola liberdade afectivo-sexual ALAS A Coruña


**Grao de acordo das entidades
e colectivos LGBT+
VIOLENCIAS**

● Moi de acordo ● Algo de acordo ● Neutral ● Algo en desacordo ● Moi en desacordo


A Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia é un marco axeitado para dar resposta á violencia que sofren as persoas LGBT+




As forzas e corpos de seguridade teñen unha formación axeitada sobre a realidade das violencias cara ás persoas LGBT+



As forzas e corpos de seguridade teñen unha formación axeitada para a relación con persoas LGBT+




Os protocolos de actuación policial son sensibles á realidade das persoas LGBT+




Aquelas persoas que teñen unha identidade de xénero ou orientación sexual non normativa poden sufrir unha violencia específica por este motivo




O persoal dos servizos sociais e dos CIM ten unha formación axeitada para dar resposta ás situacións de violencia que sofren as persoas LGBTQ+



As administracións públicas poñen á disposición das persoas LGBTQ+ que sofren violencia todos os servizos e recursos necesarios



Os protocolos escolares e materiais educativos existentes sobre a realidade LGBTQ+ están a cumprir o seu papel na prevención da violencia escolar



3.8.3. Diagnose

Un punto de partida común a todos os actores implicados no desenvolvemento da mesa foi destacar o carácter poliédrico da violencia e as súas variadas formas: violencia verbal, violencia económica, violencia administrativa ou institucional, violencia simbólica, violencia física... Asemade, outro punto común destacado e reiterado nesta radiografía foi a carencia de formación dos profesionais ou, matizando, a necesidade de mellorar a formación na prevención, detección e acompañamento de todos os profesionais implicados nos procesos relacionados coas violencias LGBTfóbicas. Este aspecto sobre a importancia da formación —común a outras mesas e, polo tanto, a outros aspectos da sociedade—, no referido á violencia, considérase fundamental e central.

As carencias formativas atravesan tres problemas fundamentais que agromaron en diferentes momentos do debate. En primeiro lugar, as persoas discriminadas ou agredidas teñen dificultades para saber a que administración ou institución acudir para realizar unha queixa ou presentar unha denuncia.

En consecuencia, a denuncia, que sería o paso necesario para un proceso xudicial, só se presenta nunha porcentaxe moi baixa das agresións, e isto implica que entre un 89% e un 96% das agresións quede sen denuncia.

Por último, e como consecuencia desta falta de vías seguras de acceso ao sistema, existen serias dificultades para que as vítimas poidan recibir unha atención axeitada e o necesario acompañamento psicolóxico.

Existen certos recursos, pero son descoñecidos pola poboación e a falta de coordinación entre administracións impide que se poida acceder facilmente a eles, o que en moitos casos produce un efecto rebo-

te. Por outra banda, a vitimización secundaria xunto coa violencia institucional son consecuencia desta falta de formación e coordinación. Neste marco valorouse moi positivamente a creación dun servizo de atención emocional e psicolóxica (teléfono Arcoiris 028), mais o problema de onde e a quen se derivara a atención segue mostrando a debilidade do deseño administrativo e xudicial da atención ás persoas que sofren violencias LGBTfóbicas.

Valorouse moi positivamente o interese da Policía e a Garda Civil por participar deste Foro. O marco de actuación da Policía Nacional é o protocolo estatal de 2020 que organiza as accións das forzas e corpos de seguridade do Estado sobre estas violencias. De igual xeito, a Garda Civil conta cunha orde de servizos a nivel estatal actualizada en 2022 que aposta pola sensibilización do persoal na recollida das denuncias. No ámbito das redes sociais existen equipos especializados baixo o Plan de actuación da Garda Civil ante os delitos de odio. A pesar de recibir cursos de formación propios e universitarios ao respecto, trasladaron a necesidade de seguir mellorando.

A Valedoría do Pobo non só recibe e xestiona as queixas, senón que é un axente activo que emite informes e desenvolve un gran labor de sensibilización e prevención. Na actualidade dispón dun Área de Igualdade composta por persoas con grande experiencia e expertas nos dereitos das persoas LGBT+. Agárdase que desde esta institución poida ampliarse o traballo feito e contribuír á formación dos profesionais relacionados coas violencias LGBTfóbicas.

3.8.4. Desafíos e necesidades

No ámbito da prevención da violencia todos os actores destacaron a importancia da escola, os medios de comunicación e a sociedade no seu conxunto para poder erradicar os prexuízos sobre os que se asentan as violencia LGBTfóbicas. A este respecto destacou que a propia concepción das noticias ten que contribuír a eliminar a violencia simbólica que traslada unha imaxe estereotipada das persoas LGBT+. A respecto da escola, é fundamental que a Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia sexa un motor na transformación dos centros educativos.

No ámbito referido ao tratamento da violencia, tanto o CIM de Vilagarcía como a Oficina de Atención ás Víctimas fixeron fincapé na importancia dunha boa atención ás persoas que sofren violencia. Esta consideración, que pode parecer obvia, é unha peza central do tratamento, porque moitas das persoas que chegan a unha administración ou a unha comisaría non senten nin o respecto nin o acompañamento que a lei lles confire por dereito.

As persoas que participaron na mesa destacaron a necesidade de establecer estratexias operativas que dispoñan recursos eficientes para axilizar o proceso de intervención, acompañamento e reparación.

Destacamos a importancia de que a Garda Civil, que atende o 95 % do territorio e o 56 % da poboación, teña unha interlocución co tecido asociativo para mellorar as súas intervencións.

Outros aspectos que tamén deben terse en conta para unha bo tratamento son:

ATENCIÓN

Establecer un programa de atención psicolóxica.

Introducir actividades de capacitación profesional e fomento das capacidades para os funcionarios policiais, fiscais e xudiciais encargados dos delitos de odio.

Poñer en marcha servizos habitacionais de urxencia para persoas LGBTI+ que sufran violencia nos seus contornos familiares.

FORMACIÓN

Artellar e divulgar un mapa dos recursos que existen a día de hoxe neste ámbito.

Estudar formas para erradicar a violencia institucional e evitar a carga da revitimización no proceso de denuncia.

Mellorar o coñecemento que a poboación ten das oficinas de atención ás vítimas e reforzar a confianza entre cidadanía e institucións par traballar baixo o marco da denuncia.

RECURSOS

Analizar e avaliar o papel dos CIM como recurso de primeira acollida.

En canto a recursos humanos, reforzar o carácter multidisciplinario dos equipos profesionais que teñen competencia.

EIXE 8

3.8.5. Iniciativas de referencia



Mesa de violencias LGBTfóbicas, 15 de febreiro de 2023, no Consello da Cultura Galega

Observatorio Coruñés contra a LGBTfobia. Posto en marcha por ALAS, é un servizo de asesoramento e acompañamento específico que, ao mesmo tempo, desenvolve un proxecto de prevención e formación dirixido a espazos educativos, empresariais etc. As memorias de actividade do servizo desde a súa posta en marcha en 2017 son públicas e están dispoñibles na súa páxina web. Como exemplo da escala do servizo, en 2022 fixeron 330 atencións a 220 persoas diferentes; no marco destas atencións, rexistraron 68 incidentes de odio, dos cales 58 poden ser considerados como agresións cara á comunidade LGBT+ galega. Esta práctica pode indicarnos o camiño que seguir no deseño dun modelo administrativo de intervención e acompañamento.

Programa Vagalume. Traballa con mulleres en situación de prostitución e con vítimas de trata por motivos de explotación sexual. É un exemplo da atención a mulleres con alta vulnerabilidade, entre as que destacan as mulleres trans en situación irregular.



3.8.6. Recomendacións

A erradicación das violencias LGBTfóbicas necesita dun compromiso de toda a sociedade, mais no proceso de mellora da vida e de redución da vulnerabilidade social propónse o seguinte:

A

Elaboración dun plan de formación completo de todos os profesionais que interveñen no proceso de detección, denuncia, acompañamento e restauración dunha persoa que sofre violencia LGBTfóbica. Este plan prestará especial atención á detección e eliminación da vitimización secundaria que forzas e corpos de seguridade, operadores xurídicos ou persoal sanitario poida provocar no desenvolvemento das súas funcións. A formación presencial será a prioritaria.

B

Elaboración dun mapa de recursos completo e accesible, que incluíra os recursos existentes no ámbito das organizacións e colectivos, a escala municipal, galega e estatal, que operan no territorio galego.

C

Creación, no seo da Administración galega, dun espazo de contacto entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e o tecido asociativo co fin de mellorar os indicadores asociados aos delitos de odio e ás violencias LGBTfóbicas e facer mellor as intervencións.

D

Promoción, por parte da Administración galega, dun proceso de formación a través de convenios (ou do medio que se considere oportuno) no ámbito da avogacía, co fin de mellorar o acompañamento ás vítimas.

E

Elaboración dunha guía rápida para axudar na denuncia dos delitos de odio por LGBTfobia. Esta guía centrará a súa atención no ámbito xurídico e policial e prestará especial atención ao proceso xudicial.

EIXE 8

F

Elaboración dun plan galego para a prevención e o acompañamento das persoas que sofren violencias LGBTfóbicas. Este plan contará cunha perspectiva multidisciplinaria, coa voz e a experiencia dos colectivos, coas familias e coa mobilización de recursos e orzamentos necesarios para desenvolvelo. Un dos obxectivos do plan debe ser crear redes de apoio estables.

G

Creación dunha figura de mediación propia que supere a mediación familiar, que en moitos casos non se considera a vía axeitada.

H

Elaboración dun código ético para o tratamento das noticias nos medios de comunicación. Promoción da figura de correspondente de xénero e diversidade nos medios de comunicación para que en caso de dúbidas exista unha persoa de referencia.


I

Iniciación dos traballos para concretar o ámbito de actuación e a relación coa Valedoría do Pobo da «autoridade independente para a igualdade de trato e a non-discriminación», creada pola Lei estatal 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non-discriminación.

L

O modelo de centros específicos desenvolvidos nas cidades de Pontevedra e A Coruña abre un debate importante e determinante no futuro sobre o papel dos CIM e o modelo administrativo de atención e acompañamento de futuro. Por isto, propónse a creación dunha comisión de expertas e expertos que analice a situación dos centros de atención e a súa eventual relación co 028 para propoñer un modelo homoxeneizado no territorio galego que non discrimine as persoas nin pola idade nin polo lugar de residencia.

Como conclusión, ante as necesidades detectadas e as propostas formuladas, propónse a elaboración dunha lei integral galega para a prevención, o tratamento e a erradicación das violencia LGBTfóbicas que recolla os puntos anteriores e supla as carencias que presenta a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.



CONCLUSIONES E RECOMENDACIONES

CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

Tal como se explicitou na introdución deste informe, optouse por establecer unha estrutura que permitise á persoa lectora visualizar en cada eixe as conclusións e recomendacións sobre esa materia abordada en concreto. Non obstante, considérase de interese facer unha pequena síntese de conxunto a modo de ramo final deste traballo.



Mesa de violencias LGBTfóbicas, 15 de febreiro de 2023, no Consello da Cultura Galega

Tres son as conclusións finais que atinxen a todos os eixes.

1

A primeira refírese á importancia de fotografar a realidade, de ter datos que visibilicen os obstáculos que aínda se deben eliminar na sociedade galega para garantir o acceso en igualdade aos servizos e recursos para todas as persoas LGBTI+. Este informe bota luz sobre unha escolma de áreas e deixa entrever a pertinencia de que as administracións comprometan orzamentos e recursos humanos para detectar necesidades e realidades armarizadas, en moitas ocasións pola propia desconfianza e resistencia que as institucións xeran.

2

A segunda conclusión, moi relacionada coa anterior, refírese á necesidade de formación das profesionais. O tema da formación agroma en todo o informe como un aspecto que ter en conta de xeito urxente. Así, en todos os eixes se recolle a necesidade de elaborar plans formativos que valoren a presencialidade e o contacto humano da formación. Constátase que a formación debe concibirse como sensibilización e concienciación, isto é, que sexa capaz de escoitar as necesidades das persoas LGBTI+ e trasladar ás profesionais protocolos e servizos, mais tamén a empatía necesaria para fuxir da violencia institucional que en demasiadas ocasións atravesas as administracións.

3

A terceira conclusión xeral refírese ás medidas destinadas a crear recursos e programas propios, sen perder de vista a súa necesaria transversalidade. A perspectiva da diversidade e a disidencia sexual debe percorrer as políticas públicas na procura de eliminar a discriminación e fomentar a igualdade de trato. Non obstante, coa vista posta neste horizonte de futuro, débense garantir os servizos, programas e recursos que dean solucións ás necesidades das persoas LGBTI+.

Todos os eixes abordados no informe forman a rede mínima para unha vida de calidade. Así, no inicio da vida o espazo educativo, de lecer e deportivo son fundamentais para unha formación plena. Os ámbitos laboral, sociosanitario e de participación son básicos para fomentar a autonomía adulta e o acompañamento das persoas que o necesiten. Por último, a cultura debe ser un motor de revolución social que elimine os prexuízos que aniñan nas experiencias máis cotiás. Polo tanto, no deseño dunha política pública con perspectiva LGBTI+, considerase necesario desenvolver todos estes ámbitos de xeito coordinado.

Neste punto, débese sinalar a importancia de establecer un debate sobre o modelo administrativo para o futuro. Neste informe detéctase a necesidade de comparar os modelos existentes (CIM e outros espazos especializados) co obxectivo de coordinar os servizos e, deste modo, melloralos.

Por todo o anterior, como recomendación xeral, establécese a pertinencia de que a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, sexa cumprida e dotada do orzamento necesario, sen que isto impida poder actualizala para incluír novas realidades ou cuestións que non están recollidas, como poden ser as referidas ás violencias LGBTfóbicas.

CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS



PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Incrementar a comunicación e colaboración entre institucións e asociacións, transversalizándoa alén das áreas de Igualdade.

Incrementar o financiamento e os recursos aos colectivos para garantir así o labor asistencial que exercen.



CULTURA

Elaborar guías de boas prácticas que faciliten un maior desenvolvemento de accións culturais con representación do colectivo LGBT+ e que adopten unha perspectiva respectuosa coa diversidade sexual e de xénero.

Aumentar a participación de colectivos, activistas e creadores culturais locais na confección e desenvolvemento das programacións.

Priorizar a provincia de Ourense.

Garantir a aplicación do artigo 28 da Lei 2/2014 a través de partidas orzamentarias específicas.




MEMORIA E PENSAMENTO

Apoiar desde as institucións e universidades galegas o desenvolvemento de proxectos de investigación centrados en mellorar o coñecemento sobre a diversidade sexual e de xénero, á vez que atallar a discriminación histórica que sofre.

Introducir unha perspectiva respectuosa coa diversidade sexual e de xénero nos plans de orientación docente.

Impulsar un centro de documentación galego e plans específicos de divulgación que poñan en valor na sociedade a memoria da disidencia sexual en Galicia, á vez que faciliten a investigación e difusión desta memoria.

Ampliar a Lei 2/2014 para que recolla a necesidade de contar con seccións específicas sobre temáticas LGBT+ nas bibliotecas públicas de Galicia.



EDUCACIÓN

Realizar informes, estatísticas e estudos, protocolos, guías e ferramentas que aborden a diversidade sexual e de xénero, con datos sobre a situación das persoas LGBT+ no contexto galego.

Incorporar aos currículos escolares a perspectiva da diversidade sexual e de xénero en todas as etapas educativas.

Promover unha estratexia articulada de formación continua de todos os axentes da comunidade educativa en diversidade sexual e de xénero, incluída a inspección educativa.

Crear o papel de responsable de diversidade sexual e de xénero nos centros educativos, coa especificación do axente responsable e a definición das súas tarefas.



DEPORTES

Fomentar deportes inclusivos e modelos deportivos que inclúan corpos diversos afastados do canon e da norma.


Crear espazos seguros e de recoñecemento e visibilidade, con especial fincapé na avaliación e transformación das instalacións e infraestruturas deportivas.

Establecer códigos éticos que regulen a participación de persoas disidentes sexuais nas competicións deportivas e tamén para que as empresas de patrocinios vinculadas ao deporte non exerzan e reproduzan violencias.

Incorporar contidos e programas educativos en favor da diversidade sexual e de xénero no deporte.

Actualizar a Lei 3/2012, do deporte de Galicia, para incluír aspectos LGBTI+ a través de artigos semellantes aos da nova lei estatal.

CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS



SANIDADE

Establecer protocolos sanitarios específicos para o colectivo LGBTI+.

Implementar políticas sociosanitarias destinadas ao colectivo en materia de saúde mental.

Crear programas específicos de asistencia sanitaria ao colectivo LGBTI+ a escala municipal e galega, coa súa correspondente dotación orzamentaria.

Realizar campañas de saúde que fomenten a inclusión da diversidade sexual.

Humanizar os coidados de saúde: máis empatía, menos medicalización e maior perspectiva comunitaria.




SERVIZOS SOCIAIS

Elaborar un mapa de recursos sociais e unha guía de actuación para os servizos sociais desde a perspectiva da diversidade sexual e de xénero.

Establecer un criterio para Galicia relativo ás dotacións mínimas de persoal para atender as persoas LGBTI+ segundo territorio e idade.

Elaborar un protocolo para incorporar a perspectiva da identidade e a disidencia sexual nos centros de día e nas residencias de maiores.

Actualizar a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.



LABORAL

Promover a colaboración de asociacións empresariais con sindicatos e organizacións LGBTI+ para un mellor coñecemento e sensibilización sobre a situación das persoas LGBTI+ no traballo.

Elaborar unha guía contra a transfobia no ámbito laboral.

Elaborar material específico sobre a xestión da diversidade dentro do colectivo LGBTI+ para integralo nos protocolos de violencia e acoso sexual no traballo.

Contar, nos convenios sectoriais, coa presenza expresa das situacións de discriminación e acoso e con protocolos de actuación por LGBTfobia, para unha maior protección nas pemes.

Crear un apartado de denuncias por discriminacións e acoso LGBTI+ dentro da Dirección Xeral de Relacións Laborais que permita xerar coñecemento da situación.



VIOLENCIAS LGBTFÓBICAS


Elaborar un plan de formación completo de todos os profesionais que interveñen no proceso de detección, denuncia, acompañamento e restauración dunha persoa que sofre violencia LGBTfóbica.

Elaborar un mapa de recursos completo e accesible, que incluíra os recursos existentes no ámbito das organizacións e colectivos, a nivel municipal, galego e estatal, que operan no territorio galego.

Elaborar unha guía rápida para axudar na denuncia dos delitos de odio por LGBTfobia. Esta guía centrará a súa atención no ámbito xurídico e policial e prestará especial atención ao proceso xudicial.

Elaborar un plan galego para a prevención e o acompañamento das persoas que sofren violencias LGBTfóbicas. Este plan contará cunha perspectiva multidisciplinaria, coa voz e a experiencia dos colectivos, coas familias e coa mobilización de recursos e orzamentos necesarios para desenvolvelo.

Elaborar unha lei integral galega para a prevención, o tratamento e a erradicación das violencia LGBTfóbicas ou modificar a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, co obxectivo de suplir as carencias detectadas no referido ás violencias LGBTfóbicas.



ANEXOS

- A** Mapa de axentes
- B** Glosario
- C** Cuestionario inicial
- D** Referencias bibliográficas

A continuación presentamos un mapa de axentes que foi construído no proceso participativo e que responde á pregunta de que actores teñen ou poderían ter competencia ou responsabilidade no ámbito das políticas públicas LGBT+ por eixe temático.

INSTITUCIÓNS					
	LOCAIS	PROVINCIAIS	ACADÉMICAS	AUTONÓMICAS	ESTATAIS
CULTURA	Áreas de Igualdade e Diversidade dos concellos	Áreas de Igualdade das deputacións provinciais Rede Museística Provincial de Lugo		CGAC Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)	
DEPORTES		Áreas de Deportes das deputacións provinciais	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo Servizo de Deportes da Universidade de Santiago de Compostela	Secretaría Xeral para o Deporte Consellería de Educación	
MEMORIA E PENSAMENTO	Concellerías de Cultura Concellería de Igualdade de Santiago de Compostela - Premios Xohana Torres de Investigación e Ensaio	Rede de Museos de Lugo Departamentos de Memoria das deputacións de Pontevedra e Lugo	Vicerreitorías das universidades Oficinas de Igualdade das universidades Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo Proxecto Bibliodiversidade da Universidade da Coruña		
SANIDADE	FEGAMP		Universidades e centros docentes de medicina familiar e comunitaria Ramas sanitarias Facultade de Medicina Escolas de Enfermería	Valedoría do Pobo Centros de Saúde Unidades de Enfermidades Infecciosas e de Endocrinoloxía Coordinación dos Servizos de Urxencias dos distintos hospitais Coordinadores do Servizo de Atención Primaria Unidade Centralizada de Atención á Transexualidade	Delegación do Goberno
EDUCACIÓN	CIM Concellos	Área de Igualdade das deputacións da Coruña e Pontevedra Deputación de Ourense	SUG (Sistema Universitario de Galicia) Investigadoras especializadas Asociación de Decanas	Consellería de Educación Inspección Educativa Querote+ Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)	Subdelegación do Goberno

/ Mapa de axentes

COLECTIVOS / ACTIVISTAS

ENTIDADES ESPECIALIZADAS

Avante LGBT+
Ninguén Sen Coidados
Agrocuir
Colectivo Diverso do Morrazo (CODIMO)

Colectivo Vacaburra
A muller de 6 ollos
Raquel Reas, Nuria Vil, Antía Balbís

Editoriais galegas
Erregueté. Revista Galega de Teatro

Atlántigas
Avante LGBT+
ALAS A Coruña
Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+
Chrysallis Galicia
Joaquín Piedra de la Cuadra
Sara Romero
Antía Fernández

Clubs federados – Federacións
Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA)
Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE)
Fundación Deporte Galego
Asociacións ou entidades que xestionan as entidades e instalacións
Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF)

Patricia Portopaderne e Mon Vilar, da librería Lila de Lilith
Luz Fandiño, Goretti Sanmartín, Mercedes Peón, Jorge Marín, Lara Rozados, Lorena Souto, Mario Regueira, Carlos Callón, María Xesús Nogueira, Teresa Moure, Carlos Valcárcel, Pablo Andrade, Nanina Santos, Beatriz Suárez Briones, Fito Ferreiro, Laura Bugalho, Antón Lopo, María Reimóndez, Daniela Ferrández

Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+
Agrocuir
Fundación 26 de Decembro
Revista *Andaina*
Maribolheras Precárias - revista
Grupos de non-monogamias de Santiago de Compostela e Ourense

Asociación Galega para a Recuperación da Memoria Histórica

Sociedades científicas (atención primaria e saúde mental)
Sindicatos médicos
Colexios profesionais de medicina, enfermería, traballo social, psicoloxía e psiquiatría

ARELAS
Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+
Nós Mesmas
Avante LGBT+

CONFAPA
Asociación de Profesionais en Pedagogía
APAIOGA
Erguer
COP
Asociación de Directoras de Centros Educativos
Asociacións estudiantís
Equipos de Orientación Educativa
Centros de Formación do Profesorado

Glosario elaborado atendendo fundamentalmente ao *Glosario de términos sobre diversidad afectivo sexual* do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad (2018), o glosario do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) *Promoviendo los derechos humanos y la inclusión de las personas LGBTI: un manual para los parlamentarios y las parlamentarias* (2017), e o glosario de Rainbow - Rights Against Intolerance: Building an Open-minded World (2018).

A

ANDROCENTRISMO

Emprego da perspectiva masculina como única posible e, por tanto, universal. É un punto de vista nesgado que só ten en conta as experiencias dos homes, invisibilizando así as mulleres. O androcentrismo toma o home como medida de todas as cousas, de forma que exclúe as mulleres dos discursos e da vida social.

ARMARIO (ESTAR, SAÍR)

Termo utilizado para indicar que unha persoa mantén oculta a súa orientación sexual ou identidade de xénero.

ASEXUAL

Orientación sexual dunha persoa que non sente atracción erótica cara a outras persoas. Pode relacionarse afectiva e romanticamente.

B

BIFOBIA

Temor, anoxo irracional, negación da súa existencia, intolerancia e/ou odio cara á bisexualidade e ás persoas bisexuais. A fobia pode darse entre persoas heterosexuais, gays, lesbianas ou bisexuais, e adoita estar relacionada con numerosos estereotipos negativos sobre as persoas bisexuais centrados na crenza de que a

bisexualidade non existe e na xeneralización de que as persoas bisexuais son promiscuas.

BINARIO

Concepción, prácticas e sistema de organización social xerárquico que parte da idea de que soamente existen dous xéneros nas sociedades —feminino e masculino— asignados ás persoas ao nacer.

BISEXUALIDADE

Orientación sexual na que unha persoa sente atracción por ambos os sexos, mulleres e homes.

C

CHEMSEX

Consumo intencionado de drogas para ter relacións sexuais por un período longo de tempo («sesións» de varias horas ou días). Practícanos fundamentalmente homes gays e bisexuais, así como outros homes que manteñen relacións sexuais con homes.

CISHETERONORMATIVIDADE

Tipo de construción social que se presenta como un modelo único de relación sexoafectiva e parental e que establece vantaxes para as persoas que se rexen por este sistema.

CISXÉNERO

Termo que designa a persoa cuxo sexo de nacemento encaixa coa súa identidade sexual.

D

DELITOS DE DISCRIMINACIÓN OU ODIO

Toda infracción penal, incluídas as infraccións contra as persoas e a propiedade, cando a vítima, o lugar ou o obxecto da infracción son seleccionados a causa da súa conexión, relación, afiliación, apoio ou pertenza real ou suposta a un grupo que poida estar baseado na «raza», a orixe nacional ou étnica, o idioma, a cor, a relixión, a idade, a disfunción física ou mental, a orientación sexual ou outros factores similares, xa sexan reais ou supostos (definición dada polo Comité de Ministros/as da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa —OSCE— en decembro de 2003).

DEREITOS LGBTI(+)

A igualdade e a non-discriminación son principios básicos das normas internacionais de dereitos humanos. Toda persoa, sen distinción, ten dereito a gozar de todos os dereitos humanos, incluídos o dereito á igualdade de trato ante a lei e o dereito a ser protexido contra a discriminación por diversos motivos, entre eles a orientación sexual e a identidade de xénero. As comunidades de persoas lesbianas, gais, bisexuais, transxénero e intersexuais son vulnerables a unha serie de violacións de dereitos humanos, incluída a violencia homofóbica e transfóbica, o asasinato, a violación, a detención arbitraria e a discriminación xeneralizada no seu lugar de traballo, así como a discriminación con relación ao acceso a servizos básicos como a vivenda e a asistencia sanitaria. Máis recentemente, fóronse incorporando outras realidades á diversidade como a asexualidade, as realidades non binarias e as diversas actitudes políticas, sentimentais e de orientación, que configuran un extenso panorama de realidades e sensibilidades persoais amparadas co signo +.

DEREITOS SEXUAIS E REPRODUTIVOS

Dereito de todas as persoas a ter control respecto da súa sexualidade e a decidiren libre e responsablemente sen verse suxeitas a coerción, discriminación e violencia; e dereito de todas as parellas e individuos a decidir de maneira libre e responsable o número e momento da súa descendencia e a dispoñer da información, a educación e os medios para iso, así como a alcanzar o nivel máis elevado de saúde sexual e reprodutiva.

DISIDENCIAS SEXUAIS

Termo que fai referencia a aquelas maneiras de vivir que cuestionan as normas imperantes sobre o xénero e a sexualidade e que reivindicán formas alternativas á visión hexemónica.

DIVERSIDADE

Enfoque da igualdade que persegue poñer en valor as diferenzas e a pluralidade entre as persoas.

DIVERSIDADE SEXUAL

Termo relativo á gama completa da sexualidade, que inclúe todos os aspectos da atracción, o comportamento, a identidade, a expresión, a orientación, as relacións afectivas e as relacións sexuais. Refírese a todos os aspectos dos seres humanos como seres sexuados.

E

ESTEREOTIPO

Percepción esaxerada e con poucos detalles, simplificada, que se ten dunha persoa ou grupo de persoas que comparten certas características, calidades e habilidades. Polo xeral, os estereotipos son negativos. Normalmente, agárdase que os nenos e as nenas se atean aos estereotipos de xénero.

ESTIGMA

Proceso mediante o cal se atribúe a unha persoa —ou grupo de persoas— unha característica que a desprestixia de cara aos demais.

EXPRESIÓNS DE XÉNERO

Manifestación dos roles de xénero como muller ou home (ou ambos ou ningún deles) a través do comportamento, a indumentaria, o peiteado, a voz, os trazos físicos etc. Está condicionada polas expectativas sociais de xénero. Non ten por que ser fixa nin coincidir co sexo, a identidade de xénero ou a orientación sexual da persoa.

G

GAI

Home que sente atracción emocional ou física por outros homes.

H

HETERO

Termo coloquial para nomear as persoas heterosexuais.

HETERONORMATIVIDADE

Norma social que parte de que todo o mundo é heterosexual.

HETEROSEXISMO

Presunción de que todo o mundo é heterosexual. O heterosexismo institucionalizado está profundamente arraigado na sociedade e é sistemático ou estrutural; provoca que as persoas LGBTI+ se sintan invisibles ou illadas.

HETEROSEXUAL

Que se sente emocional ou fisicamente atraído por membros do sexo oposto.

HOME TRANS

Persoa que ao nacer foi asignada ao xénero feminino e que se identifica a si mesma nalgún punto do espectro da masculinidade, calquera que sexa o seu status transicional e legal, a súa expresión de xénero e a súa orientación sexual.

HOMOFOBIA

Medo irracional, odio, intolerancia, prexuízo ou discriminación contra as persoas homosexuais. Pódese manifestar como abuso verbal, emocional, físico ou sexual contra gais, lesbianas e bisexuais.

HOMOSEXUAL

Termo xenérico que designa a alguén que xeralmente se sente atraído física/ emocionalmente por persoas do mesmo sexo. Pode aludir tanto a mulleres lesbianas como a homes gais.

I

IDENTIDADE(S) DE XÉNERO

Identificación de cada persoa no xénero que sente, reconece e/ou nomea como propio. Ao afastarnos do sistema binario da diferenza sexual, é posible atopar identidades de xénero diversas.

IGUALDADE

Concepto segundo o cal todas as persoas deben ser tratadas igual e recibir os mesmos dereitos políticos, económicos, sociais e civís, independentemente da súa raza, discapacidade, idade, orientación sexual, xénero, relixión, ideoloxía etc. Trátase dun principio que debe formar parte de todas as actuacións públicas nos Estados democráticos; ademais, é un dereito fundamental de todas as persoas.

INTERSEXUALIDADE

Situación en que a anatomía ou fisioloxía sexual dunha persoa non se axusta completamente aos estándares definidos para os dous sexos que culturalmente foron asignados como masculino e feminino. Existen diferentes estados e variacións de intersexualidade.

L

LESBIANA

Palabra que se usa para describir unha muller que sente atracción emocional ou física por mulleres.

LESBOFOBIA

Rexeitamento, discriminación, invisibilización, burlas e outras formas de violencia baseadas en prexuízos, estereotipos e estigmas cara ás mulleres lesbianas ou que son percibidas como tales, cara ás súas identidades sexuais ou cara ás prácticas sociais identificadas comolésbicas.

LGBTFOBIA

Calquera tipo de ideación, actitude ou conduta violenta e/ou discriminatoria cara ás persoas LGBT+.

LGBTIQ+

Acrónimo de lesbianas, gais, bisexuais, trans, intersexuais, *queer* e outras identidades e orientacións.

M

MULLER TRANS

Persoa que ao nacer foi asignada ao xénero masculino e que se identifica a si mesma nalgún punto do espectro do feminino, calquera que sexa o seu status transicional e legal, a súa expresión de xénero e a súa orientación sexual.

O

ORIENTACIÓN SEXUAL OU SEXUALIDADE

Atracción emocional, romántica e/ou sexual cara a persoas do mesmo sexo ou do sexo oposto, así como falta de interese ou atracción sexual (asexualidade).

Q

QUEER

Corrente de pensamento, que se expresou nun movemento social (con presenza especialmente nos Estados Unidos a partir dos anos oitenta e noventa), que busca

potenciar a diversidade humana en sentido amplo e que foxe das identidades fixas ou estáticas mediante a defensa da versatilidade e variedade das potencialidades humanas.

S

SEROFOBIA

Prexuízo, medo, rexeitamento e discriminación cara a persoas seropositivas. As persoas que viven con VIH poden enfrontarse á desigualdade de trato tanto social como institucionalmente.

SEXUALIDADES NON-NORMATIVAS

Diferentes formas de vivir a sexualidade que saen do modelo de sociedade heteronormativa, no que a asignación binaria do xénero como home ou muller conduce a unha falta de elección posible en canto ao comportamento social e sexual, e no que é requisito que as persoas sintan e expresen desexo soamente por outras do xénero oposto.

T

TRANS

Termo que se utiliza para referirse ás persoas cuxa identidade e/ou expresión de xénero non se corresponde coas normas e expectativas sociais tradicionalmente asociadas co seu sexo asignado ao nacer.

TRANSEXUAL

Adxectivo (aplicado a miúdo pola profesión médica e recollido na lexislación) para describir as persoas que buscan cambiar ou que cambiaron os seus caracteres sexuais primarios e/ou as súas características sexuais secundarias a través de intervencións médicas (hormonación e/ou cirurxía) para feminizarse ou masculinizarse. Estas intervencións, polo xeral, acompañanse dun cambio permanente no papel de xénero.

TRANSFOBIA

Prexuízo dirixido ás persoas trans debido á súa identidade ou expresión de xénero real ou percibida. Pode ser estrutural, é dicir, manifestarse en políticas, leis e acordos socioeconómicos que discriminan as persoas trans, e tamén pode ser social, cando as persoas trans son rexeitadas polos demais. En definitiva, odio, medo,

intolerancia, discriminación ou prexuízo irracional que pode manifestarse en forma de abuso verbal, emocional, físico ou sexual contra as persoas trans.

TRANSICIÓN/TRANSICIONAR

Período durante o cal unha persoa transxénero empeza a vivir segundo o xénero co que se identifica. A transición pode incluír cambiar de nome, tomar hormonas, someterse a cirurxía e cambiar os documentos legais para reflectir o seu xénero de acordo co seu sentir. É preferible usar «transición» e non «cambio de sexo» ou «operado/a». Unha persoa pode ser trans sen que realizase a transición ou sen que teña un plan ou desexo de facelo.

TRANSXÉNERO

Persoa cuxa identidade ou expresión de xénero rexeita o sexo asignado ao nacer. Débese utilizar o termo que a persoa utilice para describirse a si mesma (dereito de autodeterminación), pois non todas as persoas transxénero alteran os seus corpos con hormonación ou cirurxías.

/ Cuestionario inicial

ESTRUTURA DO CUESTIONARIO INICIAL

Presentamos a continuación os grandes bloques de contido que se abordaron no cuestionario inicial dirixido aos colectivos LGBT+ galegos.

1

Perfil do colectivo ou asociación

- Forma xurídica
- Ano de creación
- Nº de persoas socias
- Persoal técnico asalariado
- Nº aproximado de persoas que adoitan participar
- Ámbitos de traballo
- Tipos de proxectos, servizos e recursos
- Públicos obxectivos de proxectos, servizos e recursos
- Ámbito xeográfico de actuación
- Recursos anuais
- Procedencia dos recursos

2

Traballo en rede

- Nº de colectivos ou asociacións cos que se adoita colaborar
- Ámbito xeográfico dos colectivos cos que se traballa en rede
- Ámbitos de traballo dos colectivos cos que se traballa en rede
- Estratexias de colaboración

3

Espazos institucionais de participación

- Participación nun espazo ou organismo oficial
- Ámbito xeográfico dos espazos oficiais nos que se participa
- Estratexias concretas de participación
- Nivel de satisfacción da participación nos espazos institucionais
- Nivel de interese en participar nestes espazos
- Dificultades ou barreiras que se interpoñen na participación nestes espazos

4

Participación nas políticas públicas

- Nivel de satisfacción respecto ás canles participativas existentes
- Nivel de participación en procesos colaborativos de formulación de políticas públicas

5

Grao de acordo e desacordo con relación a enunciados que encaixan nos eixes temáticos que abordaron nas mesas de traballo temáticas

- Enunciados sobre violencias LGBTfóbicas
- Enunciados sobre educación
- Enunciados sobre sanidade e saúde
- Enunciados sobre laboral
- Enunciados sobre interseccionalidade

/Referencias bibliográficas

ABAD, T. / M. G. GUTIÉRREZ (2021): *Hacia centros de trabajo inclusivos. La discriminación de las personas LGTBI en el ámbito laboral en España*, Madrid, UGT.

ALIAGA, J. V. / E. LEBOVICI / M. OLIVEIRA / C. LORD / J. PASTOR MELLADO (2009): *En todas partes. Políticas da diversidade sexual na arte*, Santiago de Compostela, CGAC.

AMARELO MONTERO, D. (coord.) (2020): *Nós xs inadaptadx: Representações, desejos e histórias LGTBI na Galiza*, Santiago de Compostela, Através Editora.

ASOREY, D. (2022): *Transmatría*, Vigo, Xerais.

AXENCIA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS DA UNIÓN EUROPEA (FRA) (2014): *EU LGBT Survey: European Union lesbian, gay, bisexual and transgender survey. Main results*, Luxemburgo, FRA.

AXENCIA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS DA UNIÓN EUROPEA (FRA) (2020a): *A long way to go for LGBTI equality*, Viena, FRA.

AXENCIA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS DA UNIÓN EUROPEA (FRA) (2020b): *European Union lesbian, gay, bisexual and transgender survey. Results at a glance*, Viena, FRA.

BARD WIGDOR, G. / P. BONAVITTA (2021): «Feminismos decoloniales y saberes plurales anfibios en el Capitalismo Neo-extractivista», *Sul-Sul, Revista de Ciências Humanas e Sociais*, 1:3, 6-24.

BUXÁN, X. M. (2017): *Bañistas. Fotografía encontrada (1880-1963)*, Santiago de Compostela, CGAC.

COLL-PLANAS, G. / M. MISSÉ (2018): «Identificación de los factores de inserción laboral de las personas trans. Exploración del caso de la ciudad de Barcelona», *OBETS. Revista de Ciencias Sociales*, 13:1, 45-68.

CONNELL, R. W. (1995): *Masculinities*, Cambridge, Polity Press.

CONNELL, R. W. / J. W. MESSERSCHMIDT (2005): «Hegemonic Masculinity: Rethinking the concept», *Gender & Society*, 19:6, 829-859.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (2022): *A diversidade no contorno laboral: estudo sobre a situación laboral das persoas LGTBI en Galicia*. Documento de traballo.

DENISON, E. / A. KITCHEN (2015): *Out on the Fields: The first international study on homophobia in sport*, Stamford, Repucom.

FERNÁNDEZ PARADAS, A. R. (2017): «Patrimonios invisibles. Líneas de investigación desde la perspectiva de género y la recuperación de la memoria LGBT», *Vivat Academia. Revista de Comunicación*, 141, 115-137.

GIL-BORRELLI, C. et al. (2017): «Hacia una salud pública con orgullo: equidad en la salud en las personas lesbianas, gais, bisexuales y trans en España», *Gaceta Sanitaria*, 31:3, 175-177.

GÓMEZ, A. et al. (2012): *Informe de resultados de la investigación: «Acoso escolar homofóbico y riesgo de suicidio en adolescentes y jóvenes LGB»*, Madrid, FELGTB / COGAM.

GÓMEZ HERNÁNDEZ, J. A. / J. PÉREZ IGLESIAS (2017): «Cultura LGTBI en las bibliotecas públicas españolas. Diálogo a propósito de las nuevas leyes de igualdad», *Anuario ThinkEPI*, 11, 95-108.

GRAVES, K. (2012): «So, You Think You Have a History?: Taking a Q from Lesbian and Gay Studies in Writing Education History», *History of Education Quarterly*, 52:4, 465-487.

GROSFUGUEL, R. (2016): «Del “extractivismo económico” al “extractivismo epistémico” y al “extractivismo ontológico”: una forma destructiva de conocer, ser y estar en el mundo», *Tábula Rasa*, 24, 123-143.

HATZENBUEHLER, M. L. *et al.* (2019): «Health Status of the LGBT Population in Primary Care: A Secondary Analysis of the 2013-2014 National Health Interview Survey», *Journal of General Internal Medicine*, 34:11, 2297-2304.

LÓPEZ GÓMEZ, I. / G. TOBALINA (2022): *Estudio sobre las necesidades y demandas de las personas no binarias en España*, Madrid, Ministerio de Igualdad.

MARSHALL, D. (2016): *Queer Youth Histories*, Londres, Palgrave MacMillan.

NUNES, A. / Á. LEMA (2023): *O cento voando. Amores, alianzas e non-monogamias*, Vigo, Xerais.

PÉREZ LEMA, X. A. (2020): *Quando grupos vulneráveis são feridos. A figura jurídica dos delitos de ódio*, Santiago de Compostela, Através Editora.

PIEDRA, J. / R. GARCÍA-PÉREZ / A. CHANNON (2017): «Between Homophobia and Inclusivity: Tolerance towards sexual diversity in sport», *Sexuality and Culture*, 21:4, 1018-1039.

PIEDRA, J. / A. R. RODRÍGUEZ SÁNCHEZ / F. RIES / G. RAMÍREZ MACÍAS (2013): «Homofobia, heterosexismo y Educación Física: percepciones del alumnado», *Profesorado*, 17:1, 325-338.

PIERI, M. (2023): *LGBTQ+ People with Chronic Illness. Chroniqueers in Southern Europe*, Londres, Palgrave MacMillan.

SANTOS, A. C. (2006): «Entre a academia e o activismo: Sociologia, estudos queer e movimento LGBT em Portugal», *Revista Crítica de Ciências Sociais*, 76, 91-108.

VENTURA, R. (2016): «Tendencias de investigación sobre la heteronormatividad en los medios de comunicación», *Opción. Revista de Ciencias Humanas y Sociales*, 10, 932-952.

VV. AA. (2009): *Familiar Feelings. On the Boston Group*, Santiago de Compostela, CGAC.

/ Recursos en liña

ALISES, C. (2020): *Guía rápida para víctimas de delitos de odio por lgtbifobia*, Madrid, Ministerio de Igualdad.

https://www.igualdad.gob.es/ministerio/dglgtbi/Documents/Guia_Breve_Victimas_Delitos_de_Odio_LGTBifobicos.pdf

AXENCIA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS DA UNIÓN EUROPEA (FRA) (2014): *EU LGBT Survey: European Union lesbian, gay, bisexual and transgender survey. Main results*, Luxemburgo, FRA.

https://fra.europa.eu/sites/default/files/fra-eu-lgbt-survey-main-results_tk3113640enc_1.pdf

CENTRO DE ESTUDOS SOCIAIS, UNIVERSIDADE DE COIMBRA (2022): *Factor Q (2022-2023). Investigação LGBTQI+ no Centro de Estudos Sociais CES-UC*.

https://ces.uc.pt/ficheiros2/sites/gps/files/Fator%20Q%202022_final_VersaoPDFSimples_10a-bril2023.pdf

COMISIÓN EUROPEA (2015): *Special Eurobarometer 437. Discrimination in the EU in 2015*.

<https://europa.eu/eurobarometer/screen/home>

FEDERACIÓN ESTATAL DE LESBIANAS, GAIS, TRANS Y BISEXUALES (FELGTB) (2019): *Informe 2019. Mayores LGTBI: Historia, Lucha y Memoria*.

https://somoslgtb.files.wordpress.com/2019/12/informe_mayoreslgtbi.pdf

FEDERACIÓN ESTATAL DE LESBIANAS, GAYS, TRANS Y BISEXUALES (FELGTB) (2020): *Informe 2020. Realidad del alumnado trans en el sistema educativo*.

https://felgtbi.org/wp-content/uploads/2021/02/RealidadAlumnadoTransSistemaEducativo_FELGTB2020.pdf

GARCÍA-MINGO, E. / S. DÍAZ FERNÁNDEZ (2022): *Jóvenes en la Manosfera. Influencia de la misoginia digital en la percepción que tienen los hombres jóvenes de la violencia sexual*, Madrid, Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud / Fundación FAD Juventud.

<https://www.adolescenciayjuventud.org/publicacion/jovenes-en-la-manosfera/>

ILGA-EUROPE (2023): *Of the human rights situation of lesbian, gay, bisexual, trans and intersex people in Europe and central Asia*.

<https://www.ilga-europe.org/press-release/deadliest-rise-anti-lgbti-violence-decade>

LÓPEZ GUTIÉRREZ, J. et al. (2021): *Informe sobre la evolución de los delitos de odio en España*, Madrid, Ministerio del Interior.

https://www.interior.gob.es/opencms/pdf/archivos-y-documentacion/documentacion-y-publicaciones/publicaciones-descargables/publicaciones-periodicas/informe-sobre-la-evolucion-de-los-delitos-de-odio-en-Espana/Informe_evolucion_delitos_odio_Espana_2021_126200207.pdf

MINISTERIO DEL INTERIOR (2021): *Guía de buenas prácticas para la denuncia de los delitos de odio*, Madrid, Ministerio del Interior.

<https://www.interior.gob.es/opencms/pdf/servicios-al-ciudadano/Delitos-de-odio/descargas/Guia-de-buenas-practicas-para-la-denuncia-de-los-delitos-de-odio.pdf>

MINISTERIO DEL INTERIOR (2022): *II Plan de acción de lucha contra los delitos de odio 2022-2024*, Madrid, Ministerio del Interior.

<https://www.interior.gob.es/opencms/es/servicios-al-ciudadano/delitos-de-odio/>

MINISTERIO DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES E IGUALDAD (2017): *Las personas LGBT en el ámbito del empleo en España: hacia espacios de trabajo inclusivos con la orientación sexual e identidad y expresión de género*, Madrid, Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

<https://www.inmujeres.gob.es/actualidad/NovedadesNuevas/docs/2017/2017LGBTAmbitode-IEmplo.pdf>

MINISTERIO DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES E IGUALDAD (2018): *Glosario de términos sobre diversidad afectivo sexual*, Madrid, Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. <https://www.sanidad.gob.es/ciudadanos/enfLesiones/enfTransmisibles/sida/docs/glosarioDiversidad110418.pdf>

OBSERVATORIO CORUÑÉS CONTRA A LGTBIFOBIA / ALAS A CORUÑA (2021): *Sacando as cores. Informe 2021 do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia*. <https://corunasenodio.org/wp-content/uploads/2022/10/Informe-2021.pdf>

ORGANIZACIÓN DAS NAÇÕES UNIDAS (ONU) (2015): *Discriminación y violencia contra las personas por motivos de orientación sexual e identidad de género. Informe de la Oficina del Alto Comisionado de las Naciones Unidas para los Derechos Humanos*. <https://www.refworld.org/es/docid/557157c44.html>

ORGANIZACIÓN DAS NAÇÕES UNIDAS (ONU) (2017): *Informe do experto independente sobre a protección contra a violencia e a discriminación por motivos de orientación sexual ou identidade de xénero*. <https://documents-dds-ny.un.org/doc/UNDOC/GEN/G17/095/58/PDF/G1709558.pdf?OpenElement>

ORGANIZACIÓN PANAMERICANA DE LA SALUD (OPS) / ORGANIZACIÓN MUNDIAL DA SAÚDE (OMS) (2018): *CD56/INF/11 Informe del director sobre el abordaje de las causas de las disparidades en cuanto al acceso y la utilización de los servicios de salud por parte de las personas lesbianas, homosexuales, bisexuales y trans*. <https://iris.paho.org/bitstream/handle/10665.2/49649/CD56-INF-11-s.pdf?sequence=2&isAllowed=y>

PROGRAMA DAS NAÇÕES UNIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO (PNUD) / PARLAMENTARIOS PARA A ACCIÓN GLOBAL (PGA) (2017): *Promoviendo los derechos humanos y la inclusión de las personas LGBTI: un manual para los parlamentarios y las parlamentarias*. <https://europa.eu/eurobarometer/screen/home>

RIGHTS AGAINST INTOLERANCE: BUILDING AN OPEN-MINDED WORLD (RAINBOW) (2018): *Glosario de términos LGBT*. <http://www.rainbowproject.eu/material/es/glossary.htm>

RODRÍGUEZ, E. / D. CALDERÓN / S. KURIC / A. SANMARTÍN (2021): *Barómetro Juventud y Género 2021. Identidades, representaciones y experiencias en una realidad compleja*, Madrid, Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud / Fundación de Ayuda contra la Drogadicción. <https://www.adolescenciayjuventud.org/publicacion/barometro-juventud-genero-2021/>

VALEDOR DO POBO (2015): *Galicia. A situación das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Unha análise en Galicia desde o punto de vista do tecido asociativo*. <https://valedordopobo.gal/wp-content/uploads/2015/07/informe-LGBTI-galego-valedor-1507210838.pdf>

Legislación estatal

Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2021-9347>

Ley 4/2015, de 27 de abril, del Estatuto de la víctima del delito

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2015-4606>

Ley 15/2022, de 12 de julio, integral para la igualdad de trato y la no discriminación

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-11589>

Ley 20/2022, de 19 de octubre, de Memoria Democrática

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-17099>

Legislación galega

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2008/20081218/Anuncio5192E_gl.pdf

Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120413/AnuncioC3B0-040412-14490_gl.pdf

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140425/AnuncioC3B0-220414-0001_gl.pdf

Outra lexislación autonómica

Ley 14/2012, de 28 de junio, de no discriminación por motivos de identidad de género y de reconocimiento de los derechos de las personas transexuales (País Vasco)

<https://www.euskadi.eus/web01-bopv/es/bopv2/datos/2012/07/1203067a.pdf>

Llei 11/2014, del 10 d'octubre, per a garantir els drets de lesbianes, gais, bisexuals, transgèneres i intersexuals i per a eradicar l'homofòbia, la bifòbia i la transfòbia (Cataluña)

<https://portaldogc.gencat.cat/utillsEADOP/PDF/6730/1376345.pdf>

Ley 12/2015, de 8 de abril, de igualdad social de lesbianas, gais, bisexuales, transexuales, transgénero e intersexuales y de políticas públicas contra la discriminación por orientación sexual e identidad de género en la Comunidad Autónoma de Extremadura

<https://doe.juntaex.es/eli/es-ex/1/2015/04/08/12/dof/spa/pdf>

Ley 2/2016, de 29 de marzo, de Identidad y Expresión de Género e Igualdad Social y no Discriminación de la Comunidad de Madrid

https://www.bocm.es/boletin/CM_Orden_BOCM/2016/04/26/BOCM-20160426-1.PDF

Ley 8/2017, de 28 de diciembre, para garantizar los derechos, la igualdad de trato y no discriminación de las personas LGTBI y sus familiares en Andalucía

https://www.juntadeandalucia.es/eboja/2018/10/BOJA18-010-00030-245-01_00127784.pdf

Llei 23/2018, de 29 de novembre, de la Generalitat, d'igualtat de les persones LGTBI (Comunitat Valenciana)

https://dogv.gva.es/datos/2018/12/03/pdf/2018_11252.pdf

